



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 81

**Sesión plenaria**  
12 de maio de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

**Punto único.** Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia



## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás once e tres minutos da mañá.*

**Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.** (Continuación.)

*O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona María Monserrat Prado Cores (BNG), e a súa delegación de voto, ao abeiro do disposto no artigo 84.7 do Regulamento da Cámara, na deputada dona Ana Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 4.)

*A continuación, o señor presidente explica a ordenación do debate.* (Páx. 4.)

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 4.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 13.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 22.)*

*Resposta do candidato á Presidencia da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 32.)

*Réplica dos grupos parlamentarios: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 50.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 53.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 56.)*

*Dúplica do candidato á Presidencia da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 59.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta minutos da tarde e retómase ás tres e tres minutos.*

*O señor presidente reinicia a sesión e anuncia que se vai proceder á votación para a elección do candidato á Presidencia da Xunta de Galicia. Así mesmo, lembra que a votación será por chamada e que quedarán para o final os membros do Goberno en funcións e os membros da Mesa. A continuación dálle a palabra á señora secretaria da Mesa para que saque á sorte a letra pola que empezará o chamamento das señoras e dos señores deputados.* (Páx. 65.)

*A señora secretaria (Porro Martínez) saca á sorte a letra, que é o “r”, e procede a efectuar o chamamento.* (Páx. 65.)

*Resultado da votación: votos a favor, 41; votos en contra, 33, e ningunha abstención.* (Páx.67.)

*O señor presidente comunica o resultado da votación e a obtención da maioría absoluta polo candidato. En consecuencia, proclama elixido presidente da Xunta de Galicia a don Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 67.)

*Remata a sesión ás tres e trece minutos da tarde.*



*Retómase a sesión ás once e tres minutos da mañá.*

**Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia. (Continuación.)**

**O señor PRESIDENTE:** Bo día.

Reiniciamos a sesión e, en primeiro lugar, quero comunicar a xustificación de inasistencia e delegación de voto, conforme o disposto no artigo 84.7 do Regulamento, de dona María Monserrat Prado Cores na portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana Pontón Mondelo.

Agora corresponden as intervencións dos grupos parlamentarios, que poderán facer o uso da palabra de menor a maior por un tempo de 35 minutos, de conformidade co acordado pola Mesa e a Xunta de Portavoces o pasado día 5 de maio.

Logo da resposta do candidato, que poderá ser individual ou globalmente, os representantes dos grupos parlamentarios disporán dunha rolda de réplica de 10 minutos e, por último, intervirá o candidato na rolda de réplica ou peche.

Tras o debate e previo anuncio en cumprimento do disposto no artigo 136.5 do Regulamento da Cámara, anunciarei a que hora se procederá á votación, sen prexuízo de que as incidencias da sesión obriguen a aprazala momentaneamente.

Polo tanto, comezamos.

Ten a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, don Luis Manuel Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Saúdo a todas as autoridades que nos acompañan hoxe na tribuna de invitados, e tamén os invitados do Grupo Parlamentario Socialista, concretamente, a vicepresidenta de Mulleres Salgadas, a representante de Eventuais en Loita e o presidente de Cerme Galicia, así como o secretario xeral do Partido Socialista de Galicia, señor González Formoso.

Permítanme, señorías, previamente agradecerlle ao señor Núñez Feijóo o seu traballo ao longo destes trece últimos anos como presidente da Xunta de Galicia, dende a discrepancia política, pero dende o recoñecemento institucional e tamén persoal, porque sei o traballo que supón a entrega ao servizo público. Non foi vostede o presidente que persoalmente quixera, pero foi vostede o meu presidente. Deséxolle, no persoal, o mellor dos futuros.

Señor Rueda, teña por seguro que o escoitamos con atención e que dende a bancada socialista seguimos con interese o seu discurso de investidura. Xa lle avanzo que probablemente es-



tivemos moito máis atentos do que estivo o presidente da Xunta en funcións, que senta ao seu lado, o señor Núñez Feijóo, que leva xa bastante tempo coa maleta feita e coa cabeza fóra de Galicia.

Escoitámolo, señor Rueda, e teño que dicirlle que o seu discurso soa repetitivo, a máis do mesmo, a un tempo que xa deu de si todo o que podía dar. Na súa proposta non vimos ideas frescas nin proxecto de país. Hai uns cantos retais recollidos de aquí e de aló, que non son quen de facer un traxe á medida que Galicia necesita. Ten nas mans unha compás sen norte, incapaz de sinalar o rumbo. O seu único relato é que vai seguir o exemplo do señor Núñez Feijóo, como se con isto fora suficiente. Non vemos altura de miras. Fáltalle programa e fáltalle guionistas. Lamentablemente, teño que dicirlle que o seu proxecto é un *spin-off* moi deslabazado, sen argumento; é algo así como a secuela dunha película xa de por si mediocre e na que se empezaba a ver a carátula dos créditos finais, o final dun ciclo político.

Mire, señor Rueda, cústame visualizar esa Galicia que vostede nos pinta. Cústame ver cal é o seu modelo. Se non me equivoco, se o escoitamos ben, vostede só se limita a falarnos de Galicia e do Goberno da Xunta como un camiño que se percorre dende a Idade Media e no que se acaba de retirar un dos camiñantes. Esta figura retórica que pode estar moi ben traída, dado que estamos en Ano Santo, atévome a dicirlle que como publicista do Xacobeo ten aínda bastante que mellorar. O Camiño non vai resolver os problemas que ten este país. O Camiño —é certo— é un símbolo de identidade galega e europea, que temos que preservar, pero o Camiño non vai procurar que un doutor en Farmacia, formado en Galicia, teña que emigrar a Múnic para traballar nun instituto científico punteiro.

¿Cal é o seu modelo, señor Rueda —insisto—? Mire, unha das mentes máis brillantes da estatística do século XX, George Pelham Box, falando dos modelos matemáticos, dixo que «todos os modelos son incorrectos, pero algúns son útiles». E eu diría que o seu modelo, ademais de incorrecto, demostrou non ser útil para os intereses de Galicia nin tampouco para os intereses das galegas e dos galegos. (*Aplausos.*)

Pero vaíamos por partes. Vostede dedicou boa parte do seu discurso a reivindicar un legado, a facer balance de trece anos dun goberno de cuxas políticas, señor Rueda, é corresponsable. E sinala como logro, como máximo fito, que conseguiron manter a salvo a arquitectura institucional da comunidade autónoma, como se a arquitectura do resto de España, como se as institucións de, por exemplo, Madrid, Euskadi ou Aragón se desmoronaran e caeran en anacos. Mesmo di que cada ano foron capaces de aprobar uns orzamentos. E, certamente, xa imaxino o traballiño que pasaron vostedes para xuntar a suficiente maioría para sacar adiante eses orzamentos. Cada ano aprobaron orzamentos, magnífico logro; cada mes pagaron facturas, moi ben; e cada día conseguiron que, ao abrir a billa de San Caetano, saíra auga. ¡Magnífico! ¡Parabéns por todo iso!

Pero claro, cando facemos balance de verdade, o balance que lles interesa aos galegos e galegas, a cousa cambia. A realidade élle moi teimuda, señor Rueda. E se realmente pisara a rúa, se escoitara a xente, aguantándolle a mirada, atoparíase enseguida con algúns dos grandes problemas deste país, coa falta de oportunidades laborais para a xente moza e mellor formada da nosa historia, coas dificultades que teñen milleiros de pacientes para ser con-



sultados polo seu médico de cabeceira cando o requiren ou coa feble consistencia dos mecanismos de protección habilitados dende a Xunta de Galicia para facer fronte ás dificultades derivadas da guerra de Ucraína e do encarecemento dos combustibles.

O seu balance destes trece anos, dos que foi corresponsable, é basicamente o seguinte:

En sanidade, que é o 40 % do gasto autonómico, o seu discurso é triunfalista e certamente terxiversado, pois pretende facer ver que todo o que está na man da Xunta de Galicia funciona con precisión milimétrica, mentres que o resto do mundo é culpable dos males e deficiencias do sistema.

Pero cómpre lembrar neste momento, señor Rueda, que neste ano 2022 a Comunidade Autónoma de Galicia está na segunda metade do ránking das comunidades autónomas en gasto sanitario por habitante. Esta clasificación —permítame vostede o comentario— sitúa como as peores comunidades autónomas a Murcia, Andalucía e Madrid. E creo que non fai falta que lle diga a ninguén nesta Cámara quen goberna en todas elas, mentres que nos primeiros postos da táboa están comunidades autónomas como o País Vasco, Asturias ou Navarra.

E con este dato por diante hai que afrontar que a sanidade galega sufriu nesta última década un proceso paulatino de transformación que levou á concentración de servizos, tanto a nivel xeográfico como asistencial. Valdeorras, Lemos, A Mariña e O Salnés deixaron de ser áreas sanitarias, e os seus hospitais de referencia ven agora como os servizos dependen da dispoñibilidade dos hospitais das grandes cidades. Vostedes crearon, señor Rueda, unha sanidade de dúas velocidades. A este obxectivo responde o intento de pechar o paridoiro de Verín, que foi moi mediático, pero tamén que hoxe existan problemas para manter o servizo de cardioloxía na Mariña, de rehabilitación no Barco, de técnicos de radioloxía no Salnés ou incluso de dotación de enfermería en Monforte.

E vaíamos á atención primaria, a porta de entrada do sistema sanitario. Cando chegaron, recibiron un modelo que funcionaba, no que non existían listas de espera e no que calquera paciente tiña a oportunidade de ser atendido en tempo e forma, e de maneira presencial, polo seu médico de cabeceira. As esperas prolongadas para ter cita e a atención telefónica son agora o pan de cada día, señor Rueda, e sobre isto non basta que nos diga que van facer todo o posible por mellorar a atención primaria, porque iso, ata o de agora, equivale a nada.

Coa rede de coidados ás persoas maiores, dependentes e discapacitados pasa o que xa todos coñecemos e que tamén constatou o Consello de Contas: que hai un exceso de privatización de prazas, cunha baixa progresiva das inspeccións, o que, evidentemente, crea unha fórmula perversa para o benestar das persoas maiores. Se faltan profesionais nos centros e non se cumpren as ratios, non se controla; se non se dispón de medios materiais suficientes, non se supervisa; e se hai algunha incorrección no trato aos usuarios, ao mellor, ninguén o cons-tata.

Logo de que a pandemia covid-19 convertera as residencias na verdadeira zona cero da pandemia, a Xunta comprometeuse a impulsar un novo modelo organizativo de redes de coidados que non vemos por ningún lado. Só un pouco de cosmética, uns cantos titulares, pero o



modelo segue a ser o mesmo: cero prazas públicas de nova creación e toda unha rede de coidados fiada á iniciativa privada. Incluso as sete residencias cuxa construción financia o señor Amancio Ortega nas cidades galegas moito tememos que, se nada o impide, acaben tamén en mans da iniciativa privada, que busca o lucro no coidado das persoas maiores.

E non quero deixar este apartado sen referirme tamén ás deficiencias que se constatan en Galicia no sistema de axuda á dependencia. As valoracións a usuarios e a aprobación de plans de axuda son procedementos que se eternizan no tempo. As axudas —e sabémolo moitos dos que estamos aquí por circunstancias familiares— chegan moitas veces tarde e a súa dotación dista moito de cubrir as necesidades.

No ámbito educativo, queda en mera declaración o agradecemento ao esforzo e ao sacrificio feito polo profesorado durante a pandemia se logo as políticas que se desenvolven camiñan pola senda dos recortes que vimos na última década. É tempo de reverter a política de recortes e ataques á educación pública. O señor Núñez Feijóo marchará da Presidencia da Xunta de Galicia co saldo de ter pechado nada máis e nada menos que 138 centros públicos de ensino e de ter reducido o orzamento educativo en 113 millóns de euros. A gratuidade de libros de texto, implantada por un goberno socialista, é hoxe recordada como un espellismo na historia da Autonomía, porque foi unha medida que ao PP sempre lle queimou nas mans. Iso si, o financiamento dos centros privados e concertados seguiu medrando ano a ano, do mesmo xeito que se utilizaron subterfuxios para blindar os fondos para os centros que segregan alumnos por sexo.

Cando vostedes chegaron ao Goberno, había 30.000 profesores na educación pública galega, e agora hai 1.400 profesores menos.

Señor Rueda, debe vostede atender e escoitar as xustas reivindicacións e necesidades en canto á recuperación do horario lectivo e a progresiva redución dos rateos alá onde son máis necesarias e para que volvan cubrir as baixas docentes.

E mire, atendan dunha forma especial o rural; que os nenos e nenas que viven nesas contornas rurais poidan ser escolarizados preto da súa casa, sen necesidade de perder horas e horas en desprazamentos. Apostar polo rural, señor Rueda tamén é isto, deter o peche de escolas e permitir que sigan prestando servizos públicos indispensables.

No ámbito da economía, o emprego, os sectores produtivos, a súa política económica carece de enfoque e de orientación. Limitábase a dicir, como dixó no seu discurso, que vai facer o mesmo que se facía, cando o que se fixo ata o de agora non serviu para deter o desmantelamento industrial nin para acelerar a modernización, a innovación tecnolóxica ou a transformación dixital, tan necesaria para cambiar os fundamentos do noso modelo económico, coa finalidade de xerar máis riquezas e oportunidades de emprego.

Salienta vostede a evolución da débeda pública en Galicia como un éxito, cando o certo é que se triplicou en termos absolutos. No ano 2008, para que nos oian todas as galegas e galegos, a débeda pública da comunidade equivalía a 1.429 euros por habitante. Hoxe cada galego debe 4.353 euros, tres veces máis, sen que sexamos quen de saber moi ben para que serviu este empeño.





Porfían unha vez máis nas rebaixas fiscais, poñéndolles deberes rimbombantes aos demais, pero deixándoas na mínima expresión cando depende de vostedes. Seguimos esperando pola exención das taxas portuarias, polos descontos en carburantes ou polas rebaixas nas taxas e impostos que dependen da comunidade autónoma. E agora anuncia vostede unha redución do primeiro tramo do IRPF do 9,4 % ao 9 %. Pero, ¿canto vai supoñer iso para unha familia galega? Antes de que me diga a cifra, xa lle avanzo que a contía é moi reducida.

¿Sabe, señor Rueda, que en Galicia temos 50.700 fogares con todos os seus activos en paro? ¿Sabe, ademais, que en 27.300 deses fogares non se percibe prestación por desemprego nin entra outro tipo de ingresos?

A última enquisa de poboación activa, relativa ao primeiro trimestre deste 2022, déixanos ver xa algunhas alarmas. Sinala, para empezar, un aumento da contratación a tempo parcial, cunha taxa do 14,3 %, sen perder de vista que a taxa de parcialidade involuntaria é moi alta —repito, parcialidade involuntaria—, dun 77,9 %. Os traballadores, señor Rueda, queren empregos a xornada completa, pero non os atopan.

A taxa de paro dos menores de 25 anos tampouco mellora; ao revés, sobe ata o 32 %, dous puntos máis que na media do Estado. Si que temos algúns datos máis positivos na taxa de temporalidade, pois os asalariados con contrato indefinido aumentan un 6 % grazas aos efectos da reforma laboral; señor Rueda, esa última reforma laboral que vostedes, no Partido Popular, celebraron dando botes no Congreso xunto con Vox porque pensaban que non ía saír adiante. *(Aplausos.)*

Se en 1999 a agricultura galega, un dos nosos sectores tradicionalmente estratéxicos, xeraba o 5,8 % da renda agraria española, co 21 % dos agricultores, en 2018 obtiña un 4,9 %, pero só un 6,8 % da poboación ocupada agraria. Desapareceron 9 de cada 10 explotacións que existían en Galicia, e nos próximos dez anos vanse xubilar máis da metade dos nosos agricultores e gandeiros.

Falta unha política activa de ordenación do territorio que apoie o aumento da base territorial das explotacións con respecto ao abandono de terras. Máis de dous terzos, señor Rueda, do territorio galego está en estado de abandono. Temos soamente un 21 % do noso territorio de superficie agraria útil, mentres que España ten máis do dobre, un 46 %. Son datos que coñecen, claro que os coñecen, pero que non se esforzan en cambiar.

O abandono da xestión forestal resulta evidente, xa que se perpetúan os mesmos problemas do século XX, como os lumes, o abandono das comunidades de montes veciñais ou a desaparición da industria forestal. A perda, señor Rueda, de valor do monte é evidente, e a súa contribución ao PIB galego caeu un 25 % en pouco máis de dúas décadas.

E no caso da pesca, outro dos nosos sectores estratéxicos, o único que escoitamos no seu discurso foron datos de vendas e facturación, e como única liña de traballo lanzaron a idea de atacar a falla de relevo xeracional, pero, iso si, sen concretar ningún tipo de medidas. E sendo certo que ese é uns dos maiores problemas aos que se enfronta o sector, non podemos pasar por alto que ten outros moitos problemas aos que facerlles fronte e, entre eles, esa





subida do prezo de carburantes e materias primas ao que o Goberno galego, aínda que critica as medidas adoptadas por Madrid, non é quen de articular unha liña de axudas propias. *(Aplausos.)* Moitos barcos, vémolos coa costeira do bonito, pero nin tan sequera lles é rendible saír a faenar. E a resposta da Xunta son os brazos cruzados.

¿E que modelo de sociedade nos deixan, señor Rueda? Non mo tome a mal, pero levan anos falando do declive demográfico, reivindicando o rural e a natalidade, traendo plans e leis de impulso a este Parlamento, e o certo é que, logo de máis dunha década, non vemos resultado ningún. Nestes últimos trece anos, Galicia fíxose máis pequena, perdeu algo máis de cen mil habitantes; graficamente é como se un burato negro se tragara unha cidade como Santiago de Compostela.

Falan de fixar poboación no rural, pero ao rural castíganos recortando servizos públicos, pechando escolas unitarias, non cubrindo as prazas correspondentes, por exemplo, de pediatras, reducindo liñas de transporte público ou permitindo a exclusión financeira co peche de oficinas bancarias.

Señor Rueda, non atenderon as inxerencias que ten a mocidade galega. Os mozos e mozas deste país, a xeración máis formada da historia, precisa de oportunidades laborais e non de campamentos de vacacións. *(Aplausos.)* Dende que vostedes chegaron á Xunta, arredor de 200.000 mozos e mozas fixeron a maleta para buscar un traballo e seguir investigando fóra de Galicia. É un balance demoledor, que nos achica e nos empobrece como país.

A iso sumamos que arredor de 320.000 mozas e mozos de entre 15 e 34 anos se ven na obriga de ter que vivir coas súas familias, case o 67 % desa franxa de idade. Estamos ante o dato máis alto desde que hai rexistros segundo a Enquisa continúa de fogares do Instituto Nacional de Estatística. E mentres, a Xunta deixou sen executar —digan o que digan— 400 millóns de euros en políticas de vivenda no período 2010–2020. *(Aplausos.)* Señor Rueda, 400 millóns de euros sonlle moitos euros que se deixaron de aplicar en políticas de vivenda.

Tampouco hai programas orientados a corrixir os problemas habitacionais das persoas con rendas máis baixas ou con necesidades de integración, e a Rede galega contra a pobreza leva anos avisando de que isto se converteu xa no principal problema de exclusión en Galicia.

De igualdade, ¿que quere que lle diga? Dedicoulle 10 segundos nun discurso de case hora e media. A súa visión sobre a igualdade e o feminismo continúa oca e falta de contido, e tenta complementala con apelacións constantes á familia, e supoño, ademais, que con prioridade dunha moi determinada familia.

Nada nos falou da fenda salarial, un dos principais obstáculos para acadar a igualdade no ámbito laboral. Hai estudos que din que a fenda salarial é dun 19,3 %, o que se traduce na práctica en que as traballadoras galegas, as mulleres galegas, cobran un promedio de 5.000 euros menos ao ano que os homes. E en realidade é como se as mulleres quedaran abandonadas noutra época, porque perciben un salario medio similar ao que cobraban os homes en Galicia hai doce anos.



Agora tamén quererá falar de autogoberno, señor Rueda, e de desenvolver o noso Estatuto de autonomía. A cousa ten o seu valor, sobre todo cando participou en todos os gobernos do señor Núñez Feijóo, que xa sabemos que non vai pasar á historia como un dos arquitectos da Autonomía galega, pois a diferenza do que ocorre cos expresidentes Albor, Laxe, Fraga ou Touriño, foi o primeiro que non ampliou o noso marco competencial nin conseguiu sequera unha soa transferencia. *(Aplausos.)*

E vemos tamén que segue sen rechistar a doutrina do seu mentor, a de buscar sempre a alguén a quen cargarlle as culpas do que non son capaces de facer. Nun lugar preferente das súas ladañas ten a Madrid, ao Goberno de España, non sabemos se iniciando xa unha estratexia que tamén o levará a vostede a facer as maletas para forxarse un destino político na Meseta. E outras moitas veces, como non podía ser menos, a culpa é de Vigo, dos vigueses e viguesas, mesmo do seu alcalde, porque me dá a impresión, como ocorre coas cidades da Coruña, Lugo, Santiago, Ferrol ou Pontevedra, xa lle teñen moi tomada a medida ao Partido Popular. E tamén lla van tomar moi pronto en Ourense, señor Rueda, cando os cidadáns teñan a oportunidade de reprobar ese pacto da vergoña que mantén de forma impropia na alcaldía a quen non sabe estar á altura do cargo que ostenta. *(Aplausos.)* Poña fin, señor Rueda, a esa demencia porque agora iso tamén está nas súas mans.

Díciolle que acode a este Parlamento a pedir o apoio para a investidura, tendo Madrid, que non Galicia, na súa cabeza, e ao mellor por iso lle formula unha decena de preguntas ao presidente do Goberno de España. Penso que as fai cun sentido meramente retórico, porque se lles formulara aos galegos e galegas esas mesmas preguntas, someténdose, por exemplo, ao ditado das urnas, seguramente se atoparía cunha resposta tan contundente como insatisfactoria para os seus intereses.

Pero mire, señor Rueda, nosoutros facemos política aquí, en Galicia. Estamos no Hórreo e non na Carreira de San Xerónimo. As sesións de control ao presidente Pedro Sánchez xa hai quen llas faga no Congreso, e moi axiña tamén irá o señor Núñez Feijóo a facer o propio no Senado; iso si, valéndose dun posto de designación creado para defender os intereses desta terra, que non os intereses do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Así que permítame, señor Rueda, xa que estamos aquí neste cara a cara, que eu lle faga tamén unhas cantas preguntas a vostede sobre Galicia e mesmo que lle anticipe algunhas das respostas: ¿Cal é a resposta da Xunta a un paciente que pasou a noite con febre ou que se levanta con lumbalxia?, ¿unha liña telefónica? ¿Que lles vai ofrecer aos sanitarios que se forman en Galicia para que queden en Galicia?, ¿retellar os centros de saúde? ¿Como corraxirá a supresión das 1.334 prazas de profesores?, ¿blindando un novo financiamento dos centros que segregan por sexo? ¿Cal é o seu compromiso ante o déficit de prazas residenciais para maiores?, ¿ou esa pregunta temos que remitirla a Amancio Ortega? E aos dependentes que agardan meses, anos, por un plan de axuda individualizado, ¿que lles ofrecemos?, ¿a caridade dunha orde mendicante? ¿Cal é a súa previsión para ampliar as competencias do noso autogoberno?, ¿agardar a ver que fan os demais? ¿Que pode esperar a mocidade con fame de ter unha oportunidade laboral na súa terra?, ¿un campamento de verán? ¿Que estratexia ten vostede para ampliar o gasto público en I+D+i?, ¿paralizar outra vez os contratos posdoutorais? ¿Cal é a súa receita para corraxir a fenda salarial entre homes e mulleres? Esta non



fai falta que ma responda, que xa lla anticipo eu: ningunha. E esa cátedra da Universidade de Vigo para avanzar na mellora da coordinación cos concellos, ¿vaina poñer vostede no campus de Ourense?, ¿ese faro que orienta a súa política para as cidades? (*Aplausos.*) Son dez preguntas.

Podo chegar a entender, señor Rueda —porque incluso iso sería algo humano—, que viva mellor poñéndolles deberes aos demais que facéndoos vostede, que estea máis tranquilo derivando as responsabilidades cara a terceiros que asumíndoas en primeira persoa. Vostede reclámalles a outros, responsabiliza a outros, pero vostede non fai, non se aplica; actúa como ese alumno preguiceiro que non cumpre coas tarefas propias e que fai exixentes as tarefas dos demais.

Mal comezo, señor Rueda, se é que iso vai ser a norma, porque o que denota é que, ao mellor, estaba moito máis cómodo no papel do eterno número dous, e non á altura da responsabilidade que se dispón a asumir. ¿Está vostede realmente preparado, señor Rueda? ¿Ten vostede ganas de afrontar esta tarefa? ¿É consciente do papel que ten que xogar a persoa que ocupa a Presidencia da Xunta de Galicia?

A principal eiva do seu discurso de investidura, señor Rueda —e véxome na obriga de ter que recordarllo unha e outra vez—, é que non foi capaz de trasladarlle a esta Cámara un proxecto político con fame de gañar o futuro. Non hai ilusión, senón fatiga. En vez de ideas frescas, o que vemos é esgotamento e as mesmas palabras de sempre.

Pero Galicia xa non pode esperar a que vostede aprenda, a que se afaga ao cargo coa esperanza de que, ao mellor, algún día teña algunha capacidade para dirixir con harmonía esta orquestra. Nós, o Partido Socialista de Galicia, dende logo, non imos agardar, non podemos, e por iso hoxe mesmo queremos lanzar a nosa alternativa de goberno, que tamén poremos en valor ante os galegos e galegas cando sexamos convocados ás urnas. É unha alternativa que quere recuperar a ilusión e a confianza nesta terra, un proxecto que non quere levantar muros nin prohibicións, senón construír un país con futuro e que funcione, que poña o foco no desenvolvemento de novos proxectos industriais, coa instalación de novas fontes de enerxía renovable para fornecelos; unha alternativa que aposte pola formación e a innovación, si, pero sobre todo para que deixe pegada en Galicia. Un proxecto, en definitiva, que lle dea esperanza á mocidade que está rematando os seus estudos ou explorando un mercado laboral moi limitado e que non é capaz de ofrecerlle un posto cualificado á altura do seu potencial.

Queremos un modelo económico que funcione e que estea enraizado no marco europeo de sustentabilidade, de innovación tecnolóxica, do respecto ao medio ambiente e á economía circular, pero propoñemos tamén unha economía en marcha que funcione en moitos outros ámbitos, como ocorre no caso da moda, da automoción, da industria agroalimentaria, da loxística, da transformación de produtos pesqueiros ou do naval. E a alternativa do Goberno que estamos en condicións de liderar os e as socialistas galegos, dende o momento en que se poida pronunciar o pobo, ten estas características que lles vou resumir moi brevemente.

En primeiro lugar, é unha alternativa de goberno que quere poñer este país a funcionar, apostando polos proxectos transformadores dos nosos recursos, como o leite, a madeira ou



a produción pesqueira e acuícola. É unha alternativa con vocación de poñer en valor as materias primas e os recursos minerais do noso territorio, a condición —insisto— de que sexa compatible co medio ambiente e co marco de ordenación. É tamén unha alternativa que non se pecha fronte á enerxía limpa, senón que aposta por desenvolver o potencial que temos para a xeración de enerxía eólica ou de hidróxeno verde, indispensables para garantir o noso futuro e, no futuro, a subministración á industria e ás familias.

O noso modelo alternativo propón unha nova revolución industrial, pero que debe respectar a superficie agraria útil e as áreas naturais protexidas ou sensibles. Imos apoiar, señor Rueda, que o grupo Stellantis teña futuro en Galicia, coa implicación decidida do Goberno central e da Xunta de Galicia tamén. Imos respaldar que o grupo Altri se instale tamén en Galicia, coa implicación activa de todas as administracións, teña ou non teña comprometido de antemán financiamento europeo. E esa é unha diferenza fundamental con respecto a ese anuncio estrela que vostedes fixeron, que, evidentemente, traslada a responsabilidade a outras administracións.

Temos deseñada unha alternativa de goberno que non renuncia a acadar o obxectivo de investir o 3 % do produto interior bruto en políticas de I+D+i, como se fixou no seu día na Estratexia de Lisboa, algo no que a Xunta xa se dá por derrotada, pois en toda unha década non foi capaz de incrementar o gasto en innovación por riba do 1 %. *(Aplausos.)*

Queremos, señor Rueda, poñerlle fin á sangría do talento que sofre este país; queremos que ese xove investigador en química, que é captado por un laboratorio de Alemaña, ou que esa enxeñeira forestal que ten que marchar a Suecia, ou que ese xornalista que só pode desenvolver a súa profesión no audiovisual en Barcelona, teñan tamén unha oportunidade en Galicia, no país no que se formaron.

A nosa alternativa de goberno ten ganas de darlle o arreón definitivo ao sector da biotecnoloxía, no que Galicia ten moito que dicir. E farémolo redobrando esforzos para duplicar o número de patentes, especialmente no apartado de ciencias da saúde, pero tamén no sector da alimentación.

O Partido Socialista de Galicia —aténdanme ben— ten deseñada unha alternativa de goberno libre de ataduras, colaborativa coa organización federal da que forma parte, pero en ningún momento subordinada ou dependente de intereses alleos aos de Galicia. Por iso acabamos de demandar que o Instituto Oceanográfico teña a súa sede principal en Vigo, e por iso —aténdanme ben, que son vostedes particularmente dados a dispersarse— *(Murmurios.)* defendemos que as instalacións da cadea mar-industria, que tanto emprego xera no litoral galego, poida seguir onde está, porque son perfectamente compatibles co coidado das nosas costas. *(Murmurios.)*

¡Home!, entendo que ante un programa, unha declaración de intencións sólida, como é esta que acabo de facer, que responde aos intereses e necesidades da Comunidade Autónoma de Galicia, vostedes se poñan nerviosos. Eu tamén o faría no seu lugar. *(Murmurios.)*

A alternativa de goberno do Partido Socialista consiste tamén nunha Galicia que é territorio enerxético, nunha Galicia que é territorio industrial, nunha Galicia que é territorio científico,



nunha Galicia que é territorio de innovación, nunha Galicia que é territorio de oportunidades laborais, nunha Galicia que conta cunha atención primaria de calidade, nunha Galicia que sabe coidar dos seus maiores cando máis vulnerables son, nunha Galicia territorio de cultura e lingua propias e que as saben preservar e promover como un dos seus tesouros máis valiosos. Ese é o futuro que nos albiscamos á volta da esquina, señor Rueda: unha Galicia activada e en marcha, un país que recupere ilusión e dinamismo, que supere os complexos do Partido Popular e dos seus gobernos.

Dixo aquí vostede na súa sesión de investidura que non ía fotocopiar as últimas páxinas do Goberno do señor Núñez Feijóo, e seguramente non o faga porque posiblemente ao que se dedique é a distribuír fotocopias coma se foran as partillas dunha herdanza: un centro de termalismo para Ourense, unha cátedra para Vigo, unha delegación reforzada para Ferrol... En definitiva, cousas con pouco fundamento ou ningún fundamento.

Como dixo un letrista arxentino, señor Rueda, «hai días eternos que amencen acabados»; e ese é o seu proxecto de goberno: unha proposta vella e esgotada, á que os galegos e galegas imos darlle carpetazo —non teña ningunha dúbida— tan pronto se convoquen eleccións e teñamos ocasión de ofertarlle á sociedade galega esa alternativa que encarna o Partido Socialista de Galicia, porque é, en definitiva, a necesidade que ten esta comunidade autónoma dun novo proxecto, como acabo de esbozar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez.

*(Aplausos.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do grupo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi bo día.

Quero empezar por saudar a todos os galegos e galegas que nos están seguindo a través dos medios de comunicación e das redes sociais e os que nos seguen nesta tribuna.

Señoras e señores deputados.

Señor Rueda, candidato do Partido Popular.

Son tempos complicados, tempos de angustia e de incerteza para moitos galegos e galegas, que cando apenas estaban a saír do túnel da pandemia entran de cheo nunha crise de prezos. E sei que hoxe, nas súas casas, camiño do seu traballo, levantando a persiana do seu negocio ou repasando as facturas que se acumulan, moitas persoas se preguntan até cando van poder resistir, cantos obstáculos máis van ter que superar, que pasará mañá nun mundo cada vez máis complexo e cambiante e que futuro lles espera aos nosos fillos e fillas; *(Aplausos.)* moitas preguntas que merecen respostas.





Por iso quero dirixirme a todos eses galegos e galegas e dicirvos que si, que é posible darlle a volta a esta situación de declive, que é posible construír unha Galiza mellor. A todas esas persoas quero dicirvos que Galiza é un país con futuro, porque temos riqueza, temos potencial e o mellor capital que pode ter calquera sociedade: xente traballadora, honesta e con capacidade para saír adiante nos momentos máis duros. *(Aplausos.)*

Quero dicirvos que é posible unha Galiza cunha sanidade e unha educación públicas de calidade, libres de recortes e de privatizacións, na que as persoas maiores teñan unha vellez digna; unha Galiza na que a xente moza non teña que emigrar e na que ter traballo signifique ter un salario que che permita chegar a fin de mes, emanciparte ou ter a túa propia vida. A todos e a todas vós quero dicirvos que é posible unha Galiza produtiva, cun rural vivo, que aposte con decisión pola ciencia e a innovación, referente ambiental e das enerxías limpas —si— para mellorar a vida das persoas e loitar contra o cambio climático, pero non como coartada para un *boom* eólico depredador. *(Aplausos.)*

Quero dicirvos que é posible unha Galiza na que as mulleres sexamos libres e iguais, na que medre o benestar social e non a pobreza, cunha democracia de calidade e cuns medios de comunicación públicos ao servizo da sociedade. Quero dicirvos que si, que é posible unha Galiza forte, orgullosa da súa lingua e da súa cultura e que dialogue de ti a ti con outras nacións do mundo. É posible, e para iso necesitamos ter un goberno que lle diga si a Galiza, que deixe a pel na defensa do país, que deixe a pel na defensa de todos e de todas vós. *(Aplausos.)* Ese é o Goberno que desde o BNG aspiramos a liderar, *(Aplausos.)* con toda a humildade pero con toda a ambición; sumando, coa man tendida, sabendo que somos unha sociedade plural na que hai moitas, moitas maneiras de sentirse galego, de sentirse galega e que todas son necesarias para construír esa Galiza mellor. O cambio galego está en marcha; empezou a conta a atrás para un cambio de goberno na Xunta. *(Aplausos.)*

E nesa conta atrás, señor Rueda, vostede vai ser un presidente accidental, o primeiro presidente que non elixiron como tal os galegos e as galegas. E non convocan eleccións porque saben que as perderían. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Simplemente vai chegar a presidente da Xunta de rebote, porque o seu xefe de filas... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...considerou máis importante ser presidente do PP que ser presidente de Galiza, *(Aplausos.)* considerou máis importante ocupar a sede dun Partido Popular condenado por corrupción que ocuparse do Goberno de Galiza. *(Aplausos.)*

E non é ningunha novidade, de feito, levamos trece anos cun goberno que sempre puxo os intereses do PP por diante dos intereses de Galiza. Levan trece anos á contra deste país, algo que a vostede, señor Rueda, se lle dá moi ben; de feito, xa o fixo mesmo antes de sentarse no Consello da Xunta. Aí si que ten experiencia.

E lembramos moitos e moitas o señor Rueda naquela indigna manifestación —en primeira fila, por certo— en contra do galego, de ganchete cos colectivos máis ultra e máis reaccionarios. *(Aplausos.)* Aí estaba vostede, atacando a nosa lingua común, a que nos une, a que



nos fai ser o que somos. (*Murmurios.*) Quen hoxe quere presidir o país ten no seu currículo o ataque e o desprezo á lingua do país. (*Aplausos.*)

Aí estaba tamén detrás da campaña electoral máis sucia que se recorda, un abandeirado das *fake news*, sumándose a esa política do «todo vale» con tal de facerse co poder e deixando claro cal é o seu listón ético. Do seu paso polo Goberno, é que é imposible citar algunha proposta que fora relevante. A vostede recordámolo por ser o responsable dunha folga que colapsou durante tres meses a xustiza deste país. (*Aplausos.*)

Fóra diso, acomodouse nun goberno gris que leva trece anos instalado no non a Galiza, porque son vostedes o Partido Popular do non: non a subirlles os impostos ás eléctricas, non a un modelo de residencias que garanta unha vellez digna, non a reverter os recortes en educación e sanidade, non a darlle futuro á xente moza. Son o Partido Popular do non á ciencia e á innovación, do non a un rural vivo, do non a loitar contra a emerxencia climática, do non a potenciar o noso sector industrial; o PP do non á lingua e á cultura galegas, do non a máis competencias e máis autogoberno. En definitiva, non a Galiza. Iso é o que o Partido Popular representa. (*Aplausos.*)

E os datos son o mellor retrato da súa desfeita. O martes dicíanos o señor Rueda que deixaban unha Galiza sen cargas. É mentira. E vou retratarlles en cinco cifras a enorme carga que deixan neste país.

A primeira cifra, 218.000. Son 218.000 os mozos e mozas que emigraron nunha Galiza que ten unha crise demográfica brutal.

Segunda cifra, 925: 925 son as camas hospitalarias que pecharon.

Terceira cifra, 138: 138 son os centros públicos de ensino pechados, 1 de cada 10.

Cuarta cifra, 38.300: 38.300 son os empregos destruídos na industria, no agro e na pesca.

Quinta cifra, 600.000: 600.000 son as persoas en risco de pobreza no noso país. Unha realidade que me preocupa especialmente, e é que temos a porcentaxe de persoas pensionistas en situación de pobreza extrema máis alta do Estado.

E todo isto, mentres triplicaron a débeda.

¿En que o gastaron, señor candidato do Partido Popular se nos deixan unha Galiza peor que a que encontraron? ¿En que o gastaron? (*Aplausos.*)

E podería seguir, señor Rueda. Entenderá que con esta folla de servizos, con este currículo, non podemos darlle o apoio do BNG, sobre todo tras comprobar que non ten proxecto, nin propostas ante os retos que temos que afrontar nun contexto durísimo: o contexto de dous anos dunha pandemia, dunha guerra a tres horas de avión e dunha crise de prezos, dunha suba de prezos, nunha Galiza na que xa o Goberno do Partido Popular deixa unha crise demográfica, industrial e social.





Os galegos e as galegas necesitan solucións, pero non as van atopar nun Partido Popular que xa representa o pasado.

E hoxe estamos ante un debate de dous modelos: o modelo do Partido Popular, que non ofrece nada, salvo resignación, rutina e autocompracencia, e o modelo que representamos desde o BNG, un proxecto solvente, ilusionante e desde a confianza en que podemos construír e gañar unha Galiza mellor. *(Aplausos.)* O vello ou o novo, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* o pasado ou o futuro, o Partido Popular ou o BNG.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Esas son...

Eu non sei... Gustaríame poder falar...

**O señor PRESIDENTE:** Estou pedindo silencio porque si, hai algo de murmurio.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Véxoos moi nerviosos no PP para estar tan convencidos. *(Aplausos.)*

O vello ou o novo: eses son os dous modelos, as dúas alternativas que se confrontan nese debate. Eses son os dous modelos entre os que moi pronto poderán escoller os galegos e as galegas cando, a diferenza de hoxe, poidan decidir se queren un presidente do Partido Popular ou unha presidenta do BNG para gobernar Galiza. *(Aplausos.)*

Señor Rueda, fixo vostede unha intervención gris, sen ambición, sen rumbo e sen proxectos.

Na miña intervención demostrarei que hai alternativa, explicando as liñas estratéxicas que un goberno do BNG porá en marcha para mellorar a vida da xente, empezando polo máis urxente: a escalada de prezos que está afogando as familias, a clase traballadora, os autónomos e as autónomas deste país e as pequenas e medianas empresas.

Como presidenta, un goberno do BNG, aprobaría no primeiro Consello da Xunta un paquete de medidas para axudar a quen máis o necesita, subindo as pensións non contributivas, mellorando a prestación da risga, aumentando as axudas para gastos básicos de vivenda, baixando as peaxes das autoestradas, e tamén cun paquete de medidas potente de axudas directas aos sectores máis afectados. *(Aplausos.)*

Pero para paliar os efectos da inflación tamén hai que poñer en marcha medidas estruturais. E aquí hai un debate que é fundamental: a consideración da enerxía como un ben básico que non pode quedar en mans de cinco multinacionais. Un goberno do BNG quitaríalle a cadeira que as eléctricas teñen no Consello da Xunta, apostando por crear unha empresa pública de enerxía, defendendo unha tarifa eléctrica galega que permita baixar a luz e subirlles os impostos ás eléctricas para que axuden a pagar unha crise coa que se están forrando, porque claro que hai quen se está forrado nesta crise: *(Aplausos.)* 11.050 millóns de euros de beneficios en 2021, un 226 % máis para Iberdrola, Naturgy, Enagás, Repsol e Endesa; 11.050 mi-



llóns de euros que saen directamente dos petos da maioría social. E isto é unha estafa coa que hai que acabar.

Señorías, son moitos os debates que Galiza debe de afrontar nun contexto complexo e cambiante; debates sobre como gañar autogoberno real, peso político, poñer Galiza a producir, afrontar o cambio climático, darlle futuro á xente nova, potenciar a ciencia e a innovación ou construír unha Galiza da igualdade. Estes retos requiren ter un proxecto de país, e o BNG ten ese proxecto, un proxecto para gobernar Galiza. Porque si, o BNG quere gobernar Galiza, e estamos preparadas para facelo. *(Aplausos.)* Un proxecto para gobernar Galiza baseado en 10 obxectivos estratéxicos:

O primeiro é reforzar os servizos públicos. O Partido Popular é quen está empeñado en cargarse o Estado de benestar, e aí levamos trece anos de recortes e privatizacións. Desde o BNG o que defendemos é fortalecer os servizos públicos. Por iso, como presidenta, a miña prioridade será sacar a sanidade do colapso, aprobando un plan de choque de 200 millóns de euros en atención primaria, contratando persoal en todas as categorías, ampliando a carteira de servizos e destinando á atención primaria o 25 % do orzamento do Sergas. *(Aplausos.)*

Galiza ten a segunda taxa de suicidios máis alta de todo o Estado. É a segunda causa de morte entre a xente nova, cunhas cifras que son arrepiantes. Por iso para o BNG será unha prioridade deseñar e implantar un plan de saúde mental.

E tamén temos claro que o futuro de calquera sociedade pasa pola educación e polo coñecemento, por iso contrataremos 1.000 profesores e profesoras, abriremos as escolas que pechou o Partido Popular e reforzaremos o orzamento e o apoio ás universidades públicas, porque onde o Partido Popular ve un gasto, no BNG vemos o mellor investimento que pode facer un país, que é a formación da súa xente nova. *(Aplausos.)*

O Goberno do PP considera as persoas maiores como un negocio. E iso é o que explica que en trece anos non se construíra nin unha soa residencia pública e que teñamos o 85 % das prazas privadas ou de xestión privada. Un goberno do BNG poñería en marcha un modelo de residencias de xestión pública, e blindaremos por lei o dereito a unha vellez digna. Nós sabemos que isto non se fai en dous días, pero traballaremos desde o primeiro Consello da Xunta para pagar esa débeda coas persoas maiores. ¡Nunca máis a vellez como negocio! *(Aplausos.)*

O segundo obxectivo é poñer a riqueza de Galiza a producir. Un país é a súa capacidade para ser produtivo, para xerar riqueza, emprego e benestar social. Pero o Partido Popular deixa un rural abandonado e desertización industrial; un sector primario loitando para sobrevivir, tanto na terra como no mar.

E o mellor exemplo da súa política industrial é que non foron capaces de salvar nin unha soa empresa en crise. O goberno do BNG empezará por frear deslocalizacións e peches de empresas, dotándonos dun Instituto Galego de Crédito como unha ferramenta potente para actuar. E potenciaremos un tecido industrial de pemes nos sectores estratéxicos, cun Plan de fomento da actividade tecnolóxica e industrial, co obxectivo de elevar o peso da industria até o 25 % do PIB no ano 2030.



O Goberno do PP ten o rural no abandono, que é tanto como dicir o abandono do 90 % do territorio. Un goberno do BNG fará todo o que sexa necesario —repito, todo o que sexa necesario— para ter un rural vivo, produtivo e habitado, con dúas liñas de traballo: a primeira sería a discriminación positiva en materia de servizos —sanitarios, educativos, bancarios e tecnolóxicos—; e a segunda, poñer o rural a producir, con medidas como mobilizar en dez anos 100.000 hectáreas de terra agrícola abandonada, facer que se cumpra a Lei da cadea alimentaria e impulsar a produción agroecolóxica, que nos aporte soberanía alimentaria con alimentos de calidade.

E quero facer un recoñecemento explícito ás mulleres do rural, que están abandeirando algunhas das ideas con máis futuro e innovadoras. (*Aplausos.*) Todos os países avanzados teñen un rural forte, e queremos ser un deles.

Mais Galiza é tamén unha nación pesqueira, pero co Goberno do PP temos menos frota, menos emprego, menos cota e menos marisqueo. O goberno do BNG apostará por pescar e non por despezar barcos, pola renovación xeracional, pola innovación e polo complexo mar-industria como sector estratéxico da nosa economía. (*Murmurios.*)

O terceiro obxectivo é a ciencia e a investigación. A media dos países da Unión Europea destinan a I+D+i un 2,23 % do seu PIB. ¿Sabem cal é o investimento en Galiza? O 1,1 %; é xustamente a metade. E isto claro que ten consecuencias: fuga continuada do noso talento investigador e as patentes caendo en picado. Pasamos de 173 en 2009 a 60 en 2020.

Como presidenta farei unha aposta por situar Galiza na vangarda da ciencia e da investigación, definindo a carreira investigadora cun Pacto galego pola ciencia que priorice a retención e captación de talento e creando o Innogal; e con recursos, fixándonos como obxectivo un investimento equivalente ao 2,5 % do PIB, porque sen científicos e científicas non hai ciencia e sen ciencia non hai futuro. (*Aplausos.*)

O cuarto obxectivo é a emerxencia climática e un novo modelo enerxético. O Goberno do Partido Popular fixo do ataque ao medio ambiente un sinal de identidade. Aí está a prórroga ilegal de Ence, un 20 % do noso territorio ocupado por eucalipto, a porcentaxe máis baixa de Rede Natura de todo o Estado e a recuperación integral das rías como eterna materia pendente.

Un goberno do BNG vai elaborar unha lei galega contra o cambio climático, desde o consenso e a participación de toda a sociedade e abordando cuestións como a loita contra os incendios, a xestión sostíbel dos residuos, a axenda urbana, a biodiversidade ou a xestión da auga.

E sabemos que falar do futuro do medio ambiente é falar dun novo modelo enerxético. Por iso, fronte ao Partido Popular que apadriña un *boom* eólico depredador, o futuro goberno do BNG di: enerxía eólica, si, pero cun modelo que xere riqueza e emprego, que sexa exemplar no ambiental e aporte beneficio social, que respecte o medio rural e a súa xente, e tamén con participación pública nos beneficios. (*Aplausos.*)

Permítanme que sexa moi clara: o goberno do BNG parará o *boom* eólico depredador. ¡Basta xa de que nos estafen coa factura da luz e por riba nos insulten! Eólicas, si, pero ao servizo de Galiza, porque o vento non é das empresas, é dos galegos e das galegas.



O quinto obxectivo: autogoberno político e financeiro. O Goberno do PP en trece anos conseguiu un récord nunca visto: cero competencias. Señor Rueda, non é que non suaran a camiseta do autogoberno, é que nin sequera a puxeron; *(Aplausos.)* ¡cero competencias! Un goberno do BNG quere avanzar nunha Galiza con máis capacidade de decisión.

E quero deixar aquí dúas propostas: que se active a Comisión mixta para solicitar todas as competencias pendentes e crear unha ponencia no Parlamento para, desde o diálogo e a serenidade, poñer sobre a mesa un novo status político que nos recoñeza como o que somos, unha nación histórica, onde as decisións relevantes estean en mans da cidadanía galega. *(Aplausos)*

E, como calquera sabe, sen autonomía financeira, non hai autonomía política, e co Goberno do Partido Popular Galiza perdeu 9.000 millóns de euros dun sistema de financiamento que nos prexudicou.

Un goberno do BNG defenderá ter a chave dos nosos cartos a través dun concerto económico como o que teñen Euskadi e Navarra. Pero camiño desa meta podemos avanzar en autonomía fiscal e financeira; en capacidade nese ámbito. ¿Como? Solicitando que se amplíe até o 90 % a porcentaxe de impostos cedidos, reclamando a cesión de imposto de sociedades, avanzando nunha fiscalidade verde ou reclamando que tributen aquí as empresas que teñen actividade produtiva aquí. Iberdrola, Naturgy, Endesa e tantas outras deben pagar os seus impostos aquí, porque están explotando os nosos recursos naturais. *(Aplausos.)*

O sexto obxectivo son as infraestruturas. E aquí quero empezar falando da AP-9, un eixo vertebral dun país onde o 90 % das mercadorías se fan por estrada. Neste tema, na AP-9, o Partido Popular fixo moias aportacións: privatización e suba continuada das peaxes. O BNG conseguiu unha rebaixa histórica desas peaxes e defenderá rescatar a concesión para Galiza. *(Aplausos.)*

Propoñemos un plan para facer competitivos aeroportos e portos, empezando por que o Estado asuma a débeda do porto da Coruña, como fixo con Valencia, e impulsando o porto de Vigo como gran motor económico.

E si, a chegada do AVE até Ourense está mi ben, aínda que sexa con décadas de atraso, pero non pode ser a custa de deteriorar servizos como é o tren de proximidade. E hoxe hai centos, centos de galegos e galegas, que teñen que erguerse cedísimo para poder chegar aos seus postos de traballo porque lles recortaron horarios e frecuencias.

Eu dígolles que como presidenta terei como prioridade de goberno un tren de proximidade e que se recuperen e se modernicen as liñas, con tarifas adaptadas á nosa realidade, porque queremos tren. *(Aplausos.)*

O sétimo obxectivo son as relacións con Portugal. Fronte ao centralismo madrileño, un goberno do BNG dará ás relacións con Portugal un trato prioritario por ser estratéxicas desde o punto de vista económico, social e cultural, con tres cuestións fundamentais: as conexións ferroviarias, en particular a saída sur de Vigo e o corredor atlántico de mercadorías; en se-



gundo lugar, unha estratexia de desenvolvemento económico común na eurorrexión; e terceiro, as relacións culturais e lingüísticas, en particular, o desenvolvemento da Lei Paz Andrade.

A eurorrexión Galiza-Norte de Portugal suma 6,4 millóns de habitantes, superando a estados como Dinamarca, Irlanda ou Finlandia. É unha gran oportunidade para Galiza. O pasado é o centralismo madrileño; o futuro, o atlantismo galego. *(Aplausos.)*

O oitavo obxectivo estratéxico é a igualdade. Na loita das mulleres pola igualdade necesitamos poñer o turbo. Deixaremos atrás a pasividade do Partido Popular e, como presidenta, farei da igualdade un piar, un reto do novo goberno, con medidas para acabar coa fenda salarial e a favor da conciliación e da corresponsabilidade, porque xa está ben de que a maternidade penalice as mulleres. *(Aplausos.)*

Pero é que faremos moito máis. Deixaremos de darlles cartos públicos aos centros privados que segregan por sexos, destinaremos á loita contra a violencia machista o 1 % dos orzamentos e, desde logo, combaterei coa máxima enerxía o discurso negacionista da violencia contra as mulleres. Porque cando asasinan unha muller polo simple feito de selo, non é violencia intrafamiliar, é terrorismo machista, señorías do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E combaterei con toda a forza o discurso da intolerancia, da LGTBifobia, do odio ao diferente, porque queremos unha sociedade libre de intolerancia, racismo e xenofobia; queremos unha sociedade onde cadaquén sexa libre para ser, para sentir e para amar. *(Aplausos.)*

O noveno obxectivo é a lingua e a cultura. O Goberno do PP nin sequera é capaz de utilizar o Xacobeo para impulsar e apoiar os nosos creadores e creadoras, e mantén o decreto da vergoña, que é letal para o noso idioma. Fíxense, o galego é a única lingua de todo o Estado que perde falantes, sobre todo entre a xente nova. O goberno do BNG terá entre as súas primeiras decisións a derogación dese decreto e devolver o galego ao ensino como lingua vehicular. *(Aplausos.)* Porque hoxe, hoxe, señor Rueda, son miles os pais e as nais que denuncian como os seus fillos e fillas entran pola porta da escola falando galego e saen falando castelán. Hai que acabar co disparate de ter convertido a escola nunha máquina desgaleguizadora.

Apostaremos pola nosa lingua e cultura como fonte de riqueza e de emprego, coa posta en marcha do Instituto Rosalía de Castro, para promover a súa internacionalización, e impulsando a creación audiovisual, moi en particular para o público infantil, tan orfo de contidos en galego.

Precisamos un goberno que coide o idioma e garanta o seu coñecemento, para que as xeracións que veñen detrás teñan a liberdade de dicir que falan galego porque si, porque lles peta e lles sae de dentro e lles dá a gana. Queremos presente e futuro para o galego. *(Aplausos.)*

O décimo obxectivo estratéxico é a defensa da democracia. O Partido Popular está moi cómodo impondo unha democracia de baixa calidade, gobernando para os *lobbys* económicos, vampirizando a televisión pública e aplicando o seu rodillo absolutista neste Parlamento.





O Partido Popular séntese cómodo na corrupción dos contratos amañados con familiares e amigos, «pillos» que dan pelletazos millonarios no medio dunha pandemia que custou miles e miles de vidas; cómodo votando en contra de investigar a corrupción da monarquía ou en contra de investigar a espionaxe de cidadáns pola súa ideoloxía.

O BNG devolverá a este Parlamento o respecto e a centralidade que merece, devolverá os medios públicos aos seus únicos e verdadeiros donos, aos galegos e ás galegas, e traballará para servir a maioría social e non a unha presa de privilexiados que sentan nos consellos de administración. (*Aplausos.*) Nunca cruzaremos ningunha porta xiratoria.

Estas son medidas e propostas que un goberno do BNG porá en marcha para mellorar a vida dos galegos e das galegas.

E quero que hoxe neste debate quede moi claro que no BNG tivemos, temos e sempre tere-mos a man tendida para chegar a acordos, dialogar e chegar a solucións que melloren a vida da xente deste país.

Pero xa estamos vendo: a nosa man tendida sempre ten como resposta a soberbia; a sober-bia de quen pensa que sempre ten razón, aínda que os datos, señorías do Partido Popular, demostran que nos deixan unha Galiza peor. (*Aplausos.*) E por iso, hoxe o cambio galego está en marcha. Comezou a conta atrás para un cambio de goberno en Galiza que desde o BNG aspiramos a liderar, desde a humildade, pero desde a ambición de país. (*Aplausos.*) Porque hai momentos nos que parece que nada cambia, pero nos que, en realidade, hai un profundo movemento de fondo que anticipa un cambio de ciclo. E isto pasou moitas veces na historia. Pasou cando as primeiras sufraxistas defenderon o dereito das mulleres a votar; unha onda de cambio que tardou en chegar, pero chegou. Eu nunca esquezo que estou nesta tribuna grazas a todas as mulleres que loitaron antes. Pasou cando Rosa Parks dixo que non se movía do seu asento nese autobús en Montgomery, Alabama, en 1955. Parecía que non pasaba nada, pero un ano despois quedou abolida a segregación racial no transporte público dos Estados Unidos.

Moito máis cerca de nós, pasou coa inmensa mobilización social do Nunca Máis; unha onda de cambio tardou en verse, pero chegou. Pasou tamén co 15M, que puxo en cuestión o réxime do 78. Pasou coas masivas manifestacións do 8M en Galiza, e hoxe o feminismo marca o debate político. Pasou coas mobilizacións sociais a favor do planeta, sobre todo da xente moza, e hoxe ninguén cuestiona o cambio climático desde unha posición de rigor científico. Pasou e pasa coa revolta contra o *boom* eólico depredador, con miles de persoas activas por todo o país en defensa dun modelo enerxético xusto e sostible. Al-guén pode pensar que non o van lograr, pero quero lembrarllas que David derrotou a Goliat.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** E pasou cando na noite electoral das eleccións galegas de 2020 a cidadanía deixou nas mans do BNG a enorme responsabilidade de liderar a alternativa de cambio en Galiza.



Esa semente de cambio quedou plantada o 12 de xullo de 2020, e por iso hoxe o Partido Popular representa o pasado e o BNG representa o futuro; (*Murmurios.*) o futuro de todos os galegos e galegas que queren construír unha Galiza mellor, unha Galiza en grande na que vivir e traballar, onde teñamos dereito a soñar e a facer realidade os nosos soños; unha Galiza cun goberno e cunha presidenta coas mans libres para mellorar a vida da xente. Esa é a Galiza que vén, imparabile, grazas á forza de todas as persoas que levan este país, a Galiza, non só na cabeza senón tamén no corazón.

Moitas grazas. (*Prolongados aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Señor presidente da Cámara, señor candidato á Presidencia, (*Risos.*) (*Aplausos.*) señorías, galegos e galegas que nos acompañan nesta importante sesión parlamentaria.

Esta é, certamente, unha desas grandes ocasións, non exenta de solemnidade, na que a sociedade pode contrastar o papel esencial e central que o Parlamento de Galicia ocupa no noso sistema democrático. A democracia —como sempre nos lembra o gran Amartya Sen, merecidísimo último Premio Príncipe de Asturias de Ciencias Sociais— non é nin pode identificarse en exclusiva coa idea do goberno da maioría. A democracia, certamente, conleva o dereito ao voto e o respecto aos resultados electorais; incluso é algo máis que un sistema que garante o exercicio dos dereitos e das liberdades individuais. A democracia —recorda Sen— «é un sistema exixente e non só unha condición mecánica» —como a referida á maioría— «tomada de forma illada».

A democracia é unha forma de goberno —argumenta Sen— que enriquece as persoas e a sociedade porque aporta valores intrínsecos en si mesma, como a necesidade da participación política e nos asuntos comúns, o valor instrumental de reforzar a atención ás demandas da cidadanía en cada momento histórico, e porque ten a importante función construtiva de, a través do debate público e aberto, fixar as prioridades da acción política.

E poucas ocasións hai como nun debate de investidura, onde se pode visualizar esta esencia da democracia. Certamente, xogan as maiorías, o que lle furta incerteza á votación coa que lexitimaremos o cambio na Presidencia da Xunta esta mañá, pero tamén permite constatar como é a través da participación dos electores mediante os seus representantes que se materializa a elección do presidente. Porque ao exixirse, como fai o artigo 15 do Estatuto, a presentación dun programa de goberno, o foco sitúase precisamente nas necesidades e nas demandas da cidadanía, e, finalmente, porque a través deste debate racionalizado nas formas, o candidato —o próximo presidente— ten unha excelente oportunidade de escoitar e de debater coa oposición —aínda que mellor, despois do escoitado, sería falar das oposicións— sobre as prioridades da acción política que desenvolverá durante o seu mandato.

As anteriores consideracións, señorías, non son elucubracións teóricas á marxe do debate que hoxe mantemos, permiten enmarcalo xusto na plena normalidade democrática; esa nor-





malidade institucional na que a política galega leva instalada, afortunadamente, máis dunha década. Nos tempos nos que por todas partes asistimos á deterioración das institucións democráticas, nos que os populismos de toda caste degradan as principais institucións, mesmo nas democracias por excelencia, como a inglesa ou a americana; ou, no caso de España, ante actuacións intensamente limitadoras dos dereitos dos cidadáns durante a pandemia, posteriormente declaradas inconstitucionais, todos estes feitos provocan a perda de confianza nas institucións democráticas. E por iso mesmo a estabilidade institucional da que gozamos e a confianza dos nosos concidadáns nela é posiblemente unha das mellores herdanzas que recibe o candidato.

Así o testemuña, sen ir máis lonxe, a ampla enquisa que acaba de publicar o Instituto Catalán Internacional para a Paz e ESADE sobre a polarización e a convivencia en España: a desconfianza cidadá no Goberno da nación incrementouse notablemente, ata o punto de que o 47 % da poboación non confía no seu executivo nada, sendo o único nivel de goberno que suspende en todas as comunidades autónomas. Respecto dos gobernos e das institucións autonómicas, o informe salienta —e cito textualmente— que «hai dúas rexións, Galicia e o País Vasco, nas que o nivel de confianza supera o aprobado». «A heteroxeneidade entre comunidades autónomas no grao de confianza institucional é especialmente marcado respecto da valoración dos gobernos autonómicos, pois existe máis dun punto de diferenza entre o promedio de confianza en Cataluña —que a ten máis baixa, o 4,1— e o de Galicia —o 5,15— e o País Vasco —o 5,3—, que teñen os máis altos.

Supoño —aínda que nalgún caso pode ser moito supoñer— que datos como os mencionados deberían de ser recibidos con satisfacción por todos os grupos desta Cámara. As institucións autonómicas, tras corenta anos de exercicio de autogoberno, están perfectamente consolidadas e son valoradas positivamente pola inmensa maioría. Tras a maior crise económica vivida desde o final da Segunda Guerra Mundial e tras a peor pandemia sanitaria sufrida desde a primeira, non semella mal balance. Pero se algo podemos aprender da experiencia allea e da propia durante as pasadas crises económica e sanitaria que padecemos e que aínda seguen a causar efectos entre nós é que as institucións democráticas hai que coidalas, hai que protexelas, e iso é tarefa común de todos nós: do Goberno, da maioría que o sustenta e, por suposto, de todos os grupos parlamentarios desta Cámara.

E por iso mesmo non podo deixar de recordarlles aos membros da oposición —ou, mellor diría, das oposicións— as leccións que extraen Steven Levitsky e Daniel Ziblatt, os famosos politólogos autores do libro sobre a morte das democracias; un libro que ocupou un lugar poético nas manifestacións contra as derivas populistas nalgúns países de Sudamérica. A democracia —din eles— baséase nun conxunto de normas constitucionais que cómpre respectar, pero tamén polo uso moderado, pola contención no exercicio das potestades que esas normas institucionais atribúen aos responsables políticos, incluídos os da oposición.

Porque, señorías, poucas cousas máis normais e institucionais poden darse nunha democracia parlamentaria que a elección do presidente do Goberno —neste caso da Xunta— no seu Parlamento, que representa a cidadanía; máxime se, como é o caso, a elección mesmo se ten que producir entre quen foron electos como representantes para ter escano nesta Cámara. E poucas cousas poden considerarse máis normais nunha democracia parlamentaria



que, chegado o caso de ter que substituír un presidente, sexa o seu vicepresidente quen resulte elixido.

E todo iso nun contexto no que, á diferenza do ocorrido noutras ocasións que nos son moi próximas —algunhas xa afastadas no tempo e outras ben recentes—, o cambio na dirección do Executivo se produce sen que se modifique a aritmética parlamentaria. Esta Cámara hoxe responde —como o fará mañá e todos os días ata o remate da lexislatura— exactamente á mesma aritmética, ao mesmo resultado electoral de xullo de 2020. Hai, en fin, unha substitución na Presidencia da Xunta dentro da normalidade democrática e dándolle continuidade ao claro mandato que recibimos da cidadanía galega, aínda non cruzado o ecuador da lexislatura.

Fronte a esta obvia normalidade, ¿que escoitamos da oposición hoxe mesmo —das dúas oposicións—? En primeiro lugar, cualificaron a substitución da Presidencia da Xunta —e cito literalmente— como «ilexítima». O 9 de abril a señora Pontón puxo en dúbida a lexitimidade do candidato á Presidencia da Xunta por ser o resultado dun «dedazo» e non terse presentado como cabeza de cartel. Hoxe reiterouno. Máis recentemente, nunha entrevista en *La Voz de Galicia*, afirmaba que «imos ter por vez primeira...» —como volveu reiterar hoxe— «...un presidente que non elixiron como tal os galegos e que non deixa de ser un presidente accidental».

Con certa sorpresa para algúns —polo menos para quen lles fala, por non tratarse dunha forza política crítica co noso sistema institucional—, os socialistas seguiron e afondaron nesta liña de argumentación. O pasado 19 de abril o portavoz socialista na Cámara cualificouna como «unha fraude para os galegos e as galegas; unha decisión moi alonxada dunha decisión baseada na vontade dos galegos e das galegas». E uns días despois, o secretario xeral do Partido Socialista de Galicia —que hoxe nos acompaña—, presidente da Deputación e alcalde das Pontes, declaraba —corrixindo unhas máis prudentes declaracións do seu portavoz tras a rolda de consultas do presidente do Parlamento— que ían votar —cito literalmente— «en contra dunha candidatura que é absolutamente legal, pero que carece da lexitimidade do respaldo do pobo galego».

Señorías, certamente, é lexítimo, mesmo obrigado, que a oposición —ou, por ser máis precisos, as dúas oposicións— desta Cámara negue o seu apoio ao candidato á investidura. Pero convirán comigo en que unha cousa é poñer en cuestión o programa do candidato e outra moi distinta poñer en dúbida a lexitimidade dun candidato que vai ser elixido con toda a lexitimidade que lle dan a Constitución, o Estatuto e a votación que realizaremos esta mañá. (*Aplausos.*) Lexitimidade que lle vén dada, en definitiva, polas mesmas fontes de lexitimidade democrática coas que a señora Pontón e o señor Álvarez representan os seus electores nesta Cámara —e da que aínda, por certo, non está dotado o señor Formoso ata que chegue a deputado—. Subverter a lexitimidade de representación por unha suposta falta de convalidación directa do corpo electoral é ou non entender o noso sistema ou, o que sería peor, socavalo intencionadamente diante da opinión pública.

E un pode entender —por moito que non comparta— a posta en dúbida da lexitimidade deste Pleno para elixir o novo presidente por parte do Bloque, que se atopa —hoxe vímolos



outra vez— en plena regresión programática ás súas orixes soberanistas. Pero resulta máis difícil de comprender o seguidismo dos socialistas galegos cara a esta deslexitimación, non do candidato, senón do sistema mesmo, dando a entender que existe unha discrepancia entre o que é legal e o que é lexítimo nunha democracia constitucional e estatutaria como a nosa, nun partido, por certo, que sempre se recoñeceu —e recoñecemos hoxe con xustiza— como un dos principais actores na configuración do noso marco institucional. Ese seguidismo descalificador ao BNG, que deslexitima as institucións democráticas de Galicia e non o candidato, adopta tintes máis cómicos cando se refiren ao proceso tamén democrático, neste caso, a través das canles democráticas internas do Partido Popular e do grupo parlamentario para elixir o candidato que, como portavoz, tiven a honra de propoñer ao presidente da Cámara.

Tanto ao portavoz do Grupo Socialista como ao seu secretario xeral debeulles parecer suave a cualificación de «dedazo» utilizada pola señora Pontón —que sabemos que é propia do Partido Revolucionario Institucional mexicano, por iso a usa a señora Pontón—, (*Murmurios.*) ben alleo ao Partido Popular de Galicia, para supostamente melloral a cunha referencia á decisión adoptada por catro baróns —baróns con «b», xa que en realidade eran 3 baróns e unha baronesa— nunha «mesa camilla». Non hai que peinar moitas canas nin estar moi postos na historia do galeguismo e o nacionalismo para saber que na súa historia Galicia só ten unha «mesa camilla»; aquela na que, no seu domicilio da rúa Xelmírez, en Santiago, convocaba a tantos galeguistas de esquerdas, de centro, de dereitas, en torno a Ramón Piñeiro; aquela mesa camilla que, nun memorable artigo —no que botaba en falta unha mención explícita á mesa no comunicado laudatorio da Academia tras decidir dedicarlle o día a don Ramón no ano 2009—, o escritor Manuel Rivas denominaba «mesa cósmica», a única mesa galega que merece estar «no museo dos obxectos con áurea»; «o epicentro, o punto xeodésico, a lanzadeira dun renacemento na escuridade». Un renacemento baseado na ecuación «democracia máis autonomía máis europeísmo»; a ecuación na que os galeguistas coincidimos desde que hai corenta anos Albor foi elixido o primeiro presidente democrático de Galicia; e precisamente, por iso mesmo, a ecuación que sempre denigraron os do Bloque Nacionalista Galego, que aínda hoxe continúan enredados coa súa particular ecuación de Galicia igual a colonia, igual a antieuropeísmo máis antiatlantismo, igual a autodeterminación. E é que ata para elixir metáforas, señor Álvarez, hai que ter algo, se non de memoria, polo menos de fortuna; e o da «mesa camilla» foi moi desafortunado vindo do Partido Socialista de Galicia.

Porque, señorías, ao final, ¿por que se empeña a oposición —ou mellor debería dicir as oposicións— en facer estas críticas que van desde o afán deslexitimador ao irrisorio, pasando polo descoñecemento dos alicerces centrais da nosa democracia parlamentaria? Fano porque temos feito ben as cousas, nas formas parlamentarias, pero tamén cunha demostración interna de responsabilidade e unidade. Desde logo, non agarden do noso partido que o 40 % da militancia abandone a asemblea despois do noso congreso, nin esperen vostedes que un dos precedentes líderes do Partido Popular monte un partido para competir con aquel que o fixo candidato. (*Aplausos.*)

Pero non só na forma, senón tamén no fondo, en relación coas decisións individuais e colectivas adoptadas. Porque o feito de que o presidente Feijóo cambie de destino para seguir servindo a Galicia e a toda España desde outra importante responsabilidade, encabezando a



alternativa ao Goberno actual —respaldado, por certo, polos amigos do Bloque—, saben vostedes dous que é bo para Galicia pero malo para os seus intereses. É bo para Galicia que o líder da oposición parlamentaria en España leve a Galicia na cabeza e exerza, como o ten demostrado abondosamente desde o primeiro día, ese liderado impregnado de galeguismo e respecto polo Estado autonómico, pola autonomía das nacionalidades e rexións que o integran e pola súa realidade plurilingüística e cultural. Isto é negativo para os intereses do BNG, que dificilmente vai poder seguir afirmando —como fan moi acotío algúns dos deputados membros do grupo nacionalista— e considerando que Galicia é unha colonia, porque isto implicaría recoñecer que o cidadán colonizado pasa a dirixir a metrópole, cousa que nunca se viu na historia do colonialismo e do imperialismo. *(Aplausos.)*

E é negativo para o BNG porque a candidatura de Núñez Feijóo o que fai é constatar que España é un estado politicamente descentralizado e de corte federal; estados federais nos que é normal que os líderes nacionais teñan desempeñado antes a presidencia dos estados. Pensen que catro dos oito últimos presidentes de Estados Unidos foron gobernadores previos nos estados respectivos e que cinco dos sete cancilleres desde Adenauer foron previamente presidentes dalgún *länder* en Alemaña. Resulta, loxicamente, natural que quen se proclama soberanista non entenda que se pode traballar por Galicia tamén desde o Goberno da Nación.

É negativo tamén para os socialistas que, lonxe de apreciar o carácter propio do federalismo coa decisión adoptada por Alberto Núñez Feijóo, pese a telo intentado facer eles non hai moito tempo en dúas ocasións coa señora Díaz e co señor Bono, o critiquen simplemente polo temor que senten de que a xeneralizada desconfianza co actual Goberno de España á que fixen referencia se poida traducir na perda do poder unha vez que Alberto Núñez Feijóo representa unha alternativa constitucional, sensata, moderada e razoable, avaliada por unha xestión respaldada maioritariamente en catro ocasións. Opóñense porque esta operación é, no fondo, síntoma do seu fracaso.

Señorías, temos feita unha transición exemplar, lexítima, que imbrica e reforza no carácter sistémico de corte federal do noso Estado das Autonomías, e que beneficiará a Galicia especialmente se, como desexamos e traballamos desde o Partido Popular de Galicia, nas próximas eleccións xerais o éxito acompaña o noso xa candidato nacional e aínda compañeiro no Grupo Popular. Francamente, dubido de que haxa moitos galegos, salvo os máis estritos militantes, que non recoñezan que para Galicia e para España sería bo que o galego que probablemente mellor coñece o país, as súas xentes e as súas necesidades poida asumir a xefatura do Goberno da Nación. *(Murmurios.)* E ningún, nin sequera o máis convencido, pode negar o feito de que dificilmente podería haber mellor coordinación con que leva traballando desde hai máis de trece anos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —A tila, por favor, para o señor deputado do Bloque, porque dicían que estabamos nerviosos e parece que é el o que non se contén.— *(Murmurios.) (Aplausos.)*

Máis razoables, aínda que tamén perfectamente desmentibles, son outras críticas que temos escoitado ao longo das últimas semanas, e hoxe nesta sesión, relativas á xestión realizada polos gobernos encabezados polo señor Núñez Feijóo e as críticas feitas ao programa do candidato, ás que me referirei a continuación.



Como é natural, e ademais democraticamente de agradecer, o candidato á investidura fixo un balance do moito logrado ata o de agora. En primeiro lugar, porque é copartícipe dese balance e porque, en contra do que vostedes están a dicir, en contra deses discursos catástrofistas, arroxa algúns datos que, para os que estivemos implicados na política desenvolvida nos últimos anos, son motivo suficiente para xustificar o tempo empregado nesta profesión.

En segundo lugar porque, sen saber de onde partimos e en que situación estamos, sen ter unha diagnose certa da situación, calquera programa de goberno resulta máis ilusorio que ilusionante, por empregar outra expresión ao uso da señora Pontón.

Compartimos a diagnose feita polo candidato. Aplaudimos que propugne darlle un novo pulo ás actuacións programáticas apoiadas nas eleccións autonómicas e ás actuacións previstas, sen ir máis lonxe, no Plan de reactivación aprobado nesta Cámara. Eloxiamos o método elixido para implementalas: o diálogo e a cooperación institucional entre administracións, cos grupos políticos e cos axentes económicos e sociais. E compartimos o seu propósito de actuar de maneira coordinada cos obxectivos a longo prazo previstos no Plan estratéxico Galicia 2020-2030, que pronto entrará na Cámara e que evidenciará, unha vez máis, quen ten visión estratéxica de país e quen non; quen ten a capacidade de programar actuacións dirixidas á procura de resultados que arelamos conxuntamente e quen, pola contra, se limita a propor medidas irrealizables técnica e xuridicamente, tentando ilusionar, pero xerando meras ilusións.

No seu discurso o candidato deixou claras as prioridades do seu goberno: proseguir coa recuperación da economía e do emprego e adoptar medidas que, á vez que impulsan o crecemento, contribúan a corrixir os problemas que as familias enfrontan, con políticas fiscais e sociais dirixidas ao seu benestar.

Por seguir o seu esquema —acertado— da intervención, permítanme referirme, en primeiro lugar, á economía. Vivimos uns momentos especialmente preocupantes no eido económico. Tras superar a crise financeira iniciada no 2008, encadeando varios anos de crecemento do PIB e do emprego, e de converxencia en salarios e PIB per cápita —Galicia foi a segunda comunidade autónoma que máis incrementou o seu PIB per cápita no período 2009-2020—, a pandemia trouxo novas complicacións. A paralización dos procesos produtivos e do comercio internacional provocou unha crise de oferta, cunha suba de prezos perfectamente constatable antes da condenable —sen matices— invasión de Ucraína por Rusia, que acentuou o proceso inflacionario ata cifras non vistas en décadas, en tempos anteriores, por certo, á integración monetaria —o que reduce a marxe de actuación a través dese instrumento de política económica, que é o emisor bancario—. A inflación que estamos a sufrir é de oferta, causada polo desabastecemento dos mercados, e moi particularmente pola suba dos prezos da enerxía, acentuados en España por decisións precipitadas en relación coa transición enerxética. E é importante entender este matiz: a inflación é fundamentalmente de custos e non de demanda. Non se trata de que as familias dispoñan de máis cartos e colapsen os mercados adquirindo produtos. É ao revés: a demanda de bens de consumo estase a conter, o problema é que os prezos soben e moitos deles son básicos, como o pan ou o gasóleo, e as familias non poden deixar de consumir, aínda que sexa en menor medida e, sen embargo, teñen que afrontar eses novos prezos. O resultado obvio é que perden poder adquisitivo.





Precisamente, os cambios no marco institucional co que abordamos esta espiral inflacionista permítenos ver cal é o papel que debe xogar cada institución. O Banco Central e a Unión Europea están combinando perfectamente o retraso na subida dos tipos de xuro cos investimentos a través dos fondos Next Generation-Unión Europea. Corresponde aos estados, nun segundo nivel administrativo descendente, aproveitar ben as oportunidades que nos brinda Europa, cunha política monetaria que abarate o endebedamento e cunha ampla política de investimentos, que acabo de mencionar.

Atopámonos aquí cun primeiro atranco: a lentitude e a falla de programación por parte da Administración central para un rápido aproveitamento dos fondos. O Banco de España xa tiña, antes da invasión, reducido o crecemento previsto do PIB como consecuencia da súa baixa execución en relación co previsto. E a situación segue a ser de premiosa lentitude.

No tocante aos PERTE, completamente centralizados —coa inestimable axuda de Vox—, basta con sinalar tres feitos:

Só o 14 % dos 33.700 millóns destinados aos nove PERTE xa aprobados se traduciron en convocatorias; é dicir, de 33.000 millóns, só 4.000.

Segundo. Tras solicitar unha prelación das propostas máis importantes presentadas por cada comunidade, o Goberno da Xunta mandoulle as tres e o do Estado aínda non contestou. De feito, a fábrica de fibras téxtiles, para a que xa se atopou un investidor e unha localización tecnicamente viable, aínda non se sabe con certeza a que PERTE se vai acoller.

E terceiro, tamén tras incluír entre os prioritarios o previsto por Stellantis Vigo —unha das factorías máis competitivas de Europa—, resulta que o PERTE da automoción feito público de acordo coa propia Stellantis non lle permite optar ao seu proxecto de vehículo eléctrico conectado, o que agrava a situación creada pola non conexión de Vigo á rede eléctrica de alta tensión.

E neste contexto xeral cómpre salientar, como fixo o candidato, que Galicia, cunhas contas saneadas, incrementou menos a débeda entre 2009 e 2021 —a comunidade que menos incrementou a súa débeda, aínda que vostedes sigan dicindo que estamos endebedados; debemos o 7,4 % do PIB menos que a medida das comunidades autónomas; cando deixaron vostedes o Goberno estabamos por riba da media das comunidades autónomas—. Ben, temos marxe de actuación e, certamente, dentro desas marxes de actuación, está a política fiscal.

A rebaixa do IRPF que debería facer o Goberno de España pola súa inmediata tradución ás retencións, e polo tanto que entraría a operar xa, Galicia non a pode facer nada máis que a medio prazo. E ímola facer porque, precisamente iso, é o que permite que os custos para os empresarios en salarios non suban, pero si suba a renda dispoñible para as persoas que perciben eses salarios. Polo tanto, é bo para as familias e é bo tamén para conter a inflación. Pensen que, como dixo a AIREF recentemente, por cada punto de inflación, son 2.000 millóns de euros extra que recada o Estado, e o que estamos a dicir é que o Estado asuma parte deses beneficios deixándoos nas mans das familias.



Certamente, o candidato fixo fincapé en que é polo lado do gasto onde temos máis capacidade de actuación para resolver a situación problemática que moitos están a atravesar. E quero salientar tamén, fronte a discursos negacionistas, que das 16 medidas demandadas á Xunta por esta Cámara para paliar os efectos económicos da invasión a Ucraína, oito xa están publicadas no *Diario Oficial* e catro non precisan da súa publicación. Algunhas están, por certo —como as axudas directas para as 127 concesións de transporte público ou o Bono Social Térmico—, accesibles nas respectivas webs, e tan só catro están aínda por levar ao *Diario Oficial*.

No ámbito dos servizos públicos, cómpre destacar, do programa presentado polo candidato, en primeiro lugar, os avances anunciados en educación. Decía hai uns minutos que hai datos do balance que xustifican e compensan a dedicación á política. Entre eles, atópanse as melloras do noso sistema educativo. O Ministerio de Educación acaba de certificar que o noso sistema educativo é o máis inclusivo de España, 4 puntos por riba da segunda comunidade autónoma, e máis de 10 puntos por riba da media. Superamos as medias española e da OCDE en todos os parámetros de calidade, segundo o informe PISA, e o abandono escolar reduciuse desde que gobernaba o Bipartito do 25,8 % ao 8,1 %. E as familias que fan o esforzo de matricular os seus fillos na Universidade pagan as taxas máis baixas de toda España. Pero, quizais, a principal aportación á educación e á igualdade de oportunidades no acceso ao emprego é o avance na formación profesional. Hai un 50 % máis de persoas matriculadas na formación profesional que no 2009, pese á caída da poboación en idade de formación. Puxéronse en marcha novos ciclos e novos másteres, imbricados no sistema produtivo dos territorios, e nos sectores emerxentes, como a intelixencia artificial. No seu conxunto, a empregabilidade da formación profesional é do 85 %; unha sólida base sobre a que o candidato incluíu novos avances no seu programa: no ámbito da convivencia escolar, no impulso da formación profesional dual, na creación do Centro Galego de Innovación en Formación Profesional ou na consolidación da carreira de investigación.

Algo semellante podemos dicir respecto da sanidade, porque, lonxe do seu discurso catástrofista, o feito é que a sanidade pública mellorou nestes últimos anos en todos os parámetros: en infraestruturas, en novos tratamentos innovadores, en recursos e tamén en profesionais, xa que hai un 17 % máis de profesionais na sanidade pública galega respecto do 2009. O que se reduciu foi o gasto farmacéutico, pese ao recurso de inconstitucionalidade que nos presentou o Partido Socialista.

Evidentemente, todas estas melloras están detrás de datos como os que estamos a coñecer, como, por exemplo, os das listas de espera, onde temos un balance dos mellores de todas as comunidades autónomas; ou, moi superiores, por certo, á admirada Asturias do señor Torrado; ou, sen ir máis lonxe, coa mellor máis baixa taxa de mortalidade por 100.000 habitantes tras unha pandemia. O cal non quere dicir que non deixemos nunca de esquecer os 3.407 falecidos por ela.

Unha sólida base sobre a que o candidato avanzou novas medidas, como a ampliación do calendario vacinal coa incorporación de tres novas vacinas, que farán de Galicia a comunidade autónoma co calendario vacinal máis completo, (*Aplausos.*) ou culminando a reforma da atención primaria. Porque é certo, como anunciou o candidato, que hai marxe para mellorar





a xestión da atención primaria con novas prazas de facultativo especialista, cun uso máis perfeccionado da telemedicina e a integración de toda a información na tarxeta sanitaria, reforzando a autonomía dos centros, mellorando salarialmente o esforzo que fai o persoal sanitario de atención primaria... Pero, señorías, non se fagan trampas ao solitario, porque iso non soluciona todos os problemas da atención primaria. É necesario que o Goberno socialista autorice máis formación MIR, é necesario que se convoquen por separado as prazas de urxencias e de familia e sería oportuna a convocatoria dun MIR extraordinario de familia. A nós neste ámbito abóndanos co compromiso asumido polo candidato no seu discurso: o compromiso de formar e contratar todos os médicos especialistas en medicina familiar que nos permita o Goberno de España. *(Aplausos.)*

Do mesmo xeito, sobre a sólida base dunha política social que permite que desde que vostedes gobernaron pasásemos de 14.000 a 63.500 dependentes atendidos, a que multiplicásemos por sete desde que vostedes gobernaban os beneficiarios da axuda no fogar ou que incrementásemos exponencialmente —porque daquela non existían— as axudas á natalidade, hai unha sólida base que se traduce nuns índices inferiores, desde logo, á media estatal e mesmo á media europea, tanto en exclusión social como en desigualdade, que fan crible os anuncios feitos polo candidato, como as 2.000 novas prazas públicas en residencias —prazas públicas en residencias, financiadas publicamente— e a innovadora pero necesaria política de atención preferente e personalizada da Administración autonómica para as persoas maiores de 65 anos.

Todo isto que está feito avalía os anuncios feitos polo candidato. E Galicia non só conta coa imprescindible estabilidade institucional para garantir esas propostas, senón que tamén ten a sólida estabilidade política que lle outorga, señor candidato, un grupo co que vostede pode contar para implementar as medidas anunciadas.

Máis alá das xa enumeradas ao comezo da miña intervención, hai outra forma de distorsionar o debate para o que hoxe fomos convocados. Porque hoxe fomos convocados, señora Pontón, tras constatar a Presidencia do Parlamento a existencia dunha maioría única de apoio á candidatura de Alfonso Rueda, para debater a súa investidura, a do señor Alfonso Rueda, e non o programa nin a investidura de ningún outro candidato ou candidata. *(Aplausos.)*

A oposición, ou mellor dito, as dúas oposicións, aproveitaron a situación para expoñer os seus programas; os programas que a cidadanía galega, por certo, non convalidou nas últimas eleccións autonómicas. A señora Pontón chegou tan a fondo que pensei que nos ía comunicar que o señor Rego ía ser o próximo ministro de Asuntos Exteriores da Comunidade Autónoma de Galicia. Ben, están no seu dereito, naturalmente, pero esta acronía o que fai é que, fundamentalmente, da mesma maneira que fan eses parentes lonxanos que están convidados a unha voda e tratan de roubarlle o protagonismo a quen o ten e á parella que casa, con esa actitude o que están demostrando claramente é a súa febleza; unha febleza que deriva, ademais dos ataques persoais que escoitamos ao candidato, da inexistencia, en sentido literal, dunha alternativa á que presentou o candidato. Non nos presentaron un programa alternativo, senón dous; e ademais perfectamente incompatibles entre si no substancial para a cidadanía de Galicia.



A señora Pontón propugna unha tarifa eléctrica galega e impostos ás eléctricas. Os socialistas son acusados de facer o *boom* eólico e, polo tanto, defenden o desenvolvemento do sector eólico. O BNG reivindica, en materia de financiamento, un cupo foral, fronte a todas as evidencias que ata os expertos do Bloque dixeron na Comisión de Financiamento Autonómico. En cambio, os socialistas están opostos a iso. O BNG insiste no soberanismo, o que é cualificado polos socialistas como «ideas do pasado prexudiciais para o país». A señora Pontón considera que a OTAN é unha organización belicista, e non a organización que nos protexe fronte, agora si, invasións imperialistas, como a que está a sufrir Ucraína por parte de Rusia. E, finalmente, a espionaxe, que a señora ministra socialista di que é para perseguir delitos, resulta que é unha persecución de quen pensa distinto. Acaba de dicilo a señora Pontón.

Polo tanto, non é sorprendente que hoxe tentasen presentar os seus programas aproveitando unha investidura allea, porque saben que ningún deses programas, nin sequera aínda que xuntos tivesen a maioría nesta Cámara, sería o programa que un candidato de investidura de votedes presentaría desde esta tribuna. E, polo tanto, fixeron algo que saben que non van poder facer, realmente, nunca.

E, ademais, con esa curiosa e chamativa competición para ver quen encabezaría unha hipotética e inexistente alternativa, as dúas oposicións que hai nesta Cámara demostraron a súa febleza enumerando propostas claramente irrealizables; con ilusións que, obviamente, non poden máis que ilusionar os ilusos que crean que é posible, desde Galicia e no actual marco normativo: subirlles os impostos ás eléctricas, crear unha compañía pública eléctrica ou crear unha tarifa eléctrica. ¿Non ve vostede os problemas que ten España simplemente para regular o custo do gas? Ademais, serían ruinosas para as nosas economías empresariais, aínda que non tanto como se tivésemos unha facenda autonómica con cupo foral.

Afirmar, señora Pontón, que se investirían 700 millóns de euros nun plan de choque e outros 200 millóns de euros na atención primaria, sen sequera insinuar de onde van sacar eses 900 millóns de euros, só pode ilusionar os ilusos que crean que os cartos caen das árbores; o mesmo que os socialistas, cando no último pleno nos propuxeron dedicar máis da metade do recadado do imposto dos hidrocarburos — máis de 255 millóns de euros— a axudas ao transporte, sen explicar de onde sacarían iso dos orzamentos vixentes, que teñen atribuídas as cifras en gasto de todo tipo.

O discurso de Alfonso Rueda, pola contra, evidencia a fortaleza do Partido Popular e do candidato do Partido Popular; a fortaleza que nos dan trece anos de xestión repetidamente avaliada pola maioría dos galegos e galegas, que, se algo non son os galegos e as galegas, é, precisamente, ilusos; a fortaleza que nos dá a unión en torno ás ideas moderadas, galeguistas e reformistas que o candidato presentou no seu discurso; a unión en torno a unhas ideas que as dúas oposicións hoxe representadas na Cámara, e con base na súa propia experiencia partidaria interna, son incapaces sequera de comprender; a fortaleza que dá a viabilidade dunhas propostas realistas, enmarcadas na ilusionante tarefa na que o candidato, e todos os que o acompañamos neste camiñar, estamos comprometidos: a tarefa de facer unha Galicia mellor para vivir, e contribuír con iso a facer de España un país mellor e de Europa unha unión máis perfecta.



Señor candidato, señor Rueda, probablemente a mellor parte do seu discurso, polo menos ao xuízo deste portavoz, máis aló do impulso programático, foi a súa reivindicación de todo o logrado polos galegos e galegas nesta frutífera etapa autonómica, porque imbrica a tarefa que virá co labor xa feito, con independencia de quen liderase a Xunta en cada momento. Porque a inmensa maioría dos galegos comparte as ideas fundamente democráticas e dialogantes, reformistas, autonomistas, galeguistas e europeístas formuladas hai máis de catro décadas no contorno da única «mesa camilla» memorable da historia de Galicia, que levan corenta anos demostrando ser as máis acaídas para garantir o progreso da nosa querida Galicia e que vostede reivindicou e actualizou no seu discurso, tal e como fixeran no seu día Albor, Laxe, Fraga ou Touriño, e máis recentemente Alberto Núñez Feijóo, ao que lle transmitimos desde esta mesma tribuna, unha vez máis, o noso agradecemento pola súa entrega ao país e lle reiteramos os nosos mellores desexos de éxito na nova tarefa que emprende polo ben de Galicia e polo conxunto de España. *(Aplausos.)*

Alfonso, parabéns. Os que te coñecemos desde hai moitos anos sabemos que reúnes os coñecementos, a experiencia, a vontade e o talante precisos para darlle continuidade ao proxecto inacabable de facer de Galicia un país mellor. Contas para iso co apoio e a lealdade deste grupo maioritario; e seguro que tamén co de moitos milleiros de galegos e galegas máis, que saben que vas dar o mellor de ti para conseguilo para estar á altura, como sabemos que estarás, das exixencias desta nosa democracia parlamentaria.

Moitas grazas. *(Prolongados aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Para responder aos portavoces, ten a palabra o señor candidato á Presidencia da Xunta, don Alfonso Rueda Valenzuela.

**O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Bos días, señorías.

Saúdo os invitados dos tres grupos políticos, os medios de comunicación e tamén a xente que nos está seguindo polas diferentes canles.

Doulles, como candidato nesta sesión de investidura, a benvinda a todos votedes. Teño que dicirles que os escoitei con bastante atención. Intentarei ir respondendo a todo o que dixeron os tres portavoces, porque, ademais, tanto o portavoz do Partido Socialista como a portavoz do BNG dixeron moitas cousas, e algunhas que non son certas; polo tanto, creo que non deben quedar así.

Pero a primeira sensación que saco, sinceramente, é que vostedes —eu creo que xa se sabía, xa sobraaba esta sesión de investidura porque xa o dixeron, como mínimo, a semana pasada, cando fun proposto polo presidente do Parlamento, e moito antes—, dixera o que dixera, ían dicir que non. Pero dígolles unha cousa: eu non renuncio a intentar convencelos, e, a través de vostedes, ao resto dos deputados e deputadas que forman os seus grupos, e tamén a través de vostedes, a todo o mundo. ¡É que é a miña misión! Para iso é esta sesión de in-



vestidura, e, desde logo, vou intentar facelo, aínda que supoño que non terei moito éxito. Eu creo que a impresión xeral —insisto, non a de agora, aínda que a de agora tamén, sen ningunha dubida— é que están instalados no non. O único que souberon dicir —polo menos eu foi o que percibín, e supoño que moita xente— é que non, diga que diga, incluso antes de escoitarme; xa o dixeron antes do discurso do martes e dixérono agora. Eu creo, sinceramente, que non é unha boa postura, e creo que Galicia merece algo máis que escoitar a políticos e políticas enrocadas no non. Eu o que lles podo dicir é que tanto eu como o meu goberno como o meu grupo a Galicia lle imos dicir que si, ¡que si! (*Prolongados aplausos.*)

E, dito isto, señora Pontón, señora portavoz do Bloque, benvida á súa investidura virtual dos mundos de Yupi que se acaba de montar. Sinceramente, espero que o disfrutada, de verdade. Espero que o disfrutara porque, en fin, por respecto, non quería engadir algo, pero engádoos agora: o candidato son eu. Vostede pode vir aquí e facer un discurso de resultados electorais dos que logo podemos falar. En todo caso, permítame que lle diga unha cousa que me está chamando moito a atención e lle está chamando a atención a moita xente. Porque vostede insiste moito e, ao final, o seu leitmotiv é falar do vello e do novo. Señora portavoz do Bloque, eu creo que o medible non é opinable. Permítame que lle dea algún dato, que seguro que non lle vai gustar, pero que é certo. Por poñer exemplos que todo o mundo pode coñecer: cando a señora Angela Merkel, xa retirada da política, entrou na chancelería alemá, vostede xa era deputada. E, por falar do Xacobeo —que tamén é unha cousa que sei que lles gusta especialmente, e este dato non o sabe case ninguén, porque foi hai moito tempo—, do Xacobeo de principios de século, cando a Xunta fixo un vídeo e Ronaldiño —que naquela época estaba moi de moda— rompeu a cristaleira da catedral, vostede xa era deputada. (*Risos.*) E por seguir cos símiles futbolísticos, cando Messi —por falar doutra estrela rutilante— empezou no fútbol profesional, vostede xa era deputada. E cando eu lle daba o biberón á miña filla, que tiña un ano e que agora está na universidade, vostede xa era deputada, señora Pontón. (*Aplausos.*) ¡Vostede xa era deputada! Entón, ¿que é o que nos está contando?

E mire, voulle dicir unha cousa, dende a cordialidade máis absoluta. Este sábado eu vou tomar posesión como presidente da Xunta de Galicia, e este sábado vostede levará 6.144 días de deputada neste Parlamento, dicíndolle a todo o mundo que leva moito tempo na política e en listas que perderon as eleccións. ¡6.144 días! Para min será o meu primeiro día, ilusionante como presidente da Xunta de Galicia. Non me cambio por vostede, sinceramente; non me cambio por vostede (*Aplausos.*)

E mire, eu non aspiro —Deus me libre— a ser o ideólogo do BNG. ¡En fin!, vostedes sigan insistindo. Despois de dezaioito anos con vostede á fronte —non á fronte, con vostede sempre presente na súa formación—, se a cousa é dicir quen leva moito tempo e que non, ¡alá vostedes! Xa digo que é difícil aconsellalos aí. En todo caso, o que si que lle vou recomendar é un pouquiño máis de humildade. Iso non estaría mal. (*Murmurios.*)

Mire, a maioría dos galegos teñen —non hai máis que ver cando se convocan eleccións— unha opinión bastante clara sobre ese nacionalismo que avasala, que oprime, que dá carnés de quen si, de quen non, de quen é galego e de quen non é galego. Xa imos tendo unha opinión bastante clara. Hai como unha crispación que vostedes ás veces queren implantar na rúa e que queren trasladar a este Parlamento, e os galegos temos unha opinión bastante



clara diso. Eu non sei se este triunfalismo que agora se gastan vén dalgún dato descoñecido e que non perciben máis ca vostedes ou se vén de que por fin pensan que xa se fartaron e cren que despois de corenta anos dos galegos equivocándose agora van cambiar e xa os van empezar a votar. Eu pídolles un pouco de humildade, como dicía, un pouco de respecto.

A señora Pontón falaba da derradeira noite electoral. A min gústame que colla a do ano 2020, porque, mire, nesa noite electoral, o Partido Popular tivo o 48 % dos votos e vostedes tiveron apenas o 23 %, non chegaron. É dicir, máis do dobre, máis do dobre dos galegos dixeron que preferían o Partido Popular sobre o Bloque. Polo tanto, señora Pontón, un pouco de humildade; dígollo sinceramente, un pouco de humildade. (*Aplausos.*)

E a partir de aí, señora Pontón, esa guerra que se traen vostedes de a ver quen é o gañador dos perdedores é unha cousa que lle deixamos co Partido Socialista e que encontramos moi lexítima, pero, no debate de investidura do candidato a presidente da Xunta, que veña vostede con estas liortas... Eu creo que hai outros lugares, pero se é o que quere facer, nós escoitámola con moita atención.

E respecto do Partido Socialista, señor Álvarez, eu creo que vostede —sinceramente, eu tamén estou aquí para dar a miña opinión— tivo unha postura máis institucional, máis consciente do que hoxe se está tratando aquí e se está decidindo. E incluso falou de «man tendida» —tamén falou a señora Pontón, despois de demostrar todo o contrario—. Eu a man tendida colleríalla se realmente soubera o que me está ofrecendo. Perdóeme que lle diga, e con toda a cordialidade, pero eu agora mesmo non sei se estou falando co portavoz, se estou falando co líder, co colíder, co presidente saínte, co presidente entrante, co que vostedes ventilaron a última vez... É difícil —e vostedes son un pouco de mapa e cantimplora— saber como está o Partido Socialista.

¡Home!, vostede dixo, cando me propuxo o presidente do Parlamento, que me ía escoitar e despois decidir. Despois veu o señor Caballero, Gonzalo —que non sabemos en que estado da transición está, dentro da liorta interna que teñen no grupo—, e dixo que diso nada. E despois o seu líder —o último líder, polo menos, que teñen—, o que vostede presentou e ao que despois lle deu o codazo, falou en vez de vostede hai dous días, e dixo que diso nada, que o Partido Socialista era como o Bloque e di que non sen escoitar. Polo tanto, é un pouco difícil saber exactamente se se pode chegar a pactos con vostedes. Eu, dende logo, estou disposto. Cando sexa presidente da Xunta, escoitareinos con moita atención. Espero que teña vostede un pouquiño máis, polo menos, de firmeza para manter as promesas e os compromisos que o seu xefe na Moncloa. Oia, houbo unha conferencia de presidentes hai moi pouco tempo e houbo un compromiso solemne do señor Sánchez de plantexar as rebaixas de impostos diante non só do presidente da Xunta e dos presidentes autonómicos do Partido Popular, senón diante dos presidentes autonómicos de todos os partidos políticos; compromiso absolutamente incumprido.

Polo tanto, é difícil saber se realmente vostedes, cando falan de tender a man e cando falan de ser positivos e de chegar a acordos, están falando en serio. Dende logo, se é para o que están facendo en Madrid, para manter a toda costa o señor Sánchez, para pactar a toda costa cesións intolerables que sempre veñen a Galicia, para iso comigo non conten, sinceramente; se é para outra cousa, pois cóllolles ese guante encantado.





E, por certo, preguntábame se estou disposto e se estou con forzas para o paso que estou dando agora mesmo. Absolutamente; honrado e absolutamente ilusionado. Non sei se sabe que é o portavoz número —estaba botando as contas no escano— 9, 10 ou 11 —tenme que perdoar— dos que tivo o Partido Socialista desde que eu son deputado, que é moito tempo despois do tempo dende que o é a señora Pontón. Entón, claro, eu dígolle: eu dou este paso porque estou moi orgulloso do paso que dá á súa vez quen é presidente da Xunta agora mesmo, que é Alberto Núñez Feijóo; un paso que lle pide moitísima xente e un paso que o vai levar á Moncloa, sen ningunha dúbida. (*Aplausos.*)

Vostede dáo por outra razón, eu creo que un pouquiño menos elegante, que é que tiveron o enésimo lío, tiveron que volver elixir, despois de ter elixido un líder, cambiarse... A vostede tocoulle, e quen o meteu na lista desprázao e está agora sentado aí. Eu téñolle moito respecto, e pídlle que mo teña tamén a min, porque creo que hai que intentar facelo o mellor posible; eu, dende logo, vouno intentar. Eu pódolle dicir que lle desexo moita sorte nos seus novos cometidos, porque será importante tamén que vostedes acerten. Pero non teña ningunha dúbida de que aquí collo isto coa mellor honra do mundo e, polo tanto, téndolles a man.

Escoiteille a vostede e ao seu xefe de filas, tamén á señora Pontón, os seus comentarios —que, por suposto, teñen que facer e as súas valoracións— do discurso do martes e dicir que non lles gustaban nada os temas que plantexei, os eixos sobre os cales eu articulei o meu discurso. Mire: traballo, familia e futuro. Xa escoitei, cando o dixeran, algunha risa por aí e algunha... Vostedes non entenden absolutamente nada. Eu non sei exactamente cales cren que son as prioridades, de que quere a xente que nos preocupemos, de que queren os galegos e as galegas que nos ocupemos de verdade. Eu creo, sinceramente, que eses son conceptos amplísimos onde cabe todo.

Por certo, non sei que teima teñen coa familia. Din: é que vostedes cren que só hai un tipo de familia, é que non o entenden. Nós entendemos que hai moitísimos tipos de familia. Cada un pode vivir como queira, pode fundar a familia que queira e pode organizar a súa vida como queira, (*Aplausos.*) e mentres non entendan iso non entenderán nada. (*Aplausos.*) ¡Non entenderán nada!, nin a señora Pontón nin o señor Álvarez. (*Aplausos.*) E é difícil entenderse así. (*Aplausos.*)

Vostedes deben pensar que a xente non quere que falemos de como crear cada vez máis empregos, de máis calidade e en mellores condicións. Deben pensar que a xente non quere que falemos, efectivamente, de como podemos, dende as administracións e, dende logo, dende a Xunta de Galicia, coidar a xente; como eu dicía no meu discurso, dende o berce ata o bastón: cando son pequenos, cando son fillos, cando son pais e cando son, ou cando somos, avós —o que decida selo—. A xente quere que falemos diso, e a oposición non quere que falemos do proxecto que temos para a Galicia de mañá, que, efectivamente, pasa por potenciar os nosos tecidos produtivos, por axudar a aqueles que eran moi potentes e que agora tamén —por moitas cousas que vostedes están facendo dende Madrid, vostedes executándoas e o Bloque apoiándoas— están poñendo en serio risco os sectores produtivos fundamentais para Galicia, as nosas empresas punteiras, o noso medio natural. A xente quere que falemos de todo iso, e eu era diso do que quería falar e do que intentei falar; e, dende logo, ao que me vou dedicar cando sexa presidente da Xunta.



Vostedes seguramente preferirían que faláramos doutras cousas. De espías non imos falar, dígoo sinceramente, non é o tema. Non queremos os desvíos de atención, que parece que a vostedes lles interesan; aquí imos falar doutra cousa, Galicia é distinta. Dende logo, un dos meus cometidos e obxectivos fundamentais vai ser intentar, precisamente, que todas esas cousas, esas liortas que vostedes montan en Madrid, aquí a Galicia non cheguen, como non chegaron ata o de agora.

E pensei que non ían nomear —pero si que o fixeron, e non o entendo, de verdade— o tema de que o presidente da Xunta vaia acceder á condición de senador. Mire, creo que esta polémica que intentan montar non lla cre nin os seus propios afiliados. Ou sexa, hai un político, un candidato, que, cando se lles preguntou nas eleccións, catro veces, aos galegos e ás galegas, se querían que fora o máximo responsable político de Galicia, dixeron que si, e agora resulta que hai algún problema en que sexa senador. Miren, todos sabemos as causas, todos sabemos o paso fundamental e o sacrificio —díxeno o outro día e vólvoa dicir— que sei que fai por intentar que a desfeita na que estamos agora mesmo en España teña outro rumbo e outra posibilidade. Pero eu estou seguro de que cos novos cometidos e no novo posto Alberto Núñez Feijóo e Miguel Tellado seguirán sendo servidores de Galicia dende o Senado. (*Aplausos.*) Hai que dicilo, e estaremos moi orgullosos de que o sexan. (*Aplausos.*)

E xa, mire, que vostedes —o Bloque— falen de líos internos, de mesas camillas —recor-dábao o noso portavoz, Pedro Puy—, vostedes, que tiveron nesa famosa asemblea de Amio —da que aínda se están recuperando e felices cada vez que recuperan a alguén; están encantados, que os traen... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)... Si, si, é o pasado do que nos falan todos os días. E cando alguén se achega, despois de toda aquela explosión que tiveron vostedes, están moi felices e moi contentos. E que falen de liortas internas dende o Partido Socialista, como fixeron estes días —hoxe non falou, pero si que falou estes días—, ¡home!... Se vostede pon un vaso no lugar onde celebraron a súa última elección de líder, aínda se escoita: tongo, tongo, tongo; e se o pon aquí no Parlamento, ao mellor tamén escoita: tongo, tongo e tongo. (*Aplausos.*) Polo tanto, ¡home!, teñan un pouco de coidado, e non quero mirar a ninguén, porque tamén lle teño moito respecto. (*Aplausos.*)

Miren, nós imos ter un congreso do Partido Popular de Galicia en dez días, e pódolle asegurar que de aí vai saír un equipo unido e preocupado para reivindicar o proxecto do que vimos ata o de agora e todo o que queremos facer. Esa vai ser unha diferenza importante.

Igual que pensei que non se ía atrever, señora Pontón —pero si que o fixo—, a nomear a guerra de Ucraína. Hai veces —e téñollo que dicir con todo o respecto, aínda que vostede vai dicir que non e incluso vai dicir que como me atrevo— que é mellor estar calado, de verdade. ¡Despois do exemplo que deron a nivel nacional...! Polo menos o señor Álvarez non nomeou a guerra. Pero, ¡home!, xa vimos a nivel nacional, señor Álvarez, como vostedes, por un lado, unha parte do seu goberno, pedía un aumento dos gastos en defensa —co cal nós estamos de acordo—; outra parte facía un comunicado de equidistancia culpable, outra parte, outros ministros do propio Goberno do que vostedes forman parte, do que o máximo responsable do seu partido tamén é o máximo responsable dese goberno... Bueno, vimos esas discrepancias, de atacar e de equiparar os atacantes cos defensores. E, bueno, vimos o do Bloque, señora Pontón, que eu sentín vergonza allea como galego. Realmente, que un representante





de Galicia —que, ao final, aínda que sexa do seu partido, é un representante de Galicia— sexa capaz de negarlle o aplauso a quen está xogando a vida pola liberdade dun pobo é realmente vergonzante. (*Aplausos.*) E hai que dicilo e hai que recordarllo. (*Aplausos.*) E non lle escoitamos a vostede condenalo en absoluto nunca. (*Aplausos.*)

Ríronse moito tamén das baixadas de impostos: que se non veñen a conto, que se son pouca cantidade... ¡Oia!, pois anímense tamén. Señor Álvarez —sobre todo dígollo polos incumprimentos do señor Sánchez—, todo é empezar. Proben a sensación de baixar impostos, xa verán como a xente llelo agradece; xa verán como ese empeño en facer todo o contrario non leva a ningunha parte. Cando máis falta fai que se baixen impostos, vostedes sóbenos, e os do Bloque aplauden, por suposto. Acaban de aprobar a certificación dese decreto que vai totalmente en contra do que tiña que pasar agora mesmo coa inflación galopante que temos. ¡Proben esa sensación! Claro, se non o fan nunca, non poden ir acumulando. O efecto acumulado é que Galicia vai ser a segunda comunidade autónoma onde as rendas máis baixas paguen menos impostos, un 25 % menos dende o ano 2009. Proben esa sensación, janímense! Teñen que apoiala porque, ademais, mire, non é só para as rendas máis baixas —que tamén—; agora mesmo hai quen máis o necesita e, polo tanto, é onde máis coidado imos ter e onde máis intensidade imos poñer.

Pero, por darlle outras cifras, un contribuínte galego sen fillos, que gane 23.500 euros ao ano —hai moita xente que está nesa situación, sen fillos, pero nese nivel de renda—, mire, xa paga 150 euros menos —grazas ás rebaixas que impulsou a Xunta de Galicia estes anos— que un contribuínte do Goberno socialista de Asturias. E se xa queren ir aos nacionalistas, que son a referencia dos seus compañeiros do Bloque, 180 euros menos que un contribuínte en Cataluña nesa situación. Agora enténdese por que discrepan e por que non lles gusta, por que non queren que se baixen impostos. ¡Proben a sensación! Dígollelo de verdade, proben a sensación. (*Aplausos.*)

E, vou intentar contestarlle —téñenme que perdoar, fun tomando nota—, vouno intentar. Dixeron moitas cousas, algúns datos. Vostede ten un problema coas cifras, señor Álvarez, recordáballo sempre o señor Feijóo e vólvollo recordar eu. Ou llas dan mal, ou as apunta mal ou directamente sabe que son mentira e cóntaas igual a ver se coan. Pero é que isto é un parlamento. Eu pediríalle máis rigor coas cifras. Era moito máis rigoroso coas cifras —e non era moi rigoroso— o señor Caballero que vostede. Polo tanto, quen lle dá esas cifras... Ten que axustarse un pouco á realidade porque, se non, se perde moita credibilidade. E a xente estanos vendo, non só me escoita a min agora, tamén o escoita a vostede cando fala.

Entón, claro, que falen, por exemplo, das privatizacións —que falaron os dous— na sanidade... Mire, sabe vostede... (*O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.*) —bueno, pois se non o falou vostede agora, igual o falou noutro momento, e entón vai pola señora Pontón, pero vostede atenda, porque algún do seu partido tamén o di; non se preocupe que tamén lle vai valer isto para quedar, non se preocupe—. Miren, atenda, con todo respecto, que creo que lle interesa, sinceramente. (*Risos.*) Porque, ademais, é que era o Bipartito e había un presidente socialista. Vostede supoño que estaría de acordo co que facían no Bipartito. Se non está de acordo, xa non llo digo, desculpe, pero seguro que hai algúns aquí que estaban de acordo. Entón, mire, voulle dicir que tanto falar da privatización da sa-



nidade e dos concertos e resulta que vostedes subiron, en apenas catro anos de Bipartito, os concertos na sanidade un 40 %; tanto os subiron que pasaron o gasto do Sergas —mire que é unha cantidade respectable— do 5,5 % ao 6 %. Chegamos no 2009, conxelamos os concertos, e empezaron a baixar; e, a partir de aí, mire, chegamos ao 2019 co 5,1 % —vostedes tiñan un 6 %—, e votaron en contra ademais, opuxéronse, a unha iniciativa neste Parlamento para que iso fora así e quedara blindado; dixeron que non. Polo tanto, ¿que nos están contando das privatizacións da sanidade?

Ou, por exemplo, do saldo migratorio; a mentira tantas veces repetida... Intentan que unha mentira repetida acabe sendo verdade, e non é así. Mire, o saldo migratorio entre 2009-2022 —que supoño que estará de acordo no período no que nós nos temos que examinar— é positivo en 72.000 persoas; saíron 347.000 e entraron 420.000; 72.000 persoas, e vostedes isto quéreno negar. Eu supoño que vostede o sabe. Entón, ¿por que o repiten sempre? ¿Por que sabendo que un dato que non é certo o repiten a ver se a xente acaba pensando que as cousas son así? ¿Sabe cal foi o ano onde máis xente nova, por certo, saíu? O ano 2007. ¿Sabe quen estaba gobernando? O Bipartito. ¡14.000 persoas! É bo que meta este dato tamén na cabeza, señor Álvarez. É bo que o meta para cando falen deste tema e para cando queiran dicir cousas que non son verdade.

Igual que a fenda salarial. Por suposto que hai fenda salarial e por suposto que temos que seguir mellorando nese aspecto. Pero, mire, somos a sexta comunidade autónoma coa fenda salarial máis baixa, que segue sendo moi importante. A fenda entre homes e mulleres é dun 19,3 %, case un 20 %. É unha cifra brutal, e hai que seguir baixándoa. ¡Home!, as cousas como son, somos, dende o 2009, a segunda comunidade autónoma que máis reduciu esta fenda salarial, do cal eu —e supoño que todos vostedes— nos sentiremos especialmente orgullosos.

Falaron tamén —e estou de acordo porque é un tema moi importante— do I+D+i. Hai algo innegable, primeiro, porque é un tema de país e porque aí está gran parte do noso futuro. Pero non é menos certo que se fixo un esforzo moi importante, un plan de 500 millóns e 5.000 investigadores e investigadoras acollidos a el. E están implicadas as tres universidades, están implicadas as fundacións sanitarias, todos os institutos e as axencias de investigación. Dende logo, por aí imos seguir. Somos a quinta comunidade autónoma que máis coida os I+D+i, por unha razón fundamental, porque sabemos que é o futuro e porque, ademais, queremos que os investigadores fagan o seu traballo aquí e que os froitos dos seu traballo queden aquí.

Polo tanto, neste tema é no que máis deberíamos tender a man, porque os investigadores o que queren é ver administracións amables e accesibles e que os apoiem e os valoren. E, dende logo, a Xunta de Galicia o vai facer. Supoño que falar disto sempre á contra nin lles fará moita graza nin axuda nada.

Falaron da educación tamén. ¡Home!, o discurso foi o de sempre. Vostedes aí están instalados nos tópicos, non queren ver as cifras nin queren ver o que fixeron vostedes en catro anos respecto ao peche de escolas, respecto a un montón de cousas que agora parecen esquecer.



Eu quería dar algunha cifra para que lles quede claro. Miren, temos unha ratio alumno-profesor que é a mellor de España: 9,2 fronte a 11,3 de media. Unha de cada tres aulas de infantil ou primaria ten menos de 10 alumnos e o 70 %, case 3/4 partes, teñen menos de 20. Somos a terceira comunidade autónoma en gasto educativo. ¿Sabe cales son as outras dúas? País Vasco e Navarra. Estará de acordo comigo en que non teñen o mesmo réxime; polo tanto, este é un posto moi meritorio.

O ano 2022 foi —e ademais así tiña que ser— o ano de maior investimento: 200 millóns máis que no ano 2021; 2.750 millóns de euros gastados en educación. Creo que son cifras meritorias. Claro que hai que mellorar, pero creo que agora mesmo é para estar bastante satisfeitos. E, ¡home!, é que non o digo eu, acaba de estar aquí o máximo responsable da elaboración e a coordinación do Informe PISA, que alabou a Galicia por varios motivos, e sabe que este é un informe que cando ten que dar caña tamén a dá, pero cando as cousas están ben feitas tamén o fai. Polo tanto, eu estou moi orgulloso de como se están facendo as cousas, e vostedes deberían, polo menos, non falar mal destes temas; e, se van falar mal, polo menos antes enterarse das cifras. Pode ter unha opinión política, pero —insisto— o que é medible —e en educación creo que hai moitas cousas medibles— é dificilmente opinable.

Hai unha cousa que dixó vostede, señor Álvarez, que me preocupou moito e que lle quería recordar. Vostede non está aquí para aclararme nada a min. O candidato son eu. Pero quero dicilo aquí e quero que quede dito, porque Galicia estará moi pendente. Vostede dixó, proclamou grandilocuentemente, que o Partido Socialista ía apoiar o Grupo Stellantis e ía apoiar Altri. ¡Ogallá sexa verdade! Porque despois —e preocúpame sinceramente o que dixó— dixó que, bueno, o tema do financiamento era unha responsabilidade da Xunta e que despois, se non hai financiamento, que a vostedes non lles conten nada. Diso nada, señor Álvarez; diso nada. Aquí hai fondos europeos nos que nos estamos xogando moitísimo. Stellantis é algo absolutamente estratéxico para Galicia. A instalación de Altri, á que vostedes —é verdade— non lle dedicaron moito tempo nin o martes —o martes non lle dedicaron ningún tempo, e hoxe practicamente nada—, é un antes e un despois para a provincia de Lugo, para o sector forestal de Galicia e para 2.500 familias que van ter un posto de traballo. Polo tanto, eu píddolle, de verdade, dende a cordialidade pero tamén dende a exixencia —e estarei moi pendente como presidente da Xunta—, moitísimo coidado con ese tema. Preocúpanos moitísimo ver como o señor Sánchez pasea polo Levante español anunciando os PERTE en convocatorias que aínda non están feitas, como manifesta o seu apoio expreso a unhas cantidades enormes para proxectos que compiten lexitimamente, pero compiten con proxectos galegos. Polo tanto, espero e píddolle que lle exixa ao seu xefe de filas o mesmo apoio, a mesma ecuanimidade e a mesma obxectividade para os proxectos galegos. Píddollo sinceramente e estaremos moi pendentes. *(Aplausos.)*

Isto non é unha cuestión da Xunta de Galicia nin do PP, é unha cuestión de Galicia, de moitísimas familias, de moitísimos postos de traballo e de futuro industrial. Polo tanto, eu, por suposto, cando o presidente do Goberno me reciba, levareille este tema, e pedireille compromiso, nin máis nin menos. Non queremos máis que os demais, pero tampouco queremos menos, e queremos que ese mesmo apoio, ese mesmo compromiso e esa mesma case certeza de financiamento sexa para todos ou, polo menos, que compitamos todos en condicións de igualdade.



Falaba tamén de execución de vivenda, creo que o dixeron..., ou que un dos dous o dixo tamén, pero tamén isto é algo que vale para os dous grupos. Outra vez teñen as cifras ter-xiversadas. Di que quedaron un montón de millóns sen gastar. Á parte dos problemas que temos — moitos deles en concellos socialistas, que son os das cidades, ou do BNG, ou onde gobernan en coalición— polo tema das licenzas, que iso, como vostedes saberán, condiciona moito a execución... Non, non diga claro, é que isto é así. Se non se dá unha licenza, é moi difícil. Se quere, ¡home!, se nos dá permiso, facémola sen licenza, fale cos seus alcaldes. Desde logo, iso a Xunta de Galicia non o vai facer. Dígoo porque este é un tema que tamén ás veces compromete a execución non só da vivenda, senón doutras cousas.

Pero, en todo caso, mire, Informe do IGVS, que está no Consello de Contas: o 80 % de execución no período 2010-2021; que, se se vai aos últimos cinco anos, é o 85 %. Ambas porcentaxes son superiores ás acadadas entre o 2005 e 2009 polo Goberno bipartito. Isto é o que hai. E, polo tanto, claro, se vostedes se empeñan en dicir que non se executa vivenda porque non se gasta... Isto é todo o contrario. Demos pasos moi importantes. Non lle quero agora dar as cifras porque vostede as coñece ou debería coñecelas, pero, se non ten as correctas, tampouco... Eu pódollas pasar. Fixéronse moitísimas cousas, tamén para a xente nova, en materia de vivenda, tamén para rehabilitación, tamén en colaboración con concellos —onde nos deixan— de todas as cores políticas; por suposto que si. E somos conscientes, ademais, de como vai cambiando a sociedade e de que agora hai que apostar tamén por todo o que ten que ver co alugueiro. Polo tanto, hai que apoiar, sobre todo, a xente nova para que poida acceder en condicións de ter unha vivenda digna, e isto ten moito que ver coa emancipación tamén da xente xove, efectivamente. Hai que axudalos para que poidan ter unha primeira vivenda en alugueiro, e estamos facendo moitísimas cousas. Non lle quero dar as cifras, pero podo facilitarllas sen ningún problema.

Señora Pontón, mire, é que eu non son capaz... ¡Tantas veces falou aquí da tarifa eléctrica galega sen dicirnos en que consiste! Tantas veces falou aquí diso, e agora, que estamos vendo recibos brutais da luz, vólveo dicir outra vez, sen concretala nunca, sen dicirnos que pasaría coas compensacións que está recibindo Galicia agora mesmo co sistema actual, quen nola daría, en que condicións, en que prazos e como impactaría no recibo das persoas, que é o que importa. A vostede iso dálle igual, porque sabe que é unha proclama que lanza aquí, que nunca vai ter que levar á práctica, salvo na súa investidura dos mundos de Yupi, e, entón, claro, sóltao aquí.

Pero hai que ser moito máis serios, ¡eh!, porque despois estas cousas hai que aplicarlas e a xente toma nota e pode levar unha gran decepción. Igual que co sistema económico, o certo galego. ¡Oia!, todos os expertos, incluídos expertos de esquerdas moi recoñecidos, dixeron que sería absolutamente prexudicial para Galicia; que nos suporía unha cantidade a maiores de deixar de ingresar ou de ter que pagar de 1.000 millóns de euros, nada máis e nada menos. Vostede, como manexa os millóns e pon 200 nun sitio, 200 noutro, toda a rede e nunca di de onde os vai sacar, pois ben, sóltanos aquí tamén o do concerto económico galego como se fora unha panacea. E diso nada. Esa é a diferenza que a xente ten que ver: como é o Bloque, como é vostede. Claro, en tantos anos de experiencia, tivo momentos para madurar isto moitas veces e, en cambio, sempre está co mesmo; sempre está con proxectos e con fórmulas que non van a ningunha parte, e isto a xente é bo que o saiba, é bo que vexa a



diferenza entre un goberno que intenta, ou intentamos —e creo que o conseguimos—, non mentirlle á xente, non facer nada que non se poida facer, e ser pouco serios. Ao mellor, por iso levamos trece anos nós aquí e vostede aí; ao mellor esa é unha das cousas. ¿Danse conta? (*Aplausos.*)

E miren, eu estou seguro de que os galegos que nos estean vendo hoxe e os que mañá lean nos xornais e nos medios de comunicación o que hoxe se falou aquí entenderán que hai un debate lexítimo, entenderán que se digan moitas cousas, pero tamén o que queren é que lles digamos como imos solucionar os enormes e acrecentados problemas que ultimamente temos enriba da mesa. Polo tanto, esperan propostas construtivas, esperan propostas realistas e esperan que sexamos útiles. A min paréceme absolutamente normal, ¡que menos! Hai moitas dificultades, e as dificultades, como lles dicía, non empezaron onte nin empezaron coa guerra de Ucraína. Vostedes utilizan o señor Putin como comodín para explicar moitas cousas, e, evidentemente, a guerra non facilitou nada, antes ao contrario, agravou moitas cousas, pero había moitos problemas anteriores, ¡eh! Levamos moito tempo sufrindo unha elevada inflación, e o Goberno central, sen facer nada; levan as familias moito tempo recibindo facturas da luz cada vez máis imposibles de abordar, e vostedes mirando para outro lado, prometendo fórmulas que non aplican ou que non valen para nada. As empresas, algunhas punteiras galegas e fundamentais para o futuro do noso tecido económico, levan padecendo crises de subministracións que as lastran, que as poñen en dificultades, e vostedes, de todo o que podían facer a nivel gobernamental, non están facendo nada.

Polo tanto, eu creo que o primeiro que necesitan os cidadáns, canto máis difícil é a situación, é un goberno sincero, iso en primeiro lugar. Á xente hai que mirala á cara, hai que explicarlle o que hai, hai que explicarlle o que se está facendo por solucionar os problemas, cada un na esfera das súas competencias. E todos temos competencias, a oposición tamén, por exemplo, para non facer propostas irrealizables.

Non hai que ocultar os problemas, tampouco hai que intentar magnificar os acertos; a propaganda non o pode todo. Polo tanto, eu creo que hoxe máis que nunca a xente o que vai pedir —e eu téño clarísimo, porque sei de onde veño, do Goberno do que formaba parte, e sei o que teño que facer— é gobernos responsables.

Mire, eu creo que se foron conseguindo cousas. Dende o ano 2009 o produto interior bruto per cápita en Galicia mellorou. ¿Como non vai mellorar? Tivemos momentos moi complicados, pero tamén tivemos momentos de pulo económico, e aproveitámoslos. E tivemos a segunda maior subida de Galicia do PIB. Isto hai que dicilo, porque explica moitas cousas, non só se a Xunta o fixo ben ou deixou de facelo ben; isto fala do esforzo da xente e das familias: case un 20 % de subida dende o ano 2009. Creo que isto é meritorio. ¿Por que? Pois xa lles digo: polo esforzo das familias, polo funcionamento do sector téxtil, que é punteiro, do que estamos orgullosos, do automobilístico, do sector marítimo... Vostedes seguen sen entender nada, seguen dando cifras que non son así, seguen sen entender o crecemento que houbo nin os problemas que teñen agora, polo menos polo que dixeron. Eu vía a cara da conselleira do Mar —que creo que é das persoas que, dende logo, a nivel administrativo, máis sabe deste tema— de non entender nada, igual ca min, que non entendemos nin o que pasou, nin o que está pasando, nin os retos que hai.





Eu sei que estas cifras, estas boas cifras que tivemos durante estes anos, agora non son ningún tipo de consolo para a xente que o está pasando mal. Hai moita xente —¡moita xente!— que perdeu o seu traballo; hai industrias estratéxicas que daban moito traballo en Galicia e que por culpa da súa errática política enerxética —e isto hai que dicilo, porque teñen unha culpa directa; esas proclamas de aplicar boas ideas como elefante en cacharrería— pois chegaron ao que chegaron. Hoxe en día hai empresas como Alcoa, como Alu Ibérica, como Endesa, nas Pontes, como Vestas —eu nomeábaas o outro día no meu discurso— que xa non teñen futuro ou teñen un futuro complicadísimo. E isto ten que ver moito con decisións que vostedes tomaron ao tolo, sen pensalas, dende o Goberno central e sen que aquí houbera un partido, nin un que se chama nacionalista nin outro que di que ten moita autonomía —iso si que o dixo vostede aquí—, que ao final foran capaces de dicirlle que así non se vai a ningunha parte, senón todo o contrario. Agora estamos vendo as consecuencias, e a Xunta de Galicia, por suposto, ten que facer o posible para mitigalas e para intentar revertelas no que poidamos. O malo é que non podemos facer todo como nos gustaría, porque non temos esa competencia aínda.

Pero non imos quedar parados. Esta política enerxética errática non pode seguir cobrando novas vítimas. O que temos que facer é impulsalas na parte que poidamos, por iso lle dicía que é tan importante. E volvo remarcárllelo, señor Álvarez e señora Pontón, sexan conscientes de que isto é un proxecto de país. Os grandes proxectos, que teñen que ser apoiados con fondos europeos, necesitan o apoio, o empuxe e o obxectivo de todas as forzas políticas. Polo tanto, xa lles digo, estaremos moi atentos. E, mentres, seguiremos consolidando todo o que se fixo estes anos. É estratéxico e de futuro o sector agroalimentario, do cal faláronvos tamén. Hai empresas que están creando moitísimo valor engadido e que tiveron o apoio da Xunta de Galicia: Inleit, Entrepinares, Coren, Aceites Abril, Estrella Galicia. No sector conserveiro hai magníficos exemplos tamén. O sector naval, que agora volve ter unha oportunidade, ten que seguir repuntando, ten que aproveitar o bo momento para recuperar a súa puxanza, que se abre no mercado internacional, con maior demanda de barcos. Hai espazos económicos emerxentes fundamentais que foron moi ben apoiados dende a Vicepresidencia económica: o polo aeroespacial de Rozas, que ten un enorme futuro e que se está consolidando día a día; o polo biotecnolóxico; o Zendal xa é un referente. E ten que medrar iso todo moitísimo máis. O emprendemento é fundamental, por iso estamos potenciando as aceleradoras de empresas, especialmente no rural. Aquí hai moitísima xente con talento que quere emprender, xente moza; polo tanto, temos claro que hai que seguir apoiándoos a tope, a pesar das trabas que lles poden poñer vostedes con decisións estruturais moi complicadas. Porque, ademais, isto é o que se traduce en boas cifras no ámbito laboral, e hai que dalas tamén. Temos máis afiliacións que no ano 2009 á Seguridade Social. Isto é certo. ¿Gustaríanos ter máis aínda? Si, pero temos máis, o saldo é positivo. E estamos nun momento, como lles dicía, complicadísimo.

Hoxe hai 60.000 galegos menos na cola do paro que no ano 2009. Esta é outra cifra que non lles gusta nada, igual que cando falan da evolución da débeda. Ben, eu creo que se no día de hoxe cren ou pensan que alguén os vai crer en que se algo non fixo Galicia é, precisamente, ser especialmente meticulosa coa obriga de non endebedarse para non perder autonomía, como lles dicía no discurso do martes, e para non ter que ser intervidos polo Goberno central —hai que ver os nacionalistas, aos que parece que lles dá igual—... Pois todo isto é,





precisamente, porque non nos endebedamos cando esa era a solución fácil. Hai cifras moi boas, cifras récord de contratación indefinida, pero non de agora —que xa sei que mo van dicir—, non, non, de durante a pandemia, que medrou a contratación indefinida. Iso fala moito de que aquí había alicerces sólidos economicamente.

Temos —xa lle dicía— a economía do futuro, o I+D+i —xa me referín antes a iso—, porque vostedes fixeron unha ampla e creo que inxusta —polo menos polos datos— referencia a iso, que espero que quedara contestada, e temos un desafío fundamental que a min me preocupa moitísimo, e espero que lles preocupe a vostedes tamén. Dende logo, ao meu grupo e a este goberno lle preocupa moitísimo, porque este é o gran reto que ás veces non somos capaces de ver, que é todo o que ten que ver co desafío demográfico.

Vostedes xa non estiveron moi á altura cando non quixeron que se aprobara aquí a primeira lei que foi pioneira para facer fronte aos retos que nos plantexa a demografía, aos gravísimos retos e aos gravísimos problemas que, non só Galicia, pero tamén Galicia, ten plantexado no eido demográfico. Non quixeron apoiala, e despois chegou Castilla-La Mancha, gobernada polo Partido Socialista, e ¡joia! eu aí alégrome de que o meu partido si que estivese á altura, se dera conta de que tamén eles teñen un problema e de que, polo tanto, había que apoiala. Esa é a diferenza tamén, que creo que é importante.

Pero, bueno, polo menos conseguimos ter a lei, e agora o que hai que facer é desenvolvela, e para iso tamén pido aquí o apoio de toda a Cámara, dende a lexítima discrepancia política. Este é outro reto de país que deberíamos ter en conta. Xa digo, non estiveron á hora de aprobar a lei, pero espero que estean agora á hora de desenvolvela. E, dende logo, imos seguir actuando.

A conciliación é fundamental. É que esta lei á que me acabo de referir falaba moito de conciliación. É que é o futuro, é que se non temos unha boa conciliación é moi difícil facer fronte, co que está cambiando a sociedade, a outro tipo de retos demográficos. E estamos actuando seriamente: dobre de prazas en escolas infantís que hai trece anos, ¡dobre de prazas! É unha das ratios —xa o dixen antes— de escolarización máis altas de España, moi por riba da media. E, ademais, todas e cada unha das escolas infantís de Galicia serán gratuítas a partir do curso que vén, e isto hai que dicilo, porque é moi importante, ¡é moi importante! (*Aplausos.*) Isto non pasa en ningún outro lugar de España; en Galicia, si pasa, e custa un esforzo importante para os impostos dos galegos e das galegas, pero vale a pena, porque este é o camiño.

Chamoume a atención —e perdoe que llo diga— a coña —por dicilo coloquialmente— con que toman o tema dos campamentos. En principio, dicían que a xente xove non quere campamentos, que quere oportunidades laborais. Primeiro, vostede non sabe que os campamentos son de 9 a 18 anos; polo tanto, en fin, (*Murmurios.*) primeiro hai que saber do que estamos falando porque, se non, un non se explica moitas cousas. Ao señor Formoso, aquí presente, facíalle moita graza. Supoño que el o tema da conciliación o ten solucionado e non ten ningún problema, pero a xente que necesita os campamentos no verán para conciliar agradéceo moitísimo. ¡A ver se nos poñemos no sitio! (*Aplausos.*) Ás veces non é malo pensar que, ao mellor, o que non necesita un, porque lle van ben as cousas, o necesita a maioría da xente.



(*Murmurios.*) Nós intentamos facer iso, e así, polo menos, intentamos acertar, e creo que, vistos os resultados, cada vez que preguntamos estas cousas, ás que vostedes non lles dan importancia, porque ao mellor non os afectan directamente, acertamos, porque hai moita xente á que lle afectan e, polo tanto, están pendentes de que sexamos útiles; e anúnciolles que por aí imos seguir.

A nivel educativo, xa lles dicía, ¡que interese en falar mal da educación e de que o sistema público de educación en Galicia non é bo! É excelente. Polo tanto, vostedes non o din, ¡menos mal que o di o Informe PISA! Seguiremos por aí, seguiremos corrixindo as eivas que nos din que hai, que por suposto que as hai, e seguiremos incidindo no que realmente cremos que está ben. Temos claro que a educación do futuro en Galicia ten que ter máis competencias STEAM, ten que facilitar o acceso das mulleres mozas a ámbitos da formación nos que aínda non teñen moitas presenza, ten que haber máis linguas, ten que haber máis innovación... Temos que seguir potenciando as nosas tres excelentes universidades públicas, dándolles máis graos, con ese obxectivo —que non é un tema menor— de que calquera persoa que queira estudar un grao en Galicia, que queira quedar en Galicia, poida facelo, para que a carreira que queira facer a teña aquí. Iso é moi importante. E despois está a especialización, os másters e a formación profesional, á cal vostedes non lle dan ningunha importancia. ¡Como se nota que non gobernan! ¡Como se nota! Vostede dicía: saia a rúa e fale coa xente. Pois, mire, foi o que fixen, foi o que fixo o conselleiro de Educación e foi o que fixo o Goberno, e por iso potenciamos a formación profesional. Vostede debería saír un pouco máis, sinceramente. (*Aplausos.*)

A formación profesional é outro tema estrutural. Ao que os chamo é a que se dean conta de que aquí, nisto, Galicia se xoga moitísimo. Hai que estimular os rapaces e rapazas a que estuden o que queiran, pero tamén a que vexan a formación profesional e as inmensas oportunidades laborais que dá agora mesmo como unha oportunidade na que tamén se vai desenvolver Galicia, e para facer unha boa conexión coas empresas. Esa FP dual cada vez ten máis potencia en Galicia. Estannos poñendo de modelo en oitos sitios. Que siga para adiante, isto é importante, e non lle deron ningunha importancia, nin antonte nin hoxe. Pois para nós e para min, dende logo, xa lle podo dicir que vai ser moi importante.

E, por suposto, a nivel sanitario, ¡cantas mentiras e canta demagogia —perdoe que llo diga— teñen vertido con respecto á excelente sanidade pública galega!, que isto é o primeiro. ¡Que manía de falar mal da sanidade pública galega! Isto fai moito dano. Claro que hai cousas que mellorar, por suposto, pero, ¿que cre?, ¿que non o sabemos? ¡Pero se levamos trece anos intentando e conseguindo mellorar a nosa sanidade! Somos perfectamente conscientes dos problemas, dos retos e das dificultades que hai agora mesmo. Sabémolo perfectamente.

Claro, aquí, señora Pontón —a vostede especialmente—, vostede volveu outra vez soltar por aí o dos 200 millóns de euros, pero non di nin para que, nin exactamente como vai facer. Vostede tira dese caixón, dese concerto galego, que para vostede é marabilloso, e di que todos os problemas da sanidade pública en Galicia se solucionan con cartos, pero sen dicir en que os vai investir. Para empezar, eses 200 millóns xa foron investidos. Investíronse 200 millóns de euros máis na primaria este ano que o ano pasado. Iso é o primeiro. A vostede, como iso non o sabe —e, se o sabe, nin lle preocupa, ou lle dá igual—, iso é o primeiro que teño que



dicirlle. Agora, hai cousas que non se poden facer con cartos. ¿Por que non aproveitan vostedes esa influencia, esa independencia e esa capacidade decisoria da que votedes tanto presumen para falar dos problema de Galicia? Señores do Bloque, que non ven máis que a vostedes fronte ao Goberno de Madrid, ¿por que non aproveitan para dicirlle ao Ministerio de Sanidade, para dicirlle ao señor Sánchez, que nos deixe facer esa convocatoria de 64 médicos de MIR extraordinario? (*Aplausos.*) ¿Por que non o din? ¿Por que non o fan? É tan sinxelo como iso. ¿Isto ía solucionar todos os problemas da primaria? Non, pero ía axudar. Pero non o podemos facer. ¿Por que non lle din que se eliminen esas limitacións das taxas de reposición? ¡Pero se nos imos encargar nós! ¡Que empeño e que manía! ¿Por que non son capaces de transmitirllas —que supoño que o entenderán— a necesidade de crear esa especialidade en medicina de urxencia que tanto impacto tería na distribución que se fai agora mesmo dos profesionais que optan pola primaria? ¿Por que non fan todo iso? ¿Por que non lle fan un servizo ao país e se dan conta de que isto non é interese do Partido Popular nin interese sequera do Goberno actual da Xunta? É interese de Galicia, e empezariamos a solucionar moitos temas. E todo iso engadiríase aos esforzos que xa están feitos.

¡Oia!, é que non queren ver que os hospitais galegos tiveron, están tendo e terán —aínda non rematou todo este proceso— un investimento enorme que os está convertendo en hospitais absolutamente punteiros. É non querer ver a realidade; é non querer vela ou vela e querer negala, por interese políticos, evidentemente. É non querer ver que se están abrindo centros de saúde, que se están mellorando os que había, que se está facendo un esforzo moi importante en contratación, que se está facendo todo o posible e que se fixo un esforzo enorme durante estes anos de pandemia grazas á excelente sanidade pública que tiñamos. (*Aplausos.*) Todo iso vostedes non o queren ver, ¡non o queren ver!

E se cren que intentando falar da sanidade con utopías, con milongas, con cousas que saben que non van poder ser, sen falar seriamente —que para falar seriamente sempre estaremos dispostos—, se soluciona moito máis... É o rédito político mínimo que non os leva a ningunha parte. ¡Se levan moitos anos facéndoo! E xa ven como están vostedes e como están os galegos cada vez que lles preguntan quen quere que siga gobernando.

Polo tanto, eu tamén lles pediría aquí un pacto de país, falar con seriedade e arreglar problemas, que os hai, e eu non os nego, nunca os negamos, pero, dende logo, o que non se pode facer é contarlle á xente nin cousas que non hai, nin contar esas realidades, nin, sobre todo, non facer nada, fronte ás solucións que tiñamos aí diante e que non dependen de nós. Non se preocupen que en canto poidamos tomar estas decisións a nivel nacional estou seguro de que as imos tomar. Mentres, pasa o tempo, e, polo tanto, tentamos que estas solucións se fagan xa. Polo tanto, pídolles tamén aí que fagan un esforzo especial.

Igual que din que non facemos nada pola xuventude. Creo que no meu discurso lle dediquei unha parte importante. Unha das tres rían cando falaba da xuventude. Eu vía risiñas por aí... É que vostedes son os que reparten os carnés, os únicos que entenden a todo o mundo, os únicos que saben as necesidades. Diso nada, a xente nova ten moitas necesidades, a xente nova é presente e é futuro, e estamos facendo moitas cousas, aínda que temos que facer moito máis. A primeira e fundamental —que vostedes esquecen moitas veces, cando fan esas separacións na sociedade; o nacionalismo sempre separa todo, e non se dan conta de



que isto non é así— é que o segredo é mesturar e que somos unha sociedade unida. Polo tanto, nós queremos facer esa ponte que una a ilusión, o impulso da xente nova, coa sabedoría e a experiencia da xente que ten máis idade. Isto é fundamental e isto, dende logo, ímolo facer, e así se combaten moitas cousas, como a precariedade que hai no traballo.

Melloraron moito as cifras, afortunadamente, respecto do desemprego xuvenil e respecto da alza dos salarios, pero aínda teñen que mellorar moitísimo máis. Somos perfectamente conscientes de que emanciparse segue sendo un problema, ¿como non? Creo que todos o vimos de cerca ou coñecemos casos moi de cerca, e, polo tanto, non nos teñen que contar absolutamente nada diso. Por iso incidimos na vivenda, por iso incidimos nas oportunidades, por iso queremos dar eses incentivos á contratación, por iso queremos que non se poñan tantas dificultades e por iso queremos que as empresas galegas punteiras, estruturais, teñan futuro e non teñan que pechar polas súas decisións en materia enerxética, que aí tamén hai moita xente nova traballando e moita xente nova que quere quedar en Galicia.

Dende logo, imos seguir traballando en atención á dependencia: 2.000 prazas novas nesta lexislatura. Vostede ri moito, e parece que conseguir investimentos de xente, como é a Fundación Amancio Ortega —que quere deixar a súa pegada en Galicia e que quere que parte dos seus beneficios queden na terra, de quen empezou todo aquí—, a vostedes dálles moita risa, parece que o queren descualificar e que iso non vale. Pois vale moitísimo, e van ser case mil prazas de novas residencias, que se van engadir ás que xa estamos facendo. Isto é fundamental. Polo tanto, benvido sexa ese crecemento, que é fundamental e que é o que a xente pide. ¡Oia!, é que as porcentaxes entre o que vostedes nos deixaron e o que temos agora son brutais, tamén en coidados públicos, tamén en dependencia. ¿Que vai pasar cos 2.100 millóns de euros que xa nos debe o Estado —non só son do seu goberno, pero nestes tres últimos anos aumentou moitísimo a débeda que o Estado lle ten que dar a Galicia pola atención á dependencia—? Nós estamos cumprindo, e vostedes non están ingresando un euro. Aquí hai que denunciar outras cousas, pero os cartos que non lles chegan aos dependentes porque o Goberno central non paga, iso non mereceu —nin cando fixeron ese famoso pacto aínda sen desenvolver— nin metelo aí, e é moi importante.

Igual que é importante —estamos de acordo— axilizar todo o tema das valoracións. E, efectivamente, outro dato que non dan ben —e dubido de que non o coñezan, pero, se non, por se acaso, xa llelo digo eu— é que incrementamos moito os equipos de valoración, que reducimos os tempos de espera un 25 % —iso son case cincuenta días— e que simplificamos os procedementos. ¿Que hai que seguir mellorando? Por suposto, pero isto é fundamental, e témolo moi claro. ¡Que bo sería que se complementara tamén co financiamento que nos debe o Goberno central!

E, desde logo, queremos seguir sendo líderes en enerxías renovables, por moitos impedimentos que votedes poñan. A señora Pontón, a portavoz do Bloque, falou varias veces deste tema, sempre para dicirnos que non lle gusta o que se está facendo, pero nunca para dicirnos como faría ela. Iso de «en Galicia si, pero non así», é unha frase moi do Bloque que o único que fai é paralizar as cousas e non avanzar. Mire, este é un tema estratéxico. Xa sabemos como as gastan vostedes en enerxías renovables, no sector eólico. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se queren, recordámoslle outra vez, señora Pontón —que vostede estaba;



polo tanto, seguro que o recoñece e se acorda perfectamente —, aquelas discusións que había sobre o primeiro plan eólico do Bipartito; aquel plan estrela que acabou estrelado e que motivou unhas sospeitas rarísimas e unhas discusións entre a parte socialista —que naquela época xa era máis parte que nunca— e a parte do BNG, que estaban máis separadas que nunca. Iso foi un escándalo a nivel nacional e paralizou e nos puxo moito máis difíciles as cousas cando chegamos nós para darlle ese impulso fundamental e que necesitaba o sector eólico en Galicia. Pero, dende logo, ímolo seguir facendo; imos seguir apostando pola eólica, terrestre e mariña, polo hidróxeno verde, polo biogás e por todas esas enerxías que en Galicia teñen tanto futuro e ás que non imos renunciar.

E moitas grazas por facer esa alusión ao Xacobeo. Non lles gusta nada que falemos disto. Ao BNG directamente lle molesta, e tamén ao Partido Socialista. Sinceramente, creo que non lle dan a importancia que ten. Eu diríalles que falaran cos alcaldes socialistas polos que pasa o Camiño e que dunha maneira ou doutra se ven beneficiados, para darlle a importancia que ten, pero xa non intrinsecamente polo que supón de PIB, que pode supoñer ata un punto —e eses son moitos cartos—, senón polo que é de marca Galicia, polo ben que fala de nós, polo posicionamento no que nos pon nestes momentos, onde todo o mundo se está relocalando. No mundo turístico, o Xacobeo é unha marca que envexa todo o mundo e, polo tanto, que temos que potenciar, e eu pediríalles que botaran unha man.

Tamén ridiculizaron esa medida do Xacobeo xove. ¡Oia! Pois é unha medida máis que se suma a todo o que se fixo. Isto é un pouco como o que lle dicía ao señor Álvarez dos impostos: todo é empezar, e xa verá que gusto dá ir facendo unha cousa pouco a pouco. Se nunca se fai nada e se ridiculiza todo aquilo que a xente apoia, así é moi difícil despois, cando piden apoios, que a xente lle dea o seu voto nas eleccións. Polo tanto, sigan así, eu estou encantado. *(Aplausos.)*

Miren, para pechar esta intervención, como lles dicía, o que é medible non é opinable e, polo tanto, creo que é bo deixar —e perdoen se repito algunha cousa— claros algúns datos deste balance que tanto lles molesta. ¿Como non lles vai molestar que fagamos balance? ¿Como non lles vai chirriar que eu diga que estou orgulloso dun goberno do que formei parte e que creo que fixo as cousas moi ben, cos diferentes compoñentes e cun presidente á cabeza, durante trece anos? Claro, é que cada vez que se lles pregunta aos galegos, os galegos dicían que estaban de acordo; seguíanos a nós, non a vostedes. Polo tanto, eu supoño que todo ese tema lle chirría especialmente, pero hai cousas que hai que deixar claras, e se algún día teñen a oportunidade de xestionar vostedes todos estes asuntos, é bo que saiban de que verdade se parte para intentar melloralas tamén, nada máis que para iso, e sen renunciar ao que é unha realidade. A realidade é que ata que chegou a pandemia dende o 2009, Galicia era a segunda comunidade autónoma onde máis creceu —como lles dicía antes— o PIB per cápita —isto é unha realidade, a segunda de dezasete—. E ata que chegou a pandemia, en Galicia acadouse o maior nivel histórico de converxencia en renda con España, o 91 % —isto é outra realidade—. Somos a única comunidade autónoma de réxime común que non precisou ningún mecanismo extraordinario durante a crise, mantivemos o autogoberno —isto que lles dá igual aos señores nacionalistas, ás señoras do Bloque, é unha realidade—. Pasamos con vostedes de ser a quinta comunidade autónoma con máis débeda por PIB —en 2008— á terceira con menos débeda no 2021. Dígoo porque antes falaban do endebedamento de Galicia.





¡Home!, eu creo que isto é un pouco como o do Senado, non llelo cren nin os seus militantes. Controlamos o déficit público, e lográmoslo con menos impostos, con 1.200 millóns de euros que lles aforramos aos galegos e que lles devolvemos para facer toda esta creación de prazas e esta mellora da sanidade pública e do ensino público. Para iso foron eses 1.200 millóns.

Temos o récord en exportacións —en 2021, 25.000 millóns de euros—; 60.000 parados menos que cando chegamos; máis afiliados á Seguridade Social —xa llelo dixen antes— que cando chegamos —co récord histórico en mulleres afiliadas á Seguridade Social—; a comunidade autónoma con máis aumento relativo na porcentaxe dos salarios; récord de turistas no ano 2019 —e recuperándonos a marchas forzadas para bater o récord neste ano 2022—; mellores infraestruturas en sanidade —con máis tecnoloxías, tecnoloxías punteiras que salvan moitas vidas e que non hai en ningún outro hospital de España e que as temos en Galicia—; e xa falei no meu discurso de todo o que se fixo, do labor —un caso evidentemente recoñecido— que se fixo durante a pandemia respecto da vacinación, entre outras cousas.

Fomos a comunidade autónoma peninsular con menos mortalidade durante a pandemia, con maior vacinación, menor abandono escolar, mellores resultados PISA, con récord de matrícula en FP, taxas de universidade máis baixas de España outro ano máis —e así seguiremos—. En servizos sociais temos máis prazas públicas en todos os eidos, por suposto, que no ano 2009. Pasaron moitos anos, pero é que, se fósemos na proporción que ían vostedes, isto non sería así; polo tanto, disparámonos estes anos en crear prazas públicas. O seu ritmo pódolles dicir que en tres anos, e tendo moitos máis recursos ao seu dispor, foi moito máis baixo. Foron catro veces máis os dependentes atendidos, e gratuítas as escolas infantís. En xustiza, todas as sedes xudiciais renovadas, todas as salas de vistas dixitais.

En fin, podería seguir con moitísimas cifras pero eu creo que vostedes as coñecen perfectamente. O malo é que algunhas as repiten intentando que a xente crea que non é verdade o que realmente é verdade. Eu creo que non os cren, pero vostedes ségueno intentando. E, polo tanto, nós o que faremos será seguir intentando e seguir querendo acertar no Goberno.

Falaban vostedes de continuísmo, dicíano do meu discurso. Dixeron o outro día e dixérono hoxe tamén que é continuísta. Bueno, ao mellor é que pensaban que ía dicir que non, que eu rachaba con toda a etapa anterior e que o que quería son as políticas do Bloque e as políticas do PSOE. Se era o que pensaban, sinto decepcionalos. As políticas do PSOE e as políticas do Bloque non as quero nin de broma, ¡nin de broma! (*Aplausos.*) O meu proxecto —xa llelo dixen— é continuar por esta senda, porque creo que é o que os galegos avalan, e mantendo moitísimo e intentando corrixir as cousas que haxa que corrixir. Tivemos fallos, por suposto. ¿Hai marxe de mellora? Por suposto, moitísima. A palabra «continuidade» ¿é boa ou é mala? Pois depende do que se estea continuando. Eu creo que vostedes son continuístas, sinceramente. Levan moitos anos persistindo nas mesmas propostas, sen adaptarse, sen cambios, sen recoñecer un só fallo. Vostedes si que non recoñecen fallos, todos os fallos son dos demais, todos os fallos son de todo o mundo menos de vostedes.

E acaban de anunciar aquí nesta intervención —e supoño que non van rectificar na segunda quenda— que van facer a mesma oposición e as mesmas receitas e as mesmas críticas e a mesma falta de autocrítica que os levou a perder no ano 2009 —a primeira, cun goberno





case inédito—, que os levou a perder no ano 2012, que os levou a perder no ano 2016, que os levou a perder no ano 2020 e que os levará a perder no ano 2024, non teño ningunha dúbida. (Aplausos.)

Miren, nós queremos continuar por esta senda, e ímolo facer. Eu creo que houbo unha mellora sen precedentes —acabo de dicir as cifras— e tamén con moita marxe de mellora cara adiante. E insisto e quero que quede claro: eu son perfectamente consciente das cousas que aínda non están feitas, das cousas que deben ser corrixidas, ¿como non? É que un goberno, para mellorar, ten que ser consciente diso. Por iso lles dicía que o espírito de autocrítica, o realismo, tamén é moi importante, darse conta do que estamos ventilando. A señora Pontón —insisto— despois de tantos anos segue sen darse conta realmente do que hoxe estamos ventilando aquí. Eu laméntoo, porque entón non fará unha oposición construtiva, e necesitamos unha oposición construtiva.

Aquí hai que seguir facéndose preguntas. A primeira é se queremos continuar creando emprego de calidade e consolidando o emprego que temos. A resposta é que si. Se o preguntan pola rúa, señor Álvarez, vanlles dicir que si. Pregunte vostede. ¿Queremos seguir consolidándonos como a comunidade autónoma en España que apoia máis as familias —sen ese concepto sectario que teñen vostedes das familias, con esa falta de visión ampla da sociedade que nós si temos—? ¿Queremos seguir apoiándoas, sexa a familia que sexa? A resposta vai ser que si. Mentres non entendan iso, non entenderán o que pide a sociedade. ¿Queremos continuar atraendo novos investimentos?, ¿queremos que Altri sexa o primeiro eslabón de moitas boas novas que teñen que vir? Si, por suposto. Por iso —vólvolles dicir— estaremos moi atentos a como transmiten, xunto con nós, as necesidades e o que se xoga Galicia. A resposta é que si. ¿Queremos continuar conseguindo resultados educativos de récord, un ensino público que cada vez teña máis calidade e que cada vez sirva para garantir máis a formación da xente moza para que, á súa vez, garantan o futuro de Galicia? A resposta é que si, sen ningunha dúbida. ¿Queremos continuar innovando e mellorando todo o que hai que mellorar en materia sanitaria? ¿Queremos seguir reforzando agora máis ca nunca a atención primaria? Si, pero con realismo. ¿Queremos seguir facendo hospitais cada vez máis modernos e máis preparados? ¡Por suposto! ¿E queremos seguir introducindo terapias revolucionarias que agora mesmo lle están dando esperanza, cando máis se necesita, a moita xente e a moitas familias? Si, por suposto que queremos seguir facendo iso.

E para seguir facendo iso imos seguir gobernando. E, cando tome o relevo a partir desta fin de semana, a iso me vou dedicar. Eu teño claro que os galegos votaron estabilidade nesa noite electoral á que facía alusión a portavoz do Bloque. Votaron estabilidade e eu quero garantir esa estabilidade. Os galegos votaron e pedíronnos tamén que fósemos responsables, e eu e o meu goberno imos ser responsables. ¿Pedíronnos coherencia? Coherencia é o que lles imos ofrecer. É que non hai outra maneira de facelo. Eu xa sei que vostedes, os nacionalistas e os socialistas, en moitos sitios onde gobernan pois se dedican a outras cousas. Non hai máis que ver gobernos que teñen por aí: dedícanse a mirar o embigo, a discutir entre vostedes, liortas, cousas que importan bastante pouco... O señor Bará ri porque sabe perfectamente do que estou falando; polo tanto, é un auténtico experto en dedicarse a cousas que á xente realmente non lle gustan demasiado. Nós non imos caer niso, señor Bará. Síntoo moito; teñen vostedes mostras de sobra de gobernos compartimentados, de gobernos que



non se coordinan, de gobernos que se moven por intereses partidistas. Eu lamento defraudalos, Galicia vai seguir sendo absolutamente distinta, téñano claro. *(Aplausos.)*

E pódolles asegurar nesta intervención do debate de investidura que, cun presidente ou con outro —dicía o outro día que cambiaba o camiñante pero non cambia o camiño e volvo dicilo porque creo que é fundamental—, cun presidente ou con outro presidente, eu creo que aquí hai un grupo responsable e un goberno responsable que representa unha Xunta que seguirá respondendo única e exclusivamente aos intereses de Galicia.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rueda Valenzuela.

Abrimos un turno de réplica dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Quixera aclarar con carácter previo un par de matices con respecto a intervencións que me precederon. O Partido Socialista de Galicia non fai nin seguidismo nin «seguidisma», iso que quede claro. Que o señor candidato non era o candidato que presentaba o Partido Popular ás últimas eleccións celebradas nesta comunidade autónoma é unha obviedade na que non deberamos perder o tempo. O candidato era o señor Feijóo, nin tan sequera o Partido Popular. E nós —que quede ben claro— non cuestionamos a lexitimidade do procedemento, non somos o Partido Popular, que si chamaba presidente ilexítimo ao señor Sánchez logo da moción de censura. *(Aplausos.)* Nós non somos así, nós si temos respecto institucional. *(Aplausos.)*

E, señor Rueda, logo de escoitar a súa intervención, buscaba tres palabras para resumila, e atopeinas: «¡vaia por Deus!». Mire, non é necesario que faga moito máis do que vostede dixo, pero si vou aclarar algunhas das cousas, porque eu xa lle dixen que o seu compás estaba avariado, que non marcaba ben o norte. E, se non son quen de explicarllo cun esquema, voullo explicar con mazás. Mire, está a falar co portavoz do Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento de Galicia, o secretario xeral do Partido Socialista de Galicia está na tribuna de invitados, e sabe vostede perfectamente quen é. Non intente sementar dúbidas que só parecen existir na súa febril mente con respecto ao Partido Socialista.

¿E de que me falou vostede aquí? ¿Das liortas internas do Partido Popular para encaixar as baronías provinciais para ter un candidato? ¿Estame vostede a falar de ofertas públicas para formar parte do Goberno da Xunta de Galicia que tiveron como resposta «xa veremos»? ¿Estame vostede a falar diso? ¿Ten vostede —digamos— o valor de vir falar de liortas doutros grupos políticos coas que vostedes tiveron? E, mire, señor Rueda, voullo deixar claro a partir deste momento nesta sesión de investidura. O meu respecto teno vostede. O que non teño tan claro é que eu teña o seu.



Citou vostede unha restra de *hits* do Partido Popular na súa mensaxe simple e simplificada para unha poboación que o que demanda, señor Rueda, é sosego, seriedade nos líderes políticos e propostas viables que resolvan os seus problemas. E, ¿como non?, un dos *hits* é que sempre empregamos mal as cifras, porque, claro, hai unha autoridade intelectual superior do Partido Popular —que está por demostrar— que leva a que vostedes minusvaloren todo o que di a oposición. Sempre empregamos as cifras mal. Non sei como estatisticamente non acertamos nunca, porque, mire que é raro, é raro non acertar nunca. E vostedes —xa llo dixen unha vez ao presidente en funcións da Xunta de Galicia— son tan hábiles retorcendo as cifras que collen un cero, aguántano por abaixo, cólleno por arriba, retórceno e acaba aparecendo un oito. E iso é o que vostedes fan coas cifras permanentemente. (*Aplausos.*)

Señor Rueda, non me fale de educación. Poña vostede día e hora e teñamos un debate sen-sato, sosegado, sereno sobre educación. Cando queira vostede.

E con respecto á proposta que se fixo desde este grupo con respecto a Stellantis e a Altri, non se enterou vostede ben do que eu dixen. Pero, se quere, logo de que remate a intervención mándolle un resumo —tamén, se quere, con esquema— para que vexa cal é o compromiso do Partido Socialista de Galicia con industrias tan estratéxicas como Stellantis e como Altri para a nosa comunidade autónoma. (*Aplausos.*)

Ten vostede, señor Rueda —pese a todo—, unha oferta de diálogo por parte do Partido Socialista de Galicia, oferta que lle traslado en nome do señor González Formoso. Ao que, por certo —xa que vostede demanda unha reunión co presidente do Goberno do Estado—, terá a xentileza de recibir para tratar os problemas estratéxicos e serios que ten este país, a diferenza do que fixo o seu predecesor —que será a partir do sábado que vén o que sexa expresidente da Xunta de Galicia—. Repítollo, ten vostede unha oferta de diálogo sen insultos, sen crispación, con serenidade, con apostas solventes, para resolver os problemas —que é o que esperan de nós todos os cidadáns desta comunidade autónoma—.

Fronte a iso, non vou caer na descualificación, non vou dicir —como vostede dixo— que son uns ilusos os que cren no Partido Socialista de Galicia, os que cren na súa capacidade para rexenerar esta comunidade autónoma ou para renovala. Non vou caer nesa descualificación fácil, porque iso me levaría a asumir, lxicamente, que máis do 62 % da poboación desta comunidade autónoma vota de forma errónea nas eleccións municipais, porque son os que están gobernados por alcaldes e alcaldesas nesta comunidade autónoma e en cidades como Vigo, como A Coruña, como Ferrol, como Lugo, señor Rueda, ou como en tres das catro deputacións provinciais —e sei que esta é unha cifra que lles molesta particularmente: están gobernadas por socialistas tres de catro—. (*Aplausos.*) Iso a vostedes non lles gusta, xa o sei.

Pero, mire, as galegas e os galegos teñen que saber que hai un proxecto alternativo, que non é excluín-te, que é viable, que antepón as persoas ás contas, que cre nas potencialidades da nosa terra, sen promesas que non se poden cumprir nin modelos que xa se sabe que empobrecerían a nosa comunidade autónoma.

Señor Rueda, o seu repetitivo discurso —e non digo «repetitivo» porque xa o oísemos o martes pasado, senón porque dixo o mesmo tres ou catro veces, e de aí a lonxitude da súa



intervención— volve manifestar o que viñamos denunciando: non hai respostas aos problemas que ten este país e non ten solucións á grave crise que están a vivir as galegas e os galegos. O seu discurso, señor Rueda, segue sen convencernos. E, mire, Galicia funciona grazas ao traballo e ao esforzo de milleiros de galegas e galegos. Si, señor Rueda, funciona pese á súa inoperancia e á súa ineficiencia.

E non imos sinalarlle só os problemas, senón que tamén lle imos aportar solucións. Imos facelo desde un punto de vista leal, desde un punto de vista sensato. Con independencia de que vostede veña e plantexe á opinión pública desde esta tribuna que o que propón o Partido Socialista é iluso e irrealizable, nós imos demostrarlle que se non o quere levar a cabo é porque non quere dar a resposta que Galicia necesita.

En primeiro lugar, o noso compromiso de que todos os pacientes de Galicia teñen o dereito a ter un diagnóstico no seu centro de saúde feito polo seu médico de cabeceira e de forma presencial. Dígalles, señor Rueda, aos pacientes, mirándoos á cara, que non teñen ese dereito. Vostedes votaron hai poucas semanas en contra dun proxecto de lei que traía o grupo parlamentario.

Dígalle ao sector da pesca que ten solucións para eles. A ver se é verdade, porque é un sector manifestamente abandonado.

Temos un modelo, como lle dicía, que presenta como alternativa a experiencia que temos gobernando noutros lugares do Estado, no propio Estado, evidentemente, pero tamén — como lle dicía antes e lle teño que repetir— en moitísimos concellos de Galicia. Máis de 110 concellos, máis do 62 % da poboación, teñen alcaldesas e alcaldes socialistas que están dando resposta todos os días a través das súas corporacións municipais, dos seus concellos; concellos aos que, por certo, vostede non fixo ningunha referencia como responsable directo do que vai ser o Goberno da Xunta de Galicia; concellos que estiveron permanentemente abandonados durante a peor crise que viviu esta sociedade, sen ningún tipo de compromiso por parte da Xunta de Galicia máis alá de plantarse con periodicidade cuasi diaria diante da Radio e Televisión de Galicia a criticar todas as medidas que poñía en marcha o Goberno do Estado, sen aportar nin a máis mínima solución para todos, (*Aplausos.*) ¡todos!, non só para o 62 % da poboación que gobernan os socialistas nos concellos senón para todos os concellos desta comunidade autónoma.

Adopte vostede, señor Rueda, o compromiso e dígame no seu turno de peche, cando remate esta comparecencia, se vai vostede apoiar os proxectos transformadores dos nosos recursos, como o leite, a madeira ou a produción pesqueira e acuícola. Non oín nada.

Dígame vostede se vai poñer en valor materias primas e recursos minerais do noso territorio, porque tampouco oín nada.

Dígame tamén se a súa aposta por unha enerxía limpa é firme.

Dígame se aposta vostede por unha revolución industrial en Galicia con respecto á superficie agraria útil.



Dígame cal é a súa aposta real para Stellantis na provincia de Lugo, máis alá de que se consiga ou non se consiga compromiso desde o punto de vista dos fondos Next Generation, porque eu díxenlle, xa llo expliquei antes, que o Partido Socialista de Galicia ía apostar por esa industria con ou sen financiamento. Porque evidentemente existe un compromiso da Xunta de Galicia, compromiso que debería existir pero que non existe. Porque a política da Xunta de Galicia foi e temo que vai seguir sendo a mesma. Todo o que vaia ben, con independencia da súa influencia niso, vai ser mérito da Xunta de Galicia. Todo o que vaia mal, con toda a influencia da Xunta de Galicia niso mesmo, é responsabilidade de factores alleos. E así, señor Rueda, non, así non.

Pese a todo —repito— ten vostede a man tendida deste grupo parlamentario, do Partido Socialista de Galicia, para resolver no tempo máis curto posible todos os gravísimos problemas que atravesamos a nosa sociedade neste momento.

Nada máis e moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez.

Comunicolles que, debido a unha indisposición —motivo polo cal foi trasladado ao hospital—, o portavoz do Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy, non pode, evidentemente, facer uso da palabra. Farao o señor Tellado.

E, agora si, ten a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señor presidente.

A verdade, esperamos que o señor Puy se restableza pronto e que todo isto quede nun susto.

E indo xa ao debate, señor Rueda, fai vostede moi ben en recordar que é candidato do Partido Popular nesta sesión de investidura. Dígollo porque creo que moitos no Partido Popular non o teñen claro. *(Aplausos.)* Creo que o seu problema non é tanto convencer as bancadas da oposición, senón realmente convencer as bancadas do Partido Popular.

E, mire, hai cousas que me sorprenden, porque non entendo como lles pode ofender falar do que todo o mundo sabe. Porque, mire, señor Rueda, todo o mundo sabe que vostede chega á Presidencia de maneira accidental, e o accidente chámase «corrupción no Partido Popular», *(Aplausos.)* é un novo caso de corrupción do Partido Popular —no que, por certo, se acabaron cargando o líder que denunciou a corrupción—. É, desde logo, todo un retrato de como entenden vostedes este tema.

Desde logo, a súa intervención tamén nos deixou claro que o Partido Popular é o pasado. Fíxense se é o pasado que na sesión de investidura o señor Rueda veu facer de oposición ao BNG. É o mellor retrato de como entende vostede o seu papel e de cal é o futuro que os espera. *(Aplausos.)*

E vexo tamén que lle molesta moito que sexa deputada. *(Murmurios.)* Si, teñen así como unha pequena..., non sei, fixación. Hai unha canción: «Non é amor, chámase obsesión». *(Risos.)*





Ben, pois quero dicirlles que, en fin, teñen problemas vostedes coa democracia, pero acostúmense porque os candidatos, candidatas e portavoces ou portavozas —os portavoces— do BNG non os decide o Partido Popular. (*Murmurios.*) Decídeos democraticamente a militancia do BNG e a cidadanía nas urnas. (*Aplausos.*) Non van vostedes nin a decidir quen son deputadas nin portavoces ou portavozas do BNG.

E, señor Rueda, vostede, como non podía ser doutra maneira, ten todo o dereito a ter a súa propia opinión. O que non pode ter é os seus propios datos —que ademais nunca teñen fontes, porque non sabemos cales son esas fontes—. Claro, que veña vostede aquí a presumir do orzamento de Atención Primaria o único que demostra é o descoñecemento das contas públicas de Galiza. Porque en pleno 2022, cunha pandemia, vostedes rebaixaron o orzamento de Atención Primaria. Ese é o respecto que lles teñen aos traballadores e traballadoras da sanidade pública, (*Aplausos.*) que co seu esforzo están mantendo en pé un sistema sanitario que, cos seus recortes e privatizacións, están poñendo sobre as cordas. E váillelo volver recordar hoxe a cidadanía de toda a área sanitaria de Vigo nunha mobilización para reclamar sanidade pública de primeira e fin aos recortes do Partido Popular. (*Aplausos.*)

Mire, dixo que había máis afiliados e afiliadas á Seguridade Social. Ben, eu fun ao Instituto Galego de Estatística. Está aquí o señor conselleiro e tamén o pode comprobar. A media de afiliacións á Seguridade Social no ano 2009 foi de 1.034.468 persoas. A última media que temos é do ano 2020: 1.001.310. Eu son de letras pero sumar e restar sei. (*Aplausos.*) E o último dato que temos o que nos di é que hai 1.033.977. Señor Rueda, non se estree como presidente mentíndolles aos galegos e ás galegas nin faltándolles ao respecto coa durísima realidade laboral que se vive neste país. (*Aplausos.*)

E preocúpame ver xa cal é o estilo Rueda: ante un problema, inventemos un dato; ante un problema, comparémonos con quen está peor. E así lle vai a Galiza, porque vostedes, en vez de compararse cos mellores, sempre se comparan cos peores. E por iso nos están deixando cada vez un país en peores condicións. (*Aplausos.*) E aquí falta outra cuestión —que isto é un básico do Partido Popular—: se todo o resto non funciona, a culpa é do BNG. Claro, por suposto, é dos demais e, sobre todo, do BNG.

Tamén me preocupa que volva demostrar a súa falta de confianza en Galiza e na súa capacidade. Por iso son vostedes «o goberno do non a Galiza». Porque durante trece anos dixéronlle «non» a máis competencias. Volveu demostrarnos que este é un tema que non lle preocupa e, ademais, non queren máis autonomía financeira. E en vez de explicarlles aos galegos e galegas o que vai facer para ter máis recursos públicos, para mellorar os servizos, a vida e o futuro deste país, veu aquí a dicirnos que os galegos e galegas vivimos da esmola do Goberno central. Non, non, os galegos e galegas pagamos impostos e temos que ter dereito a que eses impostos revertan nunha mellor capacidade. E para iso hai que ter ambición política e querer ter a chave dos nosos cartos. (*Aplausos.*) É unha cuestión, señor Rueda, de sentido común.

Tamén se dixo aquí por parte do Partido Popular que nós eramos ilusos e que a cidadanía que nos vota é ilusa, ¿non? Dicían, claro, que era iluso pedir unha tarifa eléctrica galega. ¡Claro, que llelo digan aos vascos, que conseguiron —por certo, con Mariano Rajoy— unha



tarifa eléctrica vasca para as súas empresas que lles permitiu aforrar 50 millóns de euros! *(Aplausos.)* ¡Pero que llelo digan, se non, tamén aos alemáns, que teñen tarifas diferenciadas e que nas zonas produtoras teñen tarifas eléctricas máis baixas! Se é posible en Alemaña, tamén debe ser posible no Estado español. Pero para iso hai que defender os intereses de Galiza, e o goberno do «non a Galiza» non entende estas cousas. *(Aplausos.)*

Tamén nos dixo que somos ilusas por pedir unha empresa pública de enerxía. Eu non sei se é consciente, señor Rueda, de que xa hai empresas públicas de enerxía controlando a central térmica das Pontes. Porque a dona da central térmica das Pontes é unha empresa pública italiana. *(Aplausos.)* Se pode haber empresas públicas italianas, tamén pode haber unha empresa pública galega da enerxía.

E, de verdade, o único iluso que vin neste debate son vostedes, que non se dan conta de que o Partido Popular xa é o pasado. Si, si, o pasado son propostas como as que presentou na sesión de investidura con ese clásico de que van baixar os impostos.

Primeiro, é unha medida respecto da que a cidadanía ten que saber canto representa. Porque a súa medida estrela significa, para un cidadán que teña unha base liquidable de 12.450 euros, 1,45 euros ao mes. ¡É que non o invitan nin a un café! *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non é que o diga... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdoen, ¡eh! Este dato non o calculou o BNG, calculouno o Sindicato de Técnicos do Ministerio de Facenda. *(Aplausos.)* É unha medida, por certo, que non será efectiva ata o ano 2024, e seguramente nese momento xa non lles dea nin para un café. Non lles vai dar nin para un café.

Pero temos que ver a outra cara da moeda. Ás rendas máis altas, ás rendas de máis de 100.000 euros, unha minoría neste país, ¿saben canto lles rebaixou este goberno? Cincocentos euros. Así é como entenden vostedes as rebaixas fiscais: privilexios para os que máis teñen e miseria para os que menos teñen. *(Aplausos.)* Así é como vostedes entenden as rebaixas fiscais.

Pero ¿saben quen está no ránking das baixadas de impostos? O Partido Popular de Madrid. E ¿saben quen menos inviste en sanidade pública de todo o Estado? O Goberno da Comunidade de Madrid. Iso é o que nós non queremos para Galiza, porque o que queremos é unha sanidade pública forte, e, para iso, necesitamos unha fiscalidade xusta, xusto o contrario do que defende o Partido Popular.

E si, nós cremos que hai outra maneira de entender o país. Preguntounos pola nosa proposta eólica. Está moi clara: a proposta eólica do BNG é que a enerxía que se xere polo vento dos galegos e das galegas se utilice para crear riqueza aquí. O modelo do Partido Popular, ¿cal é? É un bum eólico depredador ao servizo de persoas como o señor Ignacio Sánchez Galán, que non só se forra senón que ademais se permite o luxo de insultarnos e que se abraza ao Partido Popular. *(Aplausos.)*

Señorías, señor Rueda, díxeno no inicio da miña intervención, e o peche deste debate certifica. Hoxe o partido Popular representa o pasado e o BNG representa o futuro. Neste debate puidemos comprobar que hai dúas formas de entender o país e que hai dous modelos entre



os que moi pronto os galegos e as galegas, a diferenza de hoxe, van poder decidir se queren un presidente do PP ou unha presidenta do BNG coas mans libres para defender os intereses deste país; unha presidenta que lle diga si a Galiza, si á sanidade pública, si a defender un rural vivo, si a un país produtivo, si a un país cun futuro no que a mocidade non teña que emigrar, si a unha Galiza orgullosa da súa lingua e da súa cultura e si a confiar no país. Sei que esa Galiza está hoxe máis cerca, grazas ao amor e á ilusión de todas as persoas que levan este gran país —Galiza— na cabeza e no corazón.

Moitas grazas. (*Fortes aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos.

Dende o Grupo Popular queremos desexarlle ao noso voceiro unha pronta recuperación e que todo quede nun susto.

Señor Álvarez, vostedes converteron o PSdeG-PSOE na forza minoritaria deste Parlamento. Eu creo que ás veces esquecen cal é a súa posición, porque dende esa posición vostede pretende cuestionar a lexitimidade do partido maioritario desta Cámara, avalado polo 48 % dos galegos que votaron nas últimas eleccións autonómicas. E vostede cre que iso non vale nada. Eu creo que, se vostedes non entenden o funcionamento dun réxime parlamentario como o noso, no que é o Parlamento quen elixe os presidentes —aquí, no resto das comunidades autónomas e no Congreso dos Deputados—, é que o seu concepto democrático está bastante obsoleto.

Dende logo, non é o noso problema. O presidente Rueda vai ter a mesma lexitimidade que tivo o presidente Feijóo, exactamente a mesma, a que lle dá o grupo maioritario desta Cámara co respaldo do 48 % dos galegos. O presidente Rueda terá a mesma lexitimidade democrática, ¡exactamente a mesma!

A pregunta é, señor Álvarez, por que o PSdeG-PSOE non abandona dunha vez ese sucursalismo no que leva instalado, non nos últimos días, nas últimas semanas, senón nos últimos anos e nas últimas décadas. Veñen a este Parlamento a defender o Partido Socialista Obreiro Español —neste caso, a Pedro Sánchez—. Non veñen vostedes aquí a defender o interese xeral de Galicia, veñen permanentemente a defender o Goberno de Sánchez. Demostrárono unha e mil veces. Cando tiveron ocasión de elixir entre Galicia e Sánchez, sempre, todas as veces, sen discusión, sempre elixiron a Sánchez. Fixérono co peche de Alcoa, fixérono coas industrias afectadas polas ubicacións instaladas en dominio marítimo-terrestre e fixérono co peche da central térmica das Pontes. O seu secretario xeral, alcalde das Pontes e presidente da Deputación Provincial, cando tivo que elixir entre Galicia e Sánchez, cando tiña que elixir entre As Pontes ou Sánchez, elixiu a Sánchez. Polo tanto, a pregunta é: ¿cando o



PSdeG-PSOE vai abandonar dunha vez ese sucursalismo? A pregunta, señor Álvarez, é se van rectificar e van poñerse, nalgunha ocasión, do lado do Goberno galego para defender os intereses de Galicia. ¡Iso é o único que lle pedimos ao PSdeG-PSOE! Pero vostede encargouse de dicir que nunca, que vostedes están aquí para defender as siglas e que vostedes están aquí para defender o señor Pedro Sánchez.

Mire, vostede ten que aceptar —quería falar do profesorado, das aulas e da educación en Galicia— que Galicia é a comunidade autónoma coas taxas universitarias máis baixas, porque dende que gobernamos na Comunidade Autónoma se conxelan ano tras ano. Vostede ten que aceptar que Galicia é a comunidade autónoma que ten máis profesores por alumno, gústelle ou non lle guste. Hai 9, 2 alumnos por profesor na nosa comunidade fronte ao 11, 3 do conxunto de España. E esa é a realidade da educación galega. Polo tanto, cando queira que falemos de educación, falaremos de educación para defender a mellor educación pública que nunca tivo a nosa comunidade. (*Aplausos.*)

Señora Pontón, vostede di que o presidente Rueda chega á Presidencia da Xunta de Galicia de rebote. Os que viven dos rebotes, de rebote en rebote, é o Bloque Nacionalista Galego. Vostedes fan política de rebotados, permanentemente en contra de todo. O que vive dos rebotes é o seu partido: dezaoto anos leva vostede nesta Cámara de derrota en derrota ata a derrota final. Pero vostede está instalada nesa soberbia e nesa superioridade de non dirixirse aos deputados desta Cámara, senón de falar para aquelas dúas cámaras a ver se a sacan na Televisión de Galicia dicindo que vostede é a salvadora de Galicia, cando é a política máis derrotada nas urnas na historia democrática da nosa comunidade. (*Aplausos.*)

E teño que dicirllor, señora Pontón. Temos a mellor sanidade pública da historia de Galicia, ¡a mellor sanidade pública! A súa desesperación política lévaa a crer que ten dereito a criticar os profesionais da sanidade pública de todo un país e a cuestionar o seu traballo, porque vostede quere dicir que temos unha mala sanidade. Temos a mellor sanidade pública, que —por certo— vén de pasar o maior test de estrés, que foi a xestión dunha pandemia. Nós podemos dicir con orgullo que en Galicia a superamos mellor que no conxunto do país, que en Galicia temos a taxa de mortalidade covid máis baixa de toda a península. E iso a nós satisfainos, pero a vostede parece ser que lle molesta. ¿Que clase de nacionalismo é ese que se arrepite dos éxitos non dun goberno senón dun país? É un nacionalismo raquíto, un nacionalismo que, dende logo, non está ubicado na Galicia que vostedes aspiran a representar e que en ningún caso representan.

Vostede falou do eólico. ¡Hai que ter valor para falar do eólico! Vostede pensa que os galegos non teñen memoria, pero si que a teñen. Vostedes gobernaron entre o ano 2005 e 2009. ¿Recorda aquilo do eólico e todo o que pasou, que o Goberno rompeu porque vostedes dicían unha cousa, o Partido Socialista dicía outra de vostedes e vostedes dos outros? E vostede vén aquí a dar leccións do eólico cando pola mañá neste Parlamento piden máis renovables e pola tarde agarran todas as pancartas contra todos os proxectos eólicos que hai no noso país. Esa é a seriedade e o rigor do Bloque Nacionalista Galego que representa a señora Ana Pontón. Vén vostede a falar novamente —unha gran novidade no seu discurso— da tarifa eléctrica galega. E, para xustificar a necesidade da tarifa eléctrica galega, vostede fálanos dunha presunta tarifa eléctrica vasca. Señora Pontón, a tarifa eléctrica vasca non existe. É unha



mentira como unha catedral, ¡non existe! Proba de que non existe é que hai empresas galegas acollidas a esa tarifa e, polo tanto, esa tarifa non é vasca. Esa tarifa é unha tarifa industrial á que se poden acoller empresas de todo o país. Polo tanto, señora Pontón, non minta.

Vostede di que representa o futuro e nós o pasado. O certo é que vostede, con esa afirmación, di que todos os galegos que acoden ás urnas están equivocados e que vostedes teñen a razón. Os galegos equivocáronse no ano 2009, equivocáronse no ano 2012, equivocáronse no ano 2016 e equivocáronse no ano 2020. Vostede non ten a humildade suficiente para mirar para atrás e ver que todas esas soflamas que vostede imparte neste Parlamento non son seguidas polos galegos e que vostedes representan unha minoría das minorías que conforman a oposición aquí en Galicia. Eu entendo a súa impotencia. Vostede xa estaba aquí, neste Parlamento, cando Feijóo volveu a Galicia a facer política. E dende aquela vostedes —e vostede— perderon todas as eleccións. Vostede ten que aceptar que Feijóo vai deixar Galicia despois de trece anos de Goberno e que marcha invicto, ¡invicto! (*Aplausos.*) E non só invicto, senón reforzando en cada cita electoral a maioría. Gañoulle no ano 2009, no 2012, no 2016 e no 2020. E, señora Pontón, Alfonso Rueda vai gañarlle as eleccións tamén no ano 2024. ¡Esa é a realidade! (*Aplausos.*)

Señores do Partido Socialista e do BNG, nesta sesión de investidura demostran vostedes que están nas posicións anquilosadas de sempre, que non son capaces de entender o momento histórico que estamos vivindo, porque no noso país hai moitísimas familias pasándoo tremendamente mal e vostedes están inmersos nos problemas de cada un dos seus partidos.

Néganlle a Galicia o recoñecemento dos logros acadados ao longo dos últimos anos. Non llo negan unicamente ao Goberno, néganlle ao conxunto da sociedade galega os éxitos e os logros das últimas décadas. E esa é a posición política dende a que vostedes se soben a esta tribuna.

Logo de escoitalos a vostedes e de escoitar o candidato á Presidencia nesta sesión de investidura, podemos dicir, dende o grupo maioritario desta Cámara, dende o Grupo Parlamentario Popular, que hai proxecto, que hai balance de xestión e que hai equipo. E logo de escoitar o candidato á investidura, Alfonso Rueda, temos que dicir que hai presidente. Hai presidente para Galicia. (*Aplausos.*) E logo de escoitar as súas intervencións, o que temos que dicir é que efectivamente hai oposición, unha oposición experimentada unicamente en facer oposición. Hai oposición pero non hai alternativa. Hai un goberno, hai un goberno único e un goberno unido, e hai unha oposición ben dividida. O que non hai en ningún caso é alternativa ao que representa a maioría, que os galegos quixeron darlla ao Partido Popular.

Remato xa, e remato coas palabras que ademais tiña escritas o noso voceiro, Pedro Puy. Galicia é unha tarefa permanente, unha tarefa inconclusa, que require do traballo de todos, do grupo maioritario pero tamén dos partidos da oposición —que hoxe fixeron unhas intervencións francamente lamentables, non fixeron ningunha proposta e demostraron que se empeñan na obcecación dunha oposición fracasada—. Galicia é unha tarefa permanente, unha tarefa inconclusa, queda moito traballo por facer. E dende o Grupo Parlamentario Popular o que comprometemos é traballo, traballo arreo, porque sempre hai cousas que mellorar.





É verdade que quedan cousas por facer, pero o balance do feito é un balance tremendamente positivo e que as cousas melloraron razoablemente durante os últimos trece anos. O que propoñemos é seguir traballando na senda iniciada nas últimas lexislaturas e co impulso e a ilusión dunha nova etapa que encabeza o noso candidato á investidura. E por iso, dende o Grupo Parlamentario Popular, apoiamos a candidatura á Presidencia da Xunta de Galicia de don Alfonso Rueda Valenzuela.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten un turno de dúplica o candidato, o señor Rueda Valenzuela.

**O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, eu —igual que fixeron os que me precederon agora nesta quenda de uso da palabra— tamén fago votos para que este pequeno susto que nos deu Pedro Puy sexa iso, nada máis que un susto, e que se recupere canto antes, por suposto.

E, entrando nesta segunda quenda, vou ser bastante máis curto e intentar —como fixen na primeira, ou como o intentei, polo menos— contestar a algunhas das cousas a maiores e que non foron repeticións das que dixeron os dous portavoces, tanto a portavoz do BNG como o portavoz do Partido Socialista.

E empezando pola portavoz do BNG, señora Pontón —dígollo con toda a cordialidade—, alégrome sinceramente de que nesta intervención se centrara un pouco máis e que vira que vostede é a portavoz dun partido da oposición, non a candidata a esta investidura; que se dera conta do que estamos falando aquí. Iso realmente axuda, e espero que durante este tempo longo que queda de lexislatura cada un estea no papel que lle corresponde —que é onde nos poñen os galegos—: vostede facendo propostas realistas e eu intentando —o Goberno intentando— contestarllas e facendo un goberno responsable. É que, se non, é moi difícil, sinceramente. Se vostede volve insistir en propostas irrealizables —que as fai porque sabe que non lle corresponde gobernar—, así é complicado gobernar. Se son propostas máis realistas, eu escóitoo con toda a atención e con todo o respecto —como ten que ser—, e intento contestarllas.

Falábame do tema das competencias, por exemplo. Reclamámolas dende o principio. Outra cousa é que os gobernos que teñen que ceder competencias as cedan. Non crean vostedes —e non crea vostede tampouco— que o balance que atopamos —e que eu atopei como responsable deste departamento cando entrei no Goberno no ano 2009— era para botar foguetes. Propaganda, moitísima. Contábannos que conseguiran todo e non había nada practicamente transferido, con conversas moi iniciais. Polo tanto, nós o que fixemos foi seguir insistindo en todo o que ten que ver coas transferencias e tamén priorizar. Agora temos unha moi importante enriba da mesa, que é a AP-9. Vostedes, cando asinaron ese convenio que ía cambiar a historia de Galicia para apoiar o señor Sánchez —vostedes apoian o señor Sánchez en todo o que fai,



despois outra cousa é que non o queiran recoñecer aquí—, a AP-9 estaba entre as prioridades. E nós estamos totalmente de acordo, pero non hai grandes avances. Polo tanto, que saiban vostedes que, con esa capacidade decisoria da que presumen diante da Moncloa e nós, como Goberno de Galicia, aí podemos ser aliados. Queremos a transferencia da AP-9 e querémola co financiamento suficiente. Polo tanto, poderíamos empezar por aí e poderíamos falar de moitas máis cousas que están pedidas, de cousas que son urxentes. Pero empecemos por aí e xa verá como nos poñemos de acordo. E eu creo que iso é unha boa cousa.

Igual que me gustaría que nos puxeramos de acordo en algo importante —e permítame que insista outra vez— como é a baixada de impostos. Eu xa a vexo a vostede ir falar e ver que dato pode retorcer e ver que cifra pode dar para intentar demostrar que iso de baixar os impostos non está ben, para intentar ridiculizar propostas que —vólvollo dicir— ao mellor vostedes non lles dan importancia. Pero, para unha persoa cunha renda baixa e que ten o mínimo para ter que pagar o IRPF, pagar un 25 % menos que cando nós chegamos ao Goberno creo que é importante. E cada vez que se tome unha medida é importante, desde logo, para todas esas persoas —que son moitas en Galicia— e para nós tamén. Polo tanto, eu pediríalle que aí bote unha man e —o que lle dicía antes— que intente esa práctica saudable —e máis nestes momentos— de que a xente teña máis cartos nos petos e teña que dedicar menos a pagar impostos. Iso sempre funciona e, polo tanto, deberían intentalo con nós.

Lamento que se sentira ofendida polo que lle dixen, pero é unha verdade como unha casa. Vostede é a deputada que máis tempo leva neste Parlamento e preséntase aquí como unha novidade. Vén aquí facer unha suposta sesión de investidura, e isto é a verdade. Polo tanto, eu voollo dicir as veces que faga falta. E cada vez que vexa que vostede quere vir aquí como unha novidade, eu voollo recordar. (*Murmurios.*) Se lle molesta, ¡que lle imos facer, señora Pontón! As cousas son así, ¡son así! (*Murmurios.*) E cando vostede consiga que os galegos lle dean o apoio maioritario... Porque, por certo, entrando un pouco no que dicía o señor Álvarez de que eu non lles recoñecín lexitimidade aos gobernos municipais, ¡por suposto, claro que llela recoñezolo!, ¡faltaría máis! Agora, xa que vostede saca o tema, tamén llo volvo deixar enriba da mesa: ¿está vostede disposto —o outro día dicíao o presidente Feijóo— a coller o guante do goberno da lista máis votada? Porque entón ao mellor as cousas cambian. A vostedes, cando lles interesa, a lexitimidade vén de que se reúnan os que perden, e, cando non lles interesa, todo iso ten que ir para adiante. Co cal, ¡que boa ocasión para volver falar —agora que veñen as eleccións municipais— de que governe en cada concello quen gañe as eleccións! ¡E non bote a vista atrás! A partir de agora quen gañe que governe. ¿Están vostedes de acordo? Estamos a tempo de facelo, e esa vai ser a auténtica lexitimidade, señor Álvarez.

E dime vostede a min que eu non me presenteí a unhas eleccións. ¡Home!, recórdolle que está na Moncloa un presidente do Goberno que foi presidente do Goberno sen nin sequera ser deputado. ¿Ou acaso a moción de censura non foi cando non era deputado? (*Murmurios.*) Non llelo discutimos. É un procedemento que está aí e, polo tanto, é posible. E, se é posible, hai pouco que dicir se se produce, pero sexan vostedes un pouco serios. Polo tanto, hai un procedemento lexitimo porque está na normativa, haino, e as cousas son así, evidentemente.

Igual que xa sei que vostede é o portavoz do Partido Socialista e xa sei quen é o secretario xeral do Partido Socialista en Galicia. O que non sei é se algúns dos que están nesa bancada



o saben tamén, pero eu xa sei quen manda no Partido Socialista. (*Aplausos.*) Eu si que o teño claro, sinceramente. A min non mo ten que dicir, ¡a min non mo ten que dicir! (*Aplausos.*) Mire un pouco para atrás cando fale de liortas internas. Mire un pouco para dentro. Porque aquí cada un ten o seu, e vostedes, desde logo, teñen máis ca ningún.

Eu estou moi orgulloso de como se fixo todo este proceso no meu partido e de como se fixo no Goberno da Xunta. Creo que estamos dando un exemplo —díxeno durante estes días nos que estiven visitando as diferentes agrupacións e téño que dicir aquí tamén onde reside a soberanía do pobo galego—. E é para estar moi orgulloso. Iso, ademais, dá unha lexitimidade tamén para facer cousas e para traballar dende a unidade, que é moi importante, e que os galegos agradecen, sen ningunha dúbida. Eu estou seguro de que o van agradecer e así é como nos queren ver aos políticos, señor Álvarez, e non discutindo internamente; si discutindo entre nós unha serie de cousas, pero tamén intentando chegar a acordos, que foi o que intentei dicir na miña primeira quenda e, dende logo, vou seguir repetindo durante todo este tempo durante todos os plenos que temos por diante.

Falamos de educación e eu creo que estará de acordo en que o había que falar neste debate —e xa o falaremos moitas veces—. Estou moi orgulloso de como levou o Goberno do que eu formo parte os temas de educación e claro que haberá que falar. Se as súas propostas e os debates que propón son para mellorar, estaremos encantados. Temos moi boas cifras e, polo tanto, desa base temos que partir para seguir mellorando. Porque aquí si que hai moito futuro para Galicia, nunha educación sólida que dá lugar a outras moitas cousas.

E vólvolle insistir —porque me deixou aínda máis preocupado nesta segunda intervención que na primeira— no tema dos PERTE e no tema de Stellantis e de Altri. Fágolle aquí —e está aquí o seu secretario xeral— unha proposta: axúdenos a que a mesma predisposición que está mostrando Pedro Sánchez en Cataluña coa automoción e que tamén mostrou no levante a semana pasada a teña aquí en Galicia, que faga exactamente o mesmo. ¿Son vostedes capaces?, ¿son vostedes capaces de que comprometa coa mesma firmeza o que está comprometendo nesas zonas?, ¿somos tan importantes como esas? Se é así, empezaremos a poñernos de acordo. E implíquense todos. Nisto non se pode dicir: Non, a ver que van facer vostedes... se se dera a casualidade de que... Vólvolles dicir: isto é moi importante e eu díggolle lexitimamente, porque creo que, canto máis claro teñamos isto, máis fácil será que esas empresas tan potentes e tan importantes se asenten en Galicia con toda a potencia, con toda a estabilidade e con todo o futuro. Polo tanto, aí ten a miña man tendida, recollo a súa e espero agora a capacidade que teñen vostedes de interlocución. Eu, dende logo, voulle pedir ao presidente do Goberno simplemente que faga o mesmo que está facendo noutros sitios, nin máis nin menos. E isto creo que ata o Bloque o pode —ou debería— apoiar sen demasiados problemas. E espero que así sexa.

E por non repetir cousas que vostedes dixeron e que eu dixen, señora Pontón —e remato xa con esta parte—, imos co tema das cifras. ¿De onde cre que saca as cifras? Son membro dun goberno, son cifras do Goberno. Eu xa sei que vostede as saca do BNG e que o BNG saca as cifras que lle convén e que as retorce, porque, como nunca ten que aplicarlas, é moi fácil dar esas cifras. Dende logo, espere de min aí toda a seriedade. O que pasa é que o que non pode ser é que, se as cifras non lle conveñen, diga que as invento —sobre todo cando son boas



para unha xestión de goberno—. Son as cifras verdadeiras, gústennlle ou non lle gusten. E se aplica esa seriedade tamén ás súas propostas de tarifa eléctrica de concerto, simplemente a vostedes como oposición e a nós como Goberno mellor nos iría, e sería moitísimo mellor.

Xa mo deixaron vostedes claro. Agora vaise producir a votación e xa me adelantaron o seu sentido de voto. Eu xa dixen ao principio da miña primeira intervención que ía intentar convencelos, pero supoño que non fun capaz. Eu vouno seguir facendo durante todos os plenos, porque creo que é bo que se dean conta de que, igual que nós lles pedimos que sexan unha oposición responsable, vostedes nos poden exixir a nós e poden partir da base de que, cando menos, intentamos acertar. Agora, ¿hai cousas ás que vostedes me van dicir que non? Miren, eu tamén lles digo que non vou entregar os intereses xerais de Galicia para que me digan que si. Téño clarísimo —e xa sei o que van dicir—. Non vou deixar que me impoñan —como pretenden moitas veces— ideas nacionalistas e ideas populistas para que agora me digan que si. Iso non o vou facer. Non lles vou entregar as institucións democráticas, que son de todos os galegos —porque xa manifestaron a súa vontade maioritaria—, para que me digan que si. Iso non o vou facer. Non vou facer nada parecido ao que está facendo o presidente da nosa nación co CNI para que lles sigan dicindo que si. Iso non llelo vou pedir en ningún caso. Non teño capacidade para dar indultos, pero tampouco estaría negociando indultos para que me digan que si. Non vou ser refén dunha parte do meu propio goberno. O meu goberno forma parte dun goberno unido e vai seguir sendo un goberno unido; e, polo tanto, se para iso me teñen que dicir que si non o esperen xamais. Nin —e isto é moi importante e eu creo que resume outras cousas— vou renunciar a sentirme galego nin español nin europeo. E se hai que dicir que si para iso, eu non o vou facer. Iso téñano claro tamén. *(Aplausos.)*

Señorías, eu son perfectamente consciente de que o sábado me toca asumir —estamos ao final dun proceso que se abriu haberá dez días— a maior responsabilidade —dende logo para min é unha enorme honra e unha enorme responsabilidade— á que pode aspirar calquera galego ou galega. Eu así o sinto, sinceramente, e son consciente do que supón para min e do que supoñen na historia de Galicia as consecuencias que pode ter todo o que faga a partir de agora, e son perfectamente consciente. Eu creo que son o seguinte eslabón dunha historia que leva catro décadas xa, e que fixemos con sentidiño —dicíao o martes pasado—. Se me permiten, con independencia dos acertos e os erros de cada un dos que tivo a máxima responsabilidade, ao final foi unha divisa, un compás, unha bandeira, o sentidiño na maneira de facer política de Galicia. E todo o que se fixo ata o de agora —insisto, con acertos e con erros— ten que seguir sendo —e dende logo vaino seguir sendo— o mellor aval e a mellor senda na que seguir para seguir facendo cousas.

Eu, diante deste Parlamento que agora se ten que pronunciar, non podo prometer que vou acertar sempre. Iso sería imposible e non tería ningún sentido, porque non vou poder facelo. Pero o que si podo prometer é que vou decidir sempre o que en conciencia considere que é mellor para os galegos e para as galegas. Iso si que o quero prometer, e que todo o mundo o teña clarísimo. *(Aplausos.)*

E teño un proxecto, temos un proxecto eu e a xente que me vai acompañar, o partido que me respalda e o grupo que xa adelantou que vai votar a favor. Temos un proxecto para esta terra, por suposto. Eu non podería chegar aquí se non tiveramos un proxecto. Pode estar ex-



plicado máis polo miúdo, nunhas partes máis que noutras, pero iranse coñecendo, por suposto. E gustaríame tamén coñecer as súas aportacións. A folla de ruta está deseñada. Agora, tamén son consciente de que hai que executala, de que hai que implantala e de que vai haber moitas dificultades. Ao final son os galegos os que me van marcar —a min ou a nós como goberno e a vostedes como oposición— o camiño polo que hai que seguir.

E xa lles adianto que o futuro de Galicia do que estou falando, o novo futuro que agora empeza, a nova etapa, non vai estar marcada pola ruptura. Xa llelo dixen, xa intentei transmitirlo bastante estes días. ¿Vai ser unha continuidade? Si, pero continuidade da boa. E ademais créoo sinceramente, non hai razón para bruscas sacudidas. Nin o considero eu nin estou seguro de que o consideren os galegos. Os galegos escolleron hai dous anos un programa de goberno e unhas propostas, e colocáronos a cada un onde agora mesmo estamos. Polo tanto, isto non vai ser unha ruptura, vai ser unha continuidade. Volvo dicilo: afondarei nos acertos e procurarei aprender deles, procurarei corrixir os erros que se cometeron —eu o primeiro— e procurarei seguir acertando.

Nun ambiente, nun contexto, onde parece que a moda e o que se ve ben é fracturalo todo e poñelo todo en cuestión, o que vou intentar é que os galegos e as galegas sigamos avanzado unidos —ou, polo menos, unidos no fundamental—, porque iso é garantía de moitas cousas, porque dá estabilidade e dá coherencia. A unidade é moi importante. E, polo tanto, esa non é a miña idea, senón todo o contrario. Intentarei que non dividamos os cidadáns entre bos e malos galegos segundo como sintan, segundo o que pensen, segundo a quen voten, segundo o que falen... Non, non, a unidade vai ser fundamental porque o futuro de Galicia ten que ser como Galicia, e Galicia é plural. Polo tanto, temos que seguir sendo plurais. Dende logo, coídareime especialmente diso e asumo como obxectivo non alimentar esas tendencias centrífugas que hai nalgúns sitios, ese mirar para dentro e, ao final, olvidarnos do que somos tamén. Quero dicilo aquí: tamén somos España, e o futuro de Galicia vai ser cos nosos irmáns asturianos, cos nosos irmáns cataláns, cos nosos irmáns vascos, andaluces, casteláns...; en definitiva, cos nosos irmáns españois. Hai que dicilo tamén e quero dicilo. (*Aplausos.*) Eu creo que, se somos profundamente galegos e ao mesmo tempo somos lealmente españois, imos acertar.

E tamén teño outra cousa clara. Aquí —é outro obxectivo que me marco— non se van someter as institucións de todos a un acoso e derrubamento constante. Aquí o futuro de Galicia vai ser desde o respecto ao Estado e á súa máxima institución, que é A Súa Maxestade O Rei, e quero dicilo tamén e que quede claro. (*Aplausos.*) Polo tanto, hai que ter un goberno aliñado e un parlamento consciente do que se está xogando —onde algúns toman as cousas a broma, todo o serio hai xente que o toma a broma—. Eu creo que estamos nun momento serio para falar de moitas cousas. Eu vou volver dicir aquilo que xa causou risa cando o dixen, pero que vai ser a planificación e vai ser o vieiro polo que eu quero guiar o goberno que vou presidir: ocuparnos do traballo, ocuparnos da familia en calquera das súas formas e ocuparnos, en definitiva, do futuro. Porque ao final estes son tres conceptos que se traducen en cousas nas que insistín moito estes días, que van ser fundamentais e que conseguimos ou se van conseguir.

O primeiro é seguir baixando impostos, seguir utilizando a nosa capacidade de baixar impostos para seguir mellorando a vida da xente e poder seguir dándolle cartos para que de verdade os poidan utilizar.





Seguir potenciando as familias de forma que ese reto demográfico que ten Galicia por diante se poida afrontar mellor e seguir dando pasos para, cada vez máis, equiparar, con independencia do número de fillos, as posibilidades económicas para seguir facendo cousas e seguir vivindo con máis holgura. Iso ímolo facer tamén.

Seguir mellorando a sanidade. E creo que ese calendario infantil con esas tres vacinas fundamentais foi moi ben acollido; porque ademais eran necesarias e ese é o camiño que hai que seguir: o de mellorar a sanidade no que máis falta fai e máis se agradece.

Seguir mellorando a educación infantil, o futuro de Galicia e, polo tanto, seguir perseverando e consolidando esa situación privilexiada de Galicia agora mesmo, na que a educación infantil é gratis para todo o mundo con independencia da súa situación.

Seguir mellorando esa formación profesional que se está convertendo nun eixo e nunha columna fundamental da educación en Galicia —sobre todo no seu futuro e na súa conexión co mundo laboral—.

Seguir coidando os nosos sectores estratéxicos agora que teñen tantas dificultades.

En definitiva, seguir construíndo Galicia. Eu creo que hai ideas, eu teño ideas, hai proxectos, recibín moitos proxectos e moitas propostas. E eu todo o escoitarei, porque de aquí ao final hai que seguir avanzando xuntos. Por iso invito tamén as bancadas da oposición a que fagan as súas propostas dende a lealdade e dende o lugar que nos corresponde a cada un.

Tamén —e quero dicilo por última vez— hai un balance do que me sinto moi orgulloso, e vou seguir. Polo tanto, grazas unha vez máis, presidente, por toda esa herdanza que nos deixas para poder seguir. Grazas, presidente. (*Aplausos.*) Non vou deixar de reivindicalo porque estou orgulloso de todo o que fixemos. Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

Eu creo sinceramente —e, se non, non estaría a piques de dar este paso— que Galicia merece o mellor. Eu vou facer todo o que estea na miña man para contribuír a que ese futuro sexa realidade, a que teñamos a mellor de todas as opcións, que sexamos capaces de escoller o mellor entre todos, que sexamos capaces de ler a situación e seguir gobernando con obxectividade e con responsabilidade.

Eu vou seguir gobernando tendo moi presentes os galegos de onte no recordo, os galegos de hoxe na cabeza e os galegos de mañá —eses sobre todo— no corazón. Polo tanto, con todas as miñas forzas, gobernarei para toda Galicia.

Moitísimas grazas. (*Fortes aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Tal e como anunciei, a votación levarase a cabo ás 15.00 horas. Son dez minutos, e serán avisados mediante o sinal acústico.



*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta minutos da tarde e retómase ás tres e tres minutos.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Reanudamos a sesión coa votación, que se fará segundo o artigo 136 do Regulamento. E para isto, prégolle á secretaria que proceda a sacar á sorte o nome da deputada ou deputado polo que vai comezar a votación.

Os membros do Goberno en funcións e a Mesa da Cámara serán os últimos en votar. O voto será «si», «non», ou «abstención» cando a señora secretaria proceda ao chamamento. Imos ver por onde empezamos. (*Pausa.*)

**A señora SECRETARIA (Porro Martínez):** Comezamos por Rodríguez Carrera, María Felisa.

Rodríguez Carrera, María Felisa: Si

Rodríguez Dacosta, María del Carmen: Non.

Rodríguez Pérez, Moisés: Si.

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña: Non.

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María: Si

Santos Costa, Manuel: Si

Sanz Arias, Cristina: Si

Seco García, Martín: Non.

Suárez Sarmiento, María Elena: Si.

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago: Non

Tellado Filgueira, Miguel Ángel: Si.

Torrado Quintela, Julio: Non.

Vázquez Domínguez, Sandra: Si.

Vega Pérez, Daniel: Si.

Verea Fraiz, Borja: Si.

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio: Non.

Lourenzo Gómez, Rubén: Si.

López Sánchez, Rosalía: Si.

González Iglesias, María do Carme: Non.

González Albert, María: Non.

Gómez Salgado, Carlos: Si.

García Vidal, Ana Belén: Si.

Gallego Sanromán, María Leticia: Non.

Freire Vázquez, María Begoña: Si.

Ferro Iglesias, José Luís: Si.

Fernández Gómez, Alexandra: Non.

Fernández Alfonso, Ramón: Non.

Egerique Mosquera, Teresa: Si.

Díaz Varela, Noa Susana: Non.

Díaz Mouteira, María Sol: Si.

Castro Rey, Paloma: Non.

Castro García, Daniel: Non.



Carreira Pazos, Iria: Non.  
Carballo Páez, Ramón: Si.  
Candia López, María Elena: Si.  
Cachafeiro Anta, Belén: Si.  
Caballero Miguez, Gonzalo: Non.  
Bará Torres, Xosé Luís: Non.  
Balseiro Orol, José Manuel: Si.  
Armada Pérez, José Antonio: Si.  
Arias Rodríguez, Raquel: Si.  
Arangüena Fernández, Pablo: Non.  
Amigo Díaz, María Encarnación: Si.  
Álvarez Martínez, Luís Manuel: Non.  
Aira Díaz, María del Carmen: Non.  
Conde López, Francisco José: Si.  
Rueda Valenzuela, Alfonso: Si.  
Núñez Feijóo, Alberto: Si.  
Ortega Otero, Marina: Non.  
Porro Martínez, María Corina: Si.  
Pablo Cores, María Monserrat: Non.  
Calvo Pouso, Diego: Si.  
Santalices Vieira, Miguel Ángel: Si.

(Pausa.)

**O señor PRESIDENTE:** Falta moita xente por votar.

Expliquei que os membros do Goberno en funcións e os da Mesa votan de últimos. Aí intercaláronse na votación membros do Goberno. Ao mellor procede volver empezar. Vamos facer as cousas ben. (Pausa.)

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos cos que faltan.

**A señora SECRETARIA (Porro Martínez):**

Murillo Solís, María Guadalupe: Si.  
Nóvoa Iglesias, Marta: Si.  
Ojea Arias, Eduardo: Non.  
Otero Lago, Noelia: Non.  
Otero Rodríguez, Patricia: Non.  
Pardo López, Adrián: Si.  
Pazos Couñago, José Alberto: Si.  
Pérez Fernández, Rosana: Non.  
Pérez López, Daniel: Non.  
Pérez López, Noelia: Si.  
Pomar Tojo, Carmen María: Si.  
Pontón Mondelo, Ana: Non.



Prado del Río, Paula: Si.  
Prado Patiño, Jesús Miguel: Si.  
Presas Bergantiños, Noa: Non.  
Puy Fraga, Pedro. (*Ausente.*)  
Queixas Zas, Mercedes: Non.  
Rey Varela, José Manuel: Si.  
Ríos Santomé, Paulo: Non.  
Rivas Cruz, Xosé Luís: Non.  
Rodeiro Tato, Ovidio: Si.  
Rodil Fernández, Olalla: Non.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Votaron todas as deputadas e deputados? ¿Falta alguén por votar? (*Afirmación.*) (*Pausa.*)

Creo que falta un voto, creo que falta o da señora... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)  
¿Non? ¡Perfecto! Pois, entón, se votamos todos, perfecto.

Entón, efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos emitidos, 74; votos a favor, 41; votos en contra, 33.

Acadada a maioría absoluta, proclamo presidente da Xunta de Galicia a don Alfonso Rueda Valenzuela. (*Prolongados aplausos.*)


A elección comunicárase á Súa Maxestade El-Rey conforme o disposto no artigo 18 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Levántase a sesión.

Moitas grazas.

*Remata a sesión ás tres e trece minutos da tarde.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-na041pw0E-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

